## PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13

## SESION ORDINARIA DO 30 DE XULLO DE 2007

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta
Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos
Veloso Ríos, Iolanda

NON ASISTEN:

Guerra Fernández, Javier Jorge
Molares Pérez, Lucía Emilia

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos minutos do día trinta de xullo do ano dous mil sete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Rodríguez Díaz, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Porro Martínez, Rivas González e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez. Están tamén presentes as membros da

Xunta de Goberno Local Sras. Silva Rego e Maure Noia e máis o Interventor Xeral accidental, don Benjamín Suárez Sánchez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

A PRESIDENCIA: Iniciamos a sesión ordinaria do Pleno do Concello núm. 13 convocado con data 26 de xullo e cuxa orde do día obra en poder das señoras e señores concelleiros. Iniciámola en sesión pública e polo tanto ordenamos a apertura das portas a efectos da afluencia dos cidadáns.

1.- (58).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN CONSTITUTIVA 16.06.07)

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez).

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta da sesión constitutiva do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 16 de xuño de 2007.

2.- (59).- DAR CONTA DA ACTA DA SESIÓN CONXUNTA DE DATA 17.07.07 POLA QUE SE CONSTITUÍRON AS COMISIÓNS DO PLENO E PROPONSE Á ALCALDÍA O NOMEAMENTO DOS SEUS PRESIDENTES EFECTIVOS.

ANTECEDENTES.- O día 17 de xullo de 2007, reuníronse en sesión conxunta as comisión do Pleno a efectos da súa constitución, levantándose a seguinte acta:

“No salón da Xunta de Goberno Local, sendo as 9.20 horas do día 17 de xullo de 2007, previa convocatoria e en sesión conxunta, reúnense coa asistencia do Secretario Xeral do Pleno os Sres. concelleiros/as adscritos polos voceiros/as dos grupos políticos municipais ó obxecto de constituír as Comisións do Pleno acordadas por este órgano en sesión do día de hoxe e propoñer ó Alcalde e presidente nato, trala elección que se efectúe no seu seo, o presidente efectivo de cada unha delas.

1.- COMISIÓN DE XESTIÓN MUNICIPAL. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ós Delegados/as das Áreas de Xestión Municipal; Economía e Facenda e Educación. INTEGRANTES

| GRUPO POL | TITULARES | SUPLENTES |
|---|---|---|
| PP | D. José Manuel Figueroa Vila | D. Antonio Coello Bufill |
| PP | D. Antonio Martiño Gómez | D. Javier González Sagarra |
| PP | D. Javier Guerra Fernández | D. Carlos Comesaña Abalde |
| PP | Dª Marta Iglesias Bueno | D. Miguel Fidalgo Iglesias |
| PP | Dª Mª Elvira Larriba Leira | Dª Mª Ángeles García Míguez |
| | | |
| PSOE | D. Carlos López Font | D. Angel Rivas González |
| PSOE | Dª Raquel Díaz Vázquez | D. Isaura Abelairas Rodríguez |
| PSOE | Dª Laura López Atrio | D. Xulio Calviño Rodríguez |
| PSOE | D. Santos Hector Rodríguez Díaz | Dª Mª Jesús Lago Rey |
| | | |
| BNG | D. Xabier Alonso Pérez | Dª María Xosé Méndez Piñeiro |
| BNG | Dª Iolanda Veloso Rios | D. Xesús López Carreira |

Os membros da Comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a Presidencia efectiva da Comisión sexa delegada no Concelleiro, D. JOSE MANUEL FIGUEROA VILA.

2.- COMISIÓN DE SERVIZOS XERAIS. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas á Delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras. INTEGRANTES.

| GRUPO POL | TITULARES | SUPLENTES |
|---|---|---|
| PP | D. José Manuel Figueroa Vila | D. Antonio Martiño Gómez |
| PP | D. Carlos Comesaña Abalde | D. Javier González Sagarra |
| PP | Dª Lucia Molares Pérez | Dª Marta Iglesias Bueno |
| PP | Dª Mª Ángeles García Míguez | D. Jorge Conde Gil |
| PP | D. Antonio Coello Bufill | D. Javier Guerra Fernández |
| | | |
| PSOE | Dª Isaura Abelairas Rodríguez | D. Xulio Calviño Rodríguez |
| PSOE | D. Angel Rivas González | D. Carlos López Font |
| PSOE | D. Santos Hector Rodríguez Díaz | Dª Mª Jesús Lago Rey |
| PSOE | Dª Raquel Díaz Vázquez | Dª Laura López Atrio |
| | | |
| BNG | Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro | D. Xesús López Carreira |
| BNG | D. Xabier Alonso Pérez | Dª Iolanda Veloso Ríos |

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada na concelleira, Dª ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ.

3.- COMISIÓN DE EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ós delegados/as de Promoción Económica, Emprego, Participación Cidadá e Distritos. INTEGRANTES.

| GRUPO POL | TITULARES | SUPLENTES |
|---|---|---|
| PP | D. José Manuel Figueroa Vila | D. Antonio Martiño Gómez |
| PP | D. Carlos Comesaña Abalde | D. Jorge Conde Gil |
| PP | Dª Marta Iglesias Bueno | Dª Mª Ángeles García Míguez |
| PP | Dª Lucia Molares Pérez | D. Javier González Sagarra |
| PP | D. Miguel Fidalgo Iglesias | D. Javier Guerra Fernández |
| | | |
| PSOE | D. Santos Hector Rodríguez Díaz | D. Carlos López Font |
| PSOE | D. Angel Rivas González | D. Xulio Calviño Rodríguez |
| PSOE | Dª Isaura Abelairas Rodríguez | Dª Laura López Atrio |
| PSOE | Dª Mª Jesús Lago Rey | Dª Raquel Díaz Vázquez |
| | | |
| BNG | D. Xabier Alonso Pérez | Dª María Xosé Méndez Piñeiro |
| BNG | Dª Iolanda Veloso Rios | D. Xesús López Carreira |

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada no concelleiro, D. SANTOS HECTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.

4.- COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas á delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo. INTEGRANTES.

| GRUPO POL | TITULARES | SUPLENTES |
|---|---|---|
| PP | D. José Manuel Figueroa Vila | Dª Lucia Molares Pérez |
| PP | D. Javier González Sagarra | D. Antonio Martiño Gómez |
| PP | Dª Mª Ángeles García Míguez | D. Carlos Comesaña Abalde |
| PP | Dª Mª Elvira Larriba Leira | D. Antonio Coello Bufill |
| PP | D. Jorge Conde Gil | D. Miguel Fidalgo Iglesias |
| | | |
| PSOE | Dª Mª Jesús Lago Rey | D. Santos Hector Rodríguez Díaz |
| PSOE | Dª Isaura Abelairas Rodríguez | D. Angel Rivas González |
| PSOE | D. Xulio Calviño Rodríguez | D. Carlos López Font |
| PSOE | Dª Laura López Atrio | Dª Raquel Díaz Vázquez |
| | | |
| BNG | Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro | Dª Iolanda Veloso Ríos |
| BNG | D. Xesús López Carreira | D. Xabier Alonso Pérez |

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada na concelleira, Dª Mª XESÚS LAGO REY.

5.- COMISIÓN DE MOBILIDADE. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ó delegado da Área Mobilidade, Transporte e Seguridade. INTEGRANTES.

| GRUPO POL | TITULARES | SUPLENTES |
|---|---|---|
| PP | D. José Manuel Figueroa Vila | D. Antonio Martiño Gómez |
| PP | D. Antonio Coello Bufill | D. Javier González Sagarra |
| PP | Dª Lucia Molares Pérez | D. Miguel Fidalgo Iglesias |
| PP | Dª Mª Elvira Larriba Leira | Dª Marta Iglesias Bueno |
| PP | D. Carlos Comesaña Abalde | D. Javier Guerra Fernández |
| | | |
| PSOE | D. Xulio Calviño Rodríguez | D. Angel Rivas González |
| PSOE | Dª Isaura Abelairas Rodríguez | D. Santos Hector Rodríguez Díaz |
| PSOE | D. Carlos López Font | Dª Mª Jesús Lago Rey |
| PSOE | Dª Raquel Díaz Vázquez | Dª Laura López Atrio |
| | | |
| BNG | D. Xesús López Carreira | D. Xabier Alonso Pérez |
| BNG | D. Mª Xosé Méndez Piñeiro | Dª Iolanda Veloso Ríos |

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada no concelleiro, D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ.

6.- COMISIÓN DE CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ós delegados das Áreas de Cultura e Animación Sociocultural; Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos e Patrimonio Histórico. INTEGRANTES.

| GRUPO POL | TITULARES | SUPLENTES |
|---|---|---|
| PP | D. José Manuel Figueroa Vila | Dª Marta Iglesias Bueno |
| PP | Dª Mª Elvira Larriba Leira | D. Antonio Martiño Gómez |
| PP | D. Miguel Fidalgo Iglesias | D. Antonio Coello Bufill |
| PP | Dª Lucia Molares Pérez | Dª Mª Ángeles García Míguez |
| PP | D. Jorge Conde Gil | D. Javier Guerra Fernández |
| | | |
| PSOE | Dª Laura López Atrio | Dª Raquel Díaz Vázquez |
| PSOE | D. Xulio Calviño Rodríguez | Dª Isaura Abelairas Rodríguez |
| PSOE | D. Angel Rivas González | Dª Mª Jesús Lago Rey |
| PSOE | D. Carlos López Font | D. Santos Hector Rodríguez Díaz |
| | | |
| BNG | D. Xesús López Carreira | Dª Iolanda Veloso Ríos |
| BNG | D. Xabier Alonso Pérez | Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro |

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada no concelleiro, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA.

7.- COMISIÓN DE ASUNTOS SOCIAIS. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ós delegados/as das Áreas de Benestar Social e Deportes, Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística. INTEGRANTES.

| GRUPO POL | TITULARES | SUPLENTES |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| PP | D. José Manuel Figueroa Vila | Dª Mª Elvira Larriba Leira |
| PP | Dª Marta Iglesias Bueno | D. Carlos Comesaña Abalde |
| PP | Dª Mª Ángeles García Míguez | D. Jorge Conde Gil |
| PP | Dª Lucia Molares Pérez | D. Javier González Sagarra |
| PP | D. Antonio Martiño Gómez | D. Miguel Fidalgo Iglesias |
| | | |
| PSOE | D. Santos Hector Rodríguez Díaz | Dª Isaura Abelairas Rodríguez |
| PSOE | Dª Mª Jesús Lago Rey | D. Xulio Calviño Rodríguez |
| PSOE | Dª Laura López Atrio | D. Carlos López Font |
| PSOE | D. Angel Rivas González | Dª Raquel Díaz Vázquez |
| | | |
| BNG | Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro | D. Xabier Alonso Pérez |
| BNG | Dª Iolanda Veloso Rios | D. Xesús López Carreira |

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada na concelleira, Dª Mª XOSÉ MENDEZ PIÑEIRO.

As distintas comisións na primeira reunión que realicen deberán propoñer ó Alcalde o nomeamento dun vicepresidente que substituirá ó presidente efectivo nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

E non sendo outros os asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 9.30 horas de todo o cal como secretario dou fe."

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

3.- (60).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE DATA 11.07.07 POLA QUE SE DELEGAN DETERMINADAS ATRIBUCIÓNS NA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 11 de xullo de 2007, o Alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou a seguinte resolución:

"De conformidade co disposto nos arts. 124.4 e 124.5 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, arts. 43 e ss RD 2568/1986, do 28 de novembro, aprobatorio do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, así como na resolución desta Alcaldía-Presidencia do 5 de xullo de 2007 de delimitación das áreas executivas do Concello e delegación de competencias,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na directora da área de Urbanismo e Vivenda, membro da Xunta de Goberno Local, Dª Carmen Silva Rego, o exercicio das seguintes competencias:

- Outorgar cantos documentos públicos sexan necesarios para actuacións da Xerencia, en representación da Administración municipal, coa asistencia do secretario da Xerencia ou do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local no seu caso.

- Exercer as funcións legalmente atribuídas ao Alcalde-Presidente da Xerencia para a incoación, instrución e resolución de procedementos administrativos na Xerencia Municipal de Urbanismo, así como para a adopción das medidas cautelares que procedan nos mesmos.

- Exercer as funcións atribuídas ao Alcalde/Presidente pola lexislación xeral en materia de expropiación forzosa.

- Ordenar a publicación, execución e cumprimento dos acordos e resolucións de contido urbanístico.

- Emisión de informacións urbanísticas e actas de aliñacións e rasantes.

- A autorización e disposición de gastos nas materias da súa competencia vinculadas á Xerencia Municipal de Urbanismo.

- Exercer a dirección superior do persoal ao servizo da Xerencia Municipal de Urbanismo, xunto co xerente de Urbanismo.

- Resolver os recursos administrativos que se interpoñan contra as resolucións ditadas no exercicio destas delegacións, así como exercer sobre elas as facultades de revisión de oficio que lle competan ao Alcalde-Presidente.

Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire esta delegación.

Segundo.- Publíquese o contido íntegro deste decreto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen prexuízo de que entrará en vigor no mesmo día da súa emisión."

*Do anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

4.- (61).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 13.07.07 POLA QUE DELEGA A SÚA ATRIBUCIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NOS ÓRGANOS DE GOBERNO DE DIFERENTES FUNDACIÓNS.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 13 de xullo de 2007, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Na resolución desta Alcaldía de data 5 de xullo de 2007 os servizos corporativos do Concello de Vigo estruturábanse en distintas áreas executivas e/ou materiais é delegábanse en diversos concelleiros e membros da Xunta de Goberno Local determinadas atribucións; neste sentido creábanse, entre outras, as Áreas de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, así como a Área de Cultura e Animación Sociocultural.

O Concello de Vigo é membro fundador e patrón da “Fundación Instituto Feiral de Vigo”, da “Fundación Laxeiro”, da “Fundación Liste” e da “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo”, todas as fundacións citadas indican nos seus estatutos que o Alcalde de Vigo, nesa condición, ostenta a presidencia ou vicepresidencia do Padroado ou dalgún outro órgano de goberno dos entes citados.

A atribución de representación do Concello que corresponde ó Alcalde segundo o art. 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local é unha atribución de carácter delegable.

Co fin de establecer un paralelismo entre as Áreas antes citadas e o contido das fundacións mencionadas, de conformidade coa lexislación citada e co previsto no RD 2568/1986, do 28 de novembro,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar no concelleiro delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos a miña presidencia no Comité Executivo da Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI).

Segundo.- Delegar no concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural a miña presidencia no Padroado da Fundación Laxeiro.

Terceiro.- Delegar no concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural a miña vicepresidencia no Padroado da Fundación Liste.

Cuarto.- Delegar no concelleiro delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos a miña presidencia no Padroado da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI).

Quinto.- Esta Alcaldía resérvase, conforme ó establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avocar en calquera momento a delegación conferida.

Sexto.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión da delegación acordada e dos actos ditados en virtude da mesma, debendo ser informada da adopción de decisións de transcendencia.

Sétimo.- Notificar a presente resolución ós interesados e ós secretarios das Fundacións mencionadas.

Oitavo.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Noveno.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación, de conformidade co establecido no artigo 44.4 do RD 2568/1986 ós efectos de que queda informado da mesma."

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

5.- (62).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17.07.07 POLA QUE NOMEAN OS PRESIDENTES EFECTIVOS DAS COMISIÓNS DO PLENO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 17 de xullo de 2007, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

"Examinadas as propostas que no día de hoxe se formulan polas distintas Comisións do Pleno ó obxecto de que por esta Alcaldía se proceda a delegar a presidencia efectiva de cada unha delas nos concelleiros/as por elas propostas trala elección efectuada no seu seo, esta Alcaldía, en virtude do proposto no artigo 125.a) do RD 2568/1986, do 26 de novembro,

RESOLVE:

Primeiro.- Delegar a presidencia efectiva das Comisións do Pleno que se citan nos seguintes Concelleiros/as:

1.- COMISIÓN DE XESTIÓN MUNICIPAL, no concelleiro D. José Manuel Figueroa Vila.
2.- COMISIÓN DE SERVIZOS XERAIS, na concelleira Dª Isaura Abelairas Rodríguez.
3.- COMISIÓN DE EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, no concelleiro D. Santos Hector Rodríguez Díaz.
4.- COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE, na concelleira Dª Mª Jesús Lago Rey.
5.- COMISIÓN DE MOBILIDADE, no concelleiro D. Xulio Calviño Rodríguez.
6.- COMISIÓN DE CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO, no concelleiro D. Xesús López Carreira.
7.- COMISIÓN DE ASUNTOS SOCIAIS, na concelleira Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro.

Segundo.-A efectos de manter a proporcionalidade establecida nas distintas comisións, no suposto de que en calquera momento esta Alcaldía, como presidente nato das comisións, desempeñe a presidencia, absterase de votar o membro de menor idade dos do seu grupo político sempre que estiveran presentes todos eles.

Terceiro.- Sen prexuízo doutras atribucións, as comisións realizaran reunións ordinarias con carácter mensual sempre e cando existan asuntos de competencia plenaria que deban ditaminar ou informar. Tales reunións realizaranse pola orde indicada no apartado primeiro os penúltimos luns non festivos de cada mes, despois da conclusión da sesión da Xunta de Goberno Local.

Cuarto.- As distintas comisións na primeira reunión que realicen, propoñerán a esta Alcaldía o nomeamento dun vicepresidente que substituirá ó presidente efectivo nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Quinto.- Notificar esta resolución ós distintos interesados e ós secretarios delegados de cada comisión."

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

6.- (63).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17.07.07 POLA QUE SE NOMEAN OS SECRETARIOS DELEGADOS DAS COMISIÓNS DO PLENO.

ANTECEDENTES.- Por Decreto de data 17 de xullo de 2007, o secretario xeral do Pleno formula a seguinte proposta:

"De conformidade co sinalado no art. 13.2 do RD 1174/1987, do 18 de setembro, proponse á Alcaldía que nas Comisións do Pleno que se citan e por delegación desta secretaría xeral, as funcións que corresponden ó secretario das mesmas sexa desempeñada polos seguintes funcionarios municipais.

- COMISIÓN DE XESTIÓN MUNICIPAL, D. Miguel Pola Tombo.
- COMISIÓN DE SERVIZOS XERAIS, D. José Rodríguez García.
- COMISIÓN DE EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, D. Ignacio Ojea Pérez.
- COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE, Dª Rosana Garcinuño Barreiro.
- COMISIÓN DE MOBILIDADE, Dª Mª del Carmen Pintado García.
- COMISIÓN DE CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO, D. Ignacio Oliveira López.
- COMISIÓN DE ASUNTOS SOCIAIS, Dª María Sierra Abrain.

Os secretarios delegados custodiarán dende o momento da convocatoria a documentación íntegra dos expedientes incluídos na orde do dia da reunión e terana a disposición dos membros da comisión que a desexen examinar. Así mesmo levantarán acta das reunións someténdoa á aprobación ó comezo da reunión seguinte.

Os certificados dos informes e ditames transcribirán integramente o informe-proposta que, emitido polo xefe da dependencia correspondente, conste no expediente sen prexuízo das emendas ó mesmo acordadas no seo da comisión. O expediente completo co certificado indicado remitirase á dependencia da Secretaría Xeral do Pleno (xefatura de Negociado de Actas) ó día seguinte á realización da reunión**.**"

Na mesma data do 17 de xullo a Alcaldía resolveu de conformidade coa anterior proposta.

*Do anterior, a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

7.- (64).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 20.07.07 NOMEANDO OS CARGOS CORPORATIVOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 20 de xullo de 2007, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

"O Concello Pleno, na súa sesión de data 17.07.2007, ó abeiro do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como ó réxime de dedicación destes últimos.

O art. 75.5 da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da Corporación determinar os concelleiros/as e membros da Xunta de Goberno Local que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

En virtude dos antecedentes expostos, e sen prexuízo de posteriores resolucións en similar senso, resolvo:

<u>Primeiro</u>.- Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes membros da Corporación ou da Xunta de Goberno Local:

| | | |
|---|---|---|
| Alcalde | D. Abel Caballero Álvarez | 75.000.00 € |
| Tenente de Alcalde: | D. Santiago Domínguez Olveira, | 67.559,75 € |
| Concelleira do GPM SOC | Dª Isaura Abelairas Rodríguez | 64.559,75 € |
| Concelleiro do GPM SOC | D. Santos Héctor Rodríguez Díaz | 64.559,75 € |
| Membro da XG Local | Dª Carmen Silva Rego | 64.559,75 € |
| Concelleira do GPM do BNG | Dª María Méndez Piñeiro, | 64.559,75 € |
| Concelleiro do GPM do BNG | D. Xesús López Carreira, | 64.559,75 € |
| Membro da XG Local | Dª Elena Maure Noia, | 64.559,75 € |

| | | |
|---|---|---|
| Concelleira do GPM do PP | Dª Corina Porro Martínez, | 64.559,75 € |
| Concelleira do GPM do PP | Dª Lucía Molares Pérez, | 64.559,75 € |

Segundo.- Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha dedicación de dezanove horas os seguintes membros da Corporación:

| | | |
|---|---|---|
| Concelleiro do GPM SOC. | D. Carlos López Font | 32.279,88 € |
| Concelleira do GPM SOC. | Dª Mª Jesús Lago Rey | 32.279,88 € |
| Concelleira do GPM do BNG | Dª Iolanda Veloso Ríos | 32.279,88 € |
| Concelleiro do GPM do BNG | D. Fco. Xabier Alonso Pérez | 32.279,88 € |

Terceiro.- Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha dedicación semanal de nove horas os seguintes membros da Corporación:

| | | |
|---|---|---|
| Concelleiro do GPM do PP | D. José Manuel Figueroa Vila | 15.695,28 € |
| Concelleiro do GPM do PP | D. Javier Guerra Fernández | 15.695,28 € |
| Concelleiro do GPM do PP | D. Jorge Conde Gil | 15.695,28 € |
| Concelleiro do GPM do PP | D. Antonio Coello Bufill | 15.695,28 € |
| Concelleira do GPM do PP | Dª Marta Iglesias Bueno | 15.695,28 € |
| Concelleiro do GPM do PP | D. Miguel Fidalgo Iglesias | 15.695,28 € |
| Concelleira do GPM do PP | Dª Mª Ángeles García Míguez | 15.695,28 € |
| Concelleiro do GPM do PP | D. Javier González Sagarra | 15.695,28 € |

Cuarto.- As retribucións especificadas para cada cargo aboaranse en catorce pagas agás as dos concelleiros/as con dedicación parcial que se aboarán en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Quinto.- As retribucións terán efectos retroactivos á data da toma de posesión do cargo de concelleiro/a ou membro da Xunta de Goberno Local, agás as dos concelleiros D. Xesús López Carreira, que terá efectos dende o día 1 de xullo, D. Carlos López Font, que terá efectos dende o día 1 de setembro e a de D. Santos Hector Rodríguez Díaz que terá efectos dende o 24 de xullo.

Sexto.- As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades. Todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Sétimo.- Os concelleiros/as ou membros da Xunta de Goberno Local que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos organismos autónomos municipais, sen prexuízo das indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do seu cargo e por asistencia ós tribunais de probas para selección de persoal.

Oitavo.- Constando no Rexistro de Intereses que determinados corporativos en réxime de dedicación parcial prestan os seus servizos noutras administracións

públicas, a presente resolución, en cumprimento do sinalado no art. 5.2 da Lei 53/1984, comunicarase, neses casos, ós órganos ou unidades en onde desempeñen os seus postos de traballo ó obxecto de establecer os límites retributivos que indica o art. 7 da anterior norma citada en concordancia co art. 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Noveno.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social a todos os corporativos mencionados asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan.

Décimo.- Notificar a presente resolución a todos os interesados/as advertindo que os que desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva deberán, no prazo dos tres días seguintes á notificación, dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifeste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Undécimo.- Notificar a presente resolución á Unidade de persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Duodécimo.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de Editos do concello.

*Do anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

8.- (65).- DAR CONTA DOS ESCRITOS DOS CARGOS CORPORATIVOS ACEPTANDO O SEU NOMEAMENTO PARA O DESEMPEÑO DAS SÚAS FUNCIÓNS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do estipulado no apartado décimo da resolución da Alcaldía de data 20 de xullo de 2007, pola que se nomearon os cargos corporativos con dedicación exclusiva e parcial, dáse conta dos escritos remitidos polos seguintes concelleiros aceptando a dedicación exclusiva:

| | |
|---|---|
| Alcalde | D. Abel Caballero Álvarez |
| Tenente de Alcalde: | D. Santiago Domínguez Olveira |
| Concelleira do GPM SOC | Dª Isaura Abelairas Rodríguez |
| Concelleiro do GPM SOC | D. Santos Héctor. Rodríguez Díaz |
| Membro da XG Local | Dª Carmen Silva Rego |
| Concelleira do GPM do BNG | Dª María Méndez Piñeiro |
| Concelleiro do GPM do BNG | D. Xesús López Carreira |
| Membro da XG Local | Dª Elena Maure Noia |

Concelleira do GPM do PP Dª Corina Porro Martínez
Concelleira do GPM do PP Dª Lucía Molares Pérez

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

9.- (66).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DATA 24.07.07 REFERENTE Á DESIGNACIÓN DE MEMBROS SUPLENTES NO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 24 de xullo de 2007, o Alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo formula a seguinte proposta:

"O Pleno do Concello en sesión do día 17 de xullo de 2007, acordou aprobar a proposta da Alcaldía sobre nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados dos organismos autónomos municipais entre os que se atopa a Xerencia Municipal de Urbanismo. No día 23 de xullo de 2007 constituíuse o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo. Procede agora designar os correspondentes suplentes dos membros do Consello.

En virtude do exposto e trala consulta aos distintos grupos políticos municipais, proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Nomear como suplentes dos membros do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, aos seguintes concelleiros:

Grupo Municipal do Partido Popular:
- D. Jorge Conde Gil.
- D. Javier González Sagarra.
- Dª María Elvira Larriba Leira.

Grupo Municipal do Partido Socialista, PSdeG-PSOE:
- Dª Isaura Abelairas Rodríguez.
- Dª Raquel Díaz Vázquez.
- Dª Laura López Atrio.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego:
- D. Xabier Alonso Pérez.
- D. Xesús López Carreira.
- Dª Iolanda Veloso Díaz.

Segundo.- Notifíqueselle este acordo aos devanditos concelleiros."

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 24 de xullo de 2007, relativa á designación de membros suplentes do Consello da devandita Xerencia co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (67).- DAR CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16.07.07 POLA QUE SE DELEGAN DETERMINADAS ATRIBUCIÓNS EN CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA E NOUTROS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 16 de xullo de 2007, adoptou o seguinte acordo:

“3.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN NOS CONCELLEIROS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO.

Con data 11 de xullo de 1007 a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

A Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que introduce un novo Título X na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe determinadas funcións á Xunta de Goberno Local que, a xuízo desta Alcaldía, procede, co fin de axilizar expedientes e procedementos, delegar nos concelleiros de Áreas e nos demais Delegados.

Por este motivo esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno a delegación nos concelleiros de Áreas e nos demais delegados das seguintes competencias e funcións:

<u>Primeiro</u>.- NA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO

- Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a licenzas, disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de

ruína e ordes de execución. Resolución dos recursos administrativos interpostos contra ditos actos e revisión de oficio dos mesmos.

- As contratacións con cargo ó orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo que teñan a condición de “contratos menores”, de conformidade coa lexislación aplicable de contratación das Administracións Públicas.

- O desenvolvemento da xestión económica derivada da execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en especial:

a) Incoar os expedientes de modificación de créditos que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello.
b) Aprobar as transferencias de crédito, agás que se realicen entre distintos grupos de función do orzamento e coas limitacións previstas no artigo 41 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.
c) Aprobar os expedientes de xeración de créditos.
d) Aprobación da incorporación de remanentes de créditos.
e) Autorización e disposición de gastos de persoal relativos ó complemento de produtividade, gratificacións e indemnizacións por razón de servizos, que estiveran comprendidos globalmente no orzamento.
f) Autorizar anticipos de caixa fixa e gastos a xustificar, e aprobar as contas xustificativas dos mesmos.
g) Aprobar a devolución de ingresos indebidos.
h) Cancelar fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
i) Aprobar as liquidacións individuais de taxas por prestación de servizos, prezos e demais ingresos públicos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como as anulacións das mesmas.
j) Dispoñer, previo o cumprimento dos requisitos legais esixibles, o fraccionamento ou aprazamento dos ingresos urbanísticos.
k) Aprobar os gastos de representación e protocolo realizados polo Xerente.

En relación coa xestión económica e en ausencia do Xerente do Organismo Autónomo:

a) Autorizar e dispoñer todos os gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles cun importe non superior os 12.020,24 euros, cando non lle corresponda expresamente a outro órgano municipal.
b) Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de todos os gastos.
c) A ordenación de pagos.

- A xestión do persoal, co Xerente de Urbanismo, agás as competencias reservadas legalmente ó Pleno da Corporación e as de carácter indelegable, de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei de Bases de Réxime Local.

- Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.

REVOGACIÓN DE COMPETENCIAS.

Revogar as competencias delegadas no acordo da Xunta de Goberno, de data 12 de xaneiro de 2004, nos órganos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Segundo.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

a) En materia de desenvolvemento local:

Será atribución desta concellería a contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

Terceiro.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE SERVIZOS XERAIS.

a) En materia de Vías e Obras

Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.

b) En materia de parques e xardíns

1.- Efectuar a supervisión e o seguimento do contrato administrativo de servizos que ten por obxecto o mantemento e conservación dos parques e xardíns municipais ditando ó efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ó órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.

Cuarto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL.

a) En materia de persoal.

1.- Desempeñar a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, agás a do corpo de Policía Municipal.

2.- Conceder os permisos e licencias de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último supostos á Xunta de Goberno Local.

3.- Recoñecemento do grao persoal e trienios dando conta disto, no primeiro suposto, á Xunta de Goberno Local.

b) En materia de patrimonio e contratación

1.- Resolución de expedientes de autorizacións de ocupación temporal do dominio público para as instalacións de circos e demais instalación eventuais, portátiles ou desmontables e en xeral das pequenas diversións que se dean ó público como feiras e verbenas, ou barracas provisionais ou ó aire libre, carruseis e similares

previa emisión, no seu caso, de informe do facultativo idóneo sobre as condicións de seguridade.

2.- Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

Quinto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE E TRANSPORTES.

a) En materia de tráfico e transporte.

1.- Conceder as autorizacións para a ocupación temporal da vía pública e de entrada de vehículos polo dominio público agás as que poidan corresponder ó Servizo de Patrimonio.

2.- Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.

3.- Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto nas ordenanzas as seguintes medidas:

a) Reserva de estacionamento e paradas
b) Reservas especiais para minusválidos
c) Permisos de sinalización para pasos de carruaxes

4.- Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia de auto-taxis, sen prexuízo do que dispoñan ou poidan dispoñer as leis sectoriais na materia.

Sexto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DE INDUSTRIA, COMERCIO, TURISMO E CASCOS HISTÓRICOS.

1.- A dirección da xestión da oficina de Rehabilitación de Cascos Históricos.

2.- Previo informe do planeamento, a xestión, a disciplina urbanística e a concesión de licenzas urbanísticas relativas aos Cascos Históricos.

3.- A participación na redacción e tramitación dos instrumentos de planeamento urbanísticos e instrumentos de xestión do planeamento que incidan nos barrios históricos da cidade de Vigo, emitindo informe previo nos procedementos, así como na actividade urbanística. Aos efectos do informe previo, o persoal da oficina de Barrios Históricos prestará a colaboración necesaria ao concelleiro delegado de Cascos Históricos.

Sétimo.- NA DELEGADA DA ÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

En relación ao Plan do Ensanche existirá a coordinación necesaria entre a delegada de Urbanismo e a delegada de Patrimonio Histórico.

Oitavo.- Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do día 5 de xullo de 2007, exercerán por delegación desta Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1.- Impoñer as sancións previstas na lexislación vixente cando se incumpran as normas xurídicas referentes a unha área, respectando as competencias que neste particular teña delegada a Xunta de Goberno Local, adoptando, no seu caso, as medidas de carácter provisional precisas.

2.- Tramitación e resolución dos expedientes de contratos menores nos termos previstos na lexislación vixente e nos termos previstos nas bases de execución do orzamento.

3.- Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministracións, servizos ou asistencias técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área.

4.- Acordar a organización funcional das áreas incluíndo a redistribución de efectivos do persoal adscrito ós postos non singularizados da mesma seguindo criterios de eficacia e dando conta inmediata diso ó concelleiro delegado da Área de Persoal a través desta unidade.

5.- Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere tres días alternos ou consecutivos, dando conta inmediata disto ó concelleiro da Área de Persoal a través desta Unidade.

6.- Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a dous días dando conta inmediata disto ó concelleiro delegado da área de Persoal.

7.- Propoñer o cadro de vacacións anuais do persoal da área e remitilo dentro dos prazos fixados á Unidade de Persoal para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

8.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a realización de dilixencias informativas reservadas previas á incoación dos expedientes disciplinarios nos que se poida atopar incuso o persoal adscrito á súa Área.

Noveno.- As facultades que poderán exercer os concelleiros delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ó órgano delegante reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme ó establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Décimo.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas por este órgano delegante.

Undécimo.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo ós recursos de reposición que poidan interpoñerse contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

Duodécimo.-Esta Xunta de Goberno Local deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.

Décimo terceiro.- Notificar a presente resolución a todos os concelleiros afectados.

Décimo cuarto.- Comunicar a presente resolución ós xefes dos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

Décimo quinto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Décimo sexto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede informado da mesma."

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a anterior proposta da Alcaldía-Presidencia."

*Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

11.- (68).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2006.

ANTECEDENTES.- A Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria do día 11 de xuño de 2007, por maioría, ditaminou o seguinte:

"Unha vez formada a Conta Xeral, correspondente ó orzamento do ano 2006, rendida pola Sra. Alcaldesa-Presidenta e ó obxecto de dar cumprimento ós requisitos do artigo 212 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como as recomendacións do Sr. Interventor Xeral, a Comisión Especial de Contas ditamina favorablemente, segundo a proposta remitida:

a) Ratificar a proposta da Concellería de Economía e Facenda relativa ás dotacións porcentuais para saldos de dubidoso cobramento que figuran como documento anexo.

b) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, ou saldo debedor ou acredor en cada caso dá conta 129 (Resultados do exercicio 2005), correspondente á Entidade Local, ou Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente á conta 120 (Resultados de exercicios anteriores).

c) Ditaminar inicialmente a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo correspondente ó ano 2006, integrada por:

- A dá propia Entidade.
- OA Parque dás Ciencias Vigo-Zoo.
- OA Escola de Artes e Oficios.
- OA Instituto Municipal dos Deportes.
- OA Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes documentos:
- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Estado de orixe e aplicación de fondos.
- Liquidación dos orzamentos.
- Memoria co desglose que establece a instrución de contabilidade modelo normal.

d) Unha vez ditaminada, someter a mesma ós requisitos de publicidade e demais trámites que esixe o art. 212.3 e 4 do TRLRFL e á Lei galega.

De non se presentar reclamación ningunha perante ou período de exposición, polo secretario dá Comisión, previa certificación que acredite o anterior, remitirase á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación e posterior remisión ó Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro. De se ter recibido reclamacións durante o prazo establecido, informaranse e a Comisión Especial de Contas formulará proposta ó Pleno da Corporación."

Durante o prazo sinalado no edito do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 120, de data 21.06.07, non se presentou no Rexistro Xeral deste concello reclamación ningunha.
Con data 20 de xullo o interventor xeral remite á Secretaría Xeral o expediente da Conta Xeral para a súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Preséntase o estado de contas de xeito oficial xa que o que sae nos xornais non é oficial. Fálase dunha serie de datos, achéganse datos e

feitos e atribúense as cousas positivas ó resultado da boa xestión municipal e as negativas a que non a ten.
Por exemplo, fálase de que este ano aumentaron os ingresos pero resulta que non se di en ningún momento que os principais aumentos deste ano do Concello son debidos ás achegas por parte do fondo comunitario do Estado, polo tanto non ten xustificación como unha boa xestión municipal, é cousa do Estado que non do Concello.
Con respecto ó endebedamento dise que este diminúe. Por suposto é certo, pero o que non se di é que a causa é que precisamente foi o Pleno da anterior Corporación quen prohibiu ó seu Goberno endebedarse porque vostedes formularon propostas de endebedamento nas súas últimas propostas de orzamento e polo tanto o endebedamento diminúe obrigatoriamente porque se amortiza e non se contraen máis hipotecas cas que existen.
Con respecto ós fondos líquidos de tesourería apuntaron a que si existen líquidos por 70 millóns de euros. É certo, pero non apuntan que existen obrigas pendentes de pagamento de 44 millóns de euros ou pagamentos que se derivarían dos remanentes por 39 millóns de euros.
Paso a falar do que, se cadra, é o feito máis grave. Falan insistentemente de que existe un remanente de tesourería de 48 millóns de euros. É certo que o 31 de decembro existían 47,9 millóns de euros, pero o que non din é que cando deixan o goberno o estado do remanente é cero.
De xeito oficial ata abril deste ano consumíronse máis de 28 millóns de euros en diferentes modificacións orzamentarias que teñen a sinatura da señora Porro. Á parte deixáronnos débedas, insuficiencias en contratos, indemnizacións, compromisos sen sinatura... Polo tanto o resultado do remanente e cero. A isto hai que lle engadir que o estado de orzamento que nos deixan tamén é practicamente cero.
Deixar claro que unha cousa é o que aconteceu ata o 31 de decembro, que si é certo que había 40 millóns de euros, e outra cousa é o que ocorre nestes momentos: estado de remanentes cero, estado de orzamentos cero.

SR. FIGUEROA VILA: O que acaba de dicir a concelleira responsable de Facenda paréceme unha das intervencións máis asombrosas que escoitei nun Pleno da

Corporación de Vigo. Realmente é sorprendente que alguén poida dicir que houbo unha orde de que non se podía endebedar este Concello. Non, a culpa a tiveron vostedes por votar sistematicamente en contra dos orzamentos municipais.
En primeiro lugar gustaríame desculpar ó Sr. Guerra que quería estar aquí porque foi o responsable da facenda municipal durante os últimos tres anos, pero por cuestións profesionais está fóra do país e élle totalmente imposible asistir a este Pleno.
A situación económica de calquera institución, neste caso a do Concello de Vigo, faise en base a unha radiografía que se marca cada final de ano. Loxicamente para vostedes ten que ser duro logo das declaracións que fixeron nas últimas semanas, e logo explicarei o por que da estratexia das súas manifestacións. Cando un vai á Conta Xeral, que non a facemos nós senón que a asinan os técnicos e está totalmente conformada por eles, os resultados son espectaculares, vou dicir que son os resultados da mellor xestión económica da historia deste Concello. Seguramente algúns terán que desprestixiar esta situación pero o resultado orzamentario no ano 2006 é de 33 millóns de euros, o remanente de tesourería, gústelle ou non, é de 47.933.291 euros. Non o dicimos nós, ímonos a páxina 18 e dise claramente: "O remanente de tesourería para gastos xerais ascende a 47.933.291 euros. O aforro neto consolidado é de 24.800.000" e partiamos do ano 2003 con 16.134.000, pasando no ano 2005 a 20.372.000 e agora increméntase ata os 24.800.000 euros; un incremento no resultado orzamentario de 43,92% con respecto ó ano 2003, no remanente de tesourería do 68,11% con respecto ó ano 2003.
Do aforro neto dicía que é de 24.800.000 euros, cun incremento do 53,71% con respecto ó ano 2003. O superávit consolidado, que partiamos de 17 millóns, está nesta liquidación en 43.307.000 euros, o 147,71% de incremento con respecto ó ano 2003. Os ingresos líquidos de operacións correntes: partiamos de 164 millóns no ano 2003 e no ano 2006 estamos en 201 millóns, o 22,73%. A débeda viva ó final de exercicio e para que entendan os cidadáns: os vigueses debiamos 18.000 millóns de euros e a 31 de decembro de 2006 debemos 11.000 das antigas pesetas, é dicir, reduciuse a débeda en 7.000 millóns das antigas pesetas. Gústelles ou non esta é a realidade porque está conformada nesa liquidación.

A tesourería ó peche de exercicio no ano ano 2003 era de 41 millóns e cando o alcalde asinou o arqueo da caixa era de 76 millóns de euros, 83,73% máis; no saldo medio de tesourería partiamos de 18 millóns de euros e estamos en 44 millóns de euros, o 147,59%; e o coeficiente de endebedamento era do 66% e deixámolo no 33%. Pódolle asegurar que o Concello de Vigo é dos concellos de España que menos endebedamento ten, que menos débeda ten a día de hoxe porcentualmente.
Estes son datos reais que todos os medios de comunicación poden recoller e logo lles imos facilitar unha copia da Conta Xeral.
É normal que tenten facer este discurso porque isto está encadrado dentro dunha estratexia política marcada por vostedes. Saben que o Partido Popular tivo uns resultados excelentes de 66.000 persoas que o apoiaron e iso lévalles a unha primeira estratexia de nada máis chegar tentar crear un escenario de que todo o anterior foi desastroso, patético, lamentable e todo isto para dicir que hai un problema e que agora veñen os salvadores a buscar solucións.
Iso non é certo. O obxectivo que perseguen vostedes con todo isto é única e exclusivamente o desprestixio do noso partido. Nós baixo ningún concepto ímolo permitir porque se están utilizando métodos pouco elegantes en base á mentira, á calumnia e á difamación. Iso evidentemente está dentro da estratexia que vostedes están conformando de xerar esa montaxe e imos saír cara cada unha de todas as difamacións, mentiras e calumnias que vostedes tenten trasladar a través dos medios de comunicación á cidadanía.
Moléstame moito que hoxe non poida estar aquí o meu compañeiro, Sr. Guerra, porque se hai un membro deste goberno que é un profesional cualificado e magnífico xestor e así o demostrou durante tres anos e medio ó fronte desta facenda, pero tamén na súa vida privada cos éxitos que está acadando permanentemente, e molesta inda moito máis que vostedes tenten calumniar e difamar cando non está.
A verdade é a que resulta dos datos, todo pode ser opinable pero o que si está claro é que a débeda deste Concello cando nós chegamos era de 108.372.000 euros e a día de hoxe é de 66.493.000 euros. As ratios e todos os indicadores da liquidación do orzamento, absolutamente todos están totalmente mellorados.
Dende logo parécenos pouco ético que vostedes estean facendo isto; o que pasa é que detrás evidentemente hai unha cuestión puramente política, é o problema da

falla de xestión que nos primeiros meses do seu mandato vostedes estanlle trasladando á opinión pública e sobre todo a mentira e o engano permanente ós cidadáns. As primeiras declaracións do señor alcalde de Vigo foron: “Imos elaborar un orzamento municipal para o que resta de ano”. Isto foi en titulares, non o inventamos nós.

En xaneiro do ano 2007 presentámoslle a esta Corporación un orzamento para o ano 2007 onde o concelleiro de Facenda daquela, Sr. Guerra, xa dicía que era importante aprobar o orzamento do ano 2007 porque nos podiamos atopar a mediados de ano nunha situación de risco, unha situación complicada porque había que actualizar os contratos, as subas salariais e sobre todo había que actualizar unha serie de compromisos que se viñan mantendo porque, como todos vostedes saben, o orzamento que está agora en vigor é unha prórroga do orzamento do ano 2005 e isto implica que o único que se fai é prorrogar o Capítulo I, o II e o IV, non hai capítulo de investimentos e polo tanto é evidente que se no ano 2005 este Concello ten un gasto de persoal X, ese gasto é o mesmo no ano 2006 e tamén no ano 2007.

Pero os contratos non están actualizados, veñen do ano 2005 e por iso cando se presentou o orzamento que vostedes votaron en contra o 29 de xaneiro do ano 2007, onde se actualizaban todos os gastos e se poñía ó día a facenda municipal, vostedes argumentaron, como consta nas actas, que habería unhas eleccións no mes de maio e que o próximo goberno o primeiro que tiña que facer era un orzamento e polo tanto non era politicamente correcto presentar e aprobar outro. Esa foi a xustificación fundamental que vostedes deron para non aprobar ese orzamento.

Pois nese orzamento veñen todos os datos e pódese ver que nós non estamos enganando absolutamente a ninguén. É dicir, no Capítulo I de Persoal había un incremento importante das partidas de gasto corrente; en canto ás difamacións e as calumnias do Alcalde respecto a Vitrasa, a débeda con VITRASA está recollida neste documento ó igual que as actualizacións dos contratos, os canons de recollida de lixo, o baleirado de papeleiras, o contrato da retirada de vehículos, a conservación da rede semafórica, subvención de lanzadeiras, etc. Se vostedes len ese orzamento que nós presentamos verán que están recollidos e actualizados todos os contratos  porque o único que nos di a prórroga é que están en vigor os

contratos con datos do ano 2005, pero estaban actualizados neste documento de orzamentos.

*Sendo as nove horas e vintetrés minutos, prodúcese unha interrupción por parte dun grupo de veciños do barrio de Coruxo presentes no salón de Plenos que protestan polo funcionamento da depuradora do Lagares.*

A PRESIDENCIA: Xa fixeron a súa protesta, xa poden rematar? Deixen de golpear. Por segunda vez, xa fixeron a súa protesta. Suspéndese a sesión momentaneamente.

*As nove horas e trinta minutos a Presidencia tenta de reiniciar a sesión e dado que non é posible, interrompe a sesión ata as dez horas en que se continúa o Pleno.*

A PRESIDENCIA: Estaba no uso da palabra o Sr. Figueroa. Continúe.

SR. FIGUEROA VILA: A concelleira responsable de Facenda fixo unha afirmación que está recollida nas actas. Dixo que había cero euros de remanentes líquidos de tesourería.
Sra. concelleira, non a coñezo de nada pero eu creo que o importante é respectar porque nestes momentos, logo da información que nos acaba de chegar, digo que está mentindo a este Pleno; pero o importante non é que o faga vostede, o importante é que o señor alcalde méntelle á cidade e ó Pleno. Como se pode ter a desvergonza política, señor alcalde, de dicir que hai cero euros de remanentes líquidos de tesourería e acaban de facer por ocultismo, sen transparencia, unha Xunta de Goberno extraordinaria onde dan conta dunha modificación orzamentaria por un importe de 14.311.314 euros acordada pola Xunta de Goberno?
Supoño, Sr. Secretario, que isto será competencia de Pleno, sería absurdo que tentaran traer este expediente fóra da orde do día pero non sei que van facer. Señor alcalde, estalle mentindo á cidade. Voulle facer agora unha afirmación: é vostede un mentireiro e dóeme ter que llo dicir.

Primeiro mente creando un escenario que non é certo coa situación económica deste Concello. Segundo, fai unhas declaracións públicas dicindo que vai elaborar un orzamento e logo pola porta de atrás, con total ocultismo, sen transparencia de ningún tipo aproban nunha Xunta de Goberno, señores dos medios de comunicación e cidadáns, un expediente de modificación de crédito de 14.311.000 euros. Non sabemos o que traerá este expediente pero en calquera caso, traia o que traia, o que si está claro é que si hai remanentes líquidos de tesourería porque os ten que haber. Supoño que o señor interventor faría un informe con respecto a esta situación.

É lamentable e veremos o que acontece. Supoño que non se atreverán a traer este expediente fóra da orde do día sen o coñecer, polo menos o noso grupo político. Supoño que un expediente de tal calado, de tal magnitude, o mínimo é que o inclúan dentro da orde do día, que pase pola comisión informativa correspondente, pola Xunta de Voceiros e que os grupos políticos nos poidamos pronunciar.

O que está claro é que a Xunta de Goberno xa se realizou porque teñen a desvergoña do comunicar ó noso grupo político ás 9,26 da mañá, cando este grupo xa está no Pleno da Corporación. Isto é lamentable, si que empezan vostedes ben, con transparencia absoluta, enganando á cidade, tentando crear un escenario de desprestixio ó Partido Popular. Ó final será o que dicimos algúns: o tempo pon a cada quen no seu sitio e xa nos explicarán vostedes cómo acadaron estes 14.311.000 euros cando a súa concelleira acaba de dicir que hai cero euros de remanente líquido de tesourería.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que este é o meu primeiro Pleno e estou absolutamente perplexa co cinismo do voceiro do Partido Popular. Voulle demostrar agora mesmo a vostedes e a toda a cidadanía quen mente.

Con respecto ó resultado da tan boa xestión dos ingresos da que vostedes falan, na memoria, polo menos en 3, 4 ou 5 veces dise que o incremento débese ás subvencións e transferencias correntes do Estado por incremento da participación nos tributos; que non é xestión de seu, ven dado polo Estado. Na páxina 18 dise: "... a explicación obxectiva do incremento ven dada pola participación nos tributos do Estado". De novo: non é xestión de seu porque é o Estado quen decide canto lle deben dar e canto non.

Pero o máis grave é o do remanente de tesourería porque é certo que a 31 de decembro había case 50 millóns de remanente, iso é absolutamente certo; pero dende abril non hai 40 millóns de euros de remanente. Son quen de negar que existe un informe de Intervención, asinado polo interventor, que di que hai un expediente co número 38 no que se consumiron remanentes por 23 millóns de euros? Son quen de negar que existe outro de 20 de abril de 2007 por 5 millóns e medio de euros? Son quen de negar que detrás destes expedientes figura a sinatura da Sra. Porro, mesmo con máis valor, con desexo de consumir máis remanentes que os que aquí figuran? Son quen de negar isto? Non. Son quen de negar que existen débedas en distintas partidas, por exemplo en Vías e Obras, por máis de 3 millóns de euros? Facturas que non se poden pagar neste momento e que teremos que as enfrontar precisamente co pouco remanente que nos deixan. Por iso digo que non hai remanente.

Eu dixen que o remanente está todo consumido ou comprometido, non interpreten o que queren. O remanente está consumido e comprometido porque deixaron débedas sen pagar, deixaron indemnizacións pendentes por máis de 5 millóns de euros. Deixaron un déficit no remanente da Xerencia de Urbanismo de un millón de euros. Isto si que é unha auténtica calumnia, unha auténtica falsidade, dicir que non é certo o gasto que fixeron e apuntar que a día de hoxe hai 47 millóns de euros. Igual que a falsidade de hai un momento, da calumnia que lle apuntaron ó alcalde polo tema de Vitrasa dicindo que se apuntou uns déficits en Vitrasa por 5 millóns de euros é falso. Non é falso. Vostedes acaban de dicir que no orzamento que quixeron levar recoñecían a existencia dun déficit de Vitrasa e dotábano. Polo tanto o alcalde estaba dicindo a verdade, había un burato en Vitrasa e os servizos apuntan que ese burato a día de hoxe é de 5 millóns de euros. Esa é a verdade, deixaron un remanente consumido ou comprometido.

Non podemos facer nada novo, nin co orzamento, nin co remanente porque hai un consumido de xeito oficial e outro comprometido de xeito non oficial. Ese é o problema, hai 19 millóns oficialmente pero extraoficialmente non queda nada porque hai moitas débedas, moitos compromisos adquiridos por vostedes fóra do orzamento, non hai financiamento e hai que o financiar obrigatoriamente con ese remanente non oficial. Esa é a realidade e entón os que están calumniando claramente son vostedes.

Non poden negar nin un só dato dos que apunto, non poden negar que consumiron máis de 28 millóns de euros neste ano en remanentes, nin que hai débedas que en total suman máis de 4 millóns de euros, nin as indemnizacións de 6 millóns de euros, nin o remanente de tesourería, nin os deficientes en contratos. Se sumamos todo o remanente dá cero. Esa é a realidade.

SR. FIGUEROA VILA: Dende logo estamos sorprendidos porque se o remanente é cero, como traen vostedes hoxe unha modificación de crédito levándoa antes á Xunta de Goberno de 14.311.000 euros? Esa é a pregunta que nós facemos. Gustaríanos que nos contestasen se, como din vostedes, o remanente é cero, como levan 14.311.000 euros a unha modificación orzamentaria número. 110 que non coñecemos, só coñecemos un fax que acaba de chegar ó noso grupo ás 9,26 da mañá sen o expediente que o tivemos que buscar nós e que non o atopamos, só atopamos unha folla e de momento semella que non existe.

Segundo, vostede acaba de facer agora outra afirmación: que non nos quedaba case ningún remanente; primeiro dixo cero e logo case ningún.

Terceiro, dicirlle que a Conta Xeral está ó dispor de todos os cidadáns e de todos os medios de comunicación que a queiran ler, estudar ou analizar. As fotografías das situacións económicas hainas que facer nun determinado momento. Vostede sabe perfectamente que seguramente ó día de hoxe, cando se remate de pagar o recibo do lixo, teremos tamén outro remanente de tesourería distinto. Polo tanto, como fan vostedes unha afirmación global dicindo que a situación económica deste Concello é lamentable? Iso é mentira, repetimos que é falso.

En canto á tramitación dos expedientes dende o ano 2005 en que non tivemos orzamento, houbo liquidacións de orzamento, obras de emerxencia que houbo que facer, etc. Nós non tivemos orzamento nin no ano 2006, nin no 2007, pero para iso confeccionamos un orzamento no ano 2004 onde viñan perfectamente recollidos todos estes factores e isto é que tiñan que facer vostedes.

Nós o que estamos dicindo é que vostedes tiñan que confeccionar un orzamento para corrixir todas esas situacións de actualizacións de contratos, de subas salariais, etc., e vostedes non o fan porque detrás disto hai unha situación política clara e evidente de debilidade dun alcalde que non é quen de ter autoridade suficiente para sacar adiante un orzamento. E ante iso a que vai? A unha

modificación orzamentaria que ó final é un arranxo menor, diriamos que un remendo para resolver unha situación que todos coñeciamos, a Corporación coñecía perfectamente dende o ano 2006 que ó non ter orzamentos se ía chegar a un momento de situacións difíciles e así se advertiu. Se collen vostedes as actas de xaneiro de 2007, cando se presentou o orzamento así se fixo saber á Corporación.

Claro que se metía a débeda con Vitrasa, aparece perfectamente reflectida naqueles orzamentos cunha cantidade de 7 millóns de euros. Todo iso está aquí, non nos estamos inventando absolutamente ren, pero o que non se pode é chegar a unha conferencia de prensa de Vitrasa e dicir que hai unha situación calamitosa, etc. Non se lle debe e a Intervención sabíao. O que si había era un problema de falla de responsabilidade do seu grupo político que non quixo apoiar nin os orzamentos do 2006, nin os do 2007, nin tentar negociar. A estratexia que vostedes seguiron foi a de abafar ó goberno do Partido Popular durante os tres anos e medio e ese abafe levou a que en tres anos e medio de xestión só tivésemos un único orzamento.

Vostede non fale das débedas porque senón lle vou sacar as que nós recibimos de vostedes durante o ano 2004. Durante este ano vostedes de 20 millóns de orzamentos de investimentos, deixáronnos preto de 12 millóns de débeda e con sentenzas xudiciais nalgún caso, sen expedientes en moitos dos casos. Ou quere que lle saque o Verbum, o Marco, etc., eses expedientes tan polémicos? Se quere recuperámolos pero vai haber tempo durante todo este intervalo ata o orzamento a debater todas estas cuestións e xa analizaremos tamén a liquidación do ano 2007 porque con estas cuestións ós poucos se vai poñendo a cada quen no seu sitio.

Repetimos e afirmamos novamente que a xestión do Partido Popular economicamente foi brillante, extraordinaria, cun único orzamento en tres anos e medio. Saben vostedes o que significa gobernar unha cidade como Vigo, de 300.000 habitantes, cun único orzamento en tres anos e medio? E dos 20 millóns de investimentos dese orzamento case 12 eran de débedas xeradas por vostedes no goberno anterior. Nós tivemos 8 millóns reais única e exclusivamente e logo unha modificación de crédito que se fixo e que vostedes nola recortaron á metade. Polo tanto, o goberno do Partido Popular tivo un único orzamento diminuído a máis da metade e unha modificación de crédito que se recortou para comezar a elaborar un plan parroquias no ano 2006.

Esta é a xestión que nós fixemos e polo tanto non tenten calumniar porque non llo imos permitir baixo ningún concepto e ademais se vai demostrar porque estou convencido de que se mañá vai ver o remanente líquido de tesourería non ten absolutamente nada que ver co que vostede está falando. Ou vostede só contempla o capítulo de gastos e de compromisos? Non contempla os ingresos pendentes que temos ata rematar o ano ou agora mesmo, por exemplo, que se está rematando o prazo do recibo do lixo?

Vostede si que está manipulando e confundindo á opinión pública e ademais intencionadamente. Iso é o que molesta porque hai un traballo duns compañeiros e coido que o fixemos con absoluto rigor; pero sobre todo dun compañeiro que hoxe non está aquí e de verdade que me molesta moito, pero evidentemente lle dará cumprida resposta cando poida porque é unha persoa rigorosa e foi un magnífico xestor para esta cidade. Así o amosa non só aquí, senón no seu aspecto profesional-privado. Iso está aí e ninguén o pode cuestionar.

Nin vostede, nin o señor alcalde poden vir calumniar e difamar un traballo de tres anos e medio de moitas persoas, de moitos técnicos e políticos e sobre todo cando se fixo con rigor, cando está perfectamente claro nos números que a situación económica que teñen vostedes para facer un proxecto de futuro é magnífica. Teñen as bases para facer unha xestión boa no aspecto económico se queren.

Pero claro, vostedes chocan cunha situación política que eu entendo. Seguramente que ó señor alcalde lle gustaría ter máis autoridade, máis liberdade, máis capacidade de manobra, ter máis posibilidade de iniciativa política para poder levar a piques ás súas propostas. Pero non pode porque nesta cidade, para ben ou para mal, hai dous alcaldes e hai un alcalde bis que non deixa facer o que quere ó alcalde un e vaino condicionar permanentemente porque ten tanta forza o máis ca vostedes. Ou é que non se decataron aínda de que vostedes non teñen a capacidade nin a independencia suficiente para poder levar a cabo os proxectos nesta cidade?

Xa lles dixen o outro día que se eu pertencese a algún colectivo acudiría ó alcalde bis porque sei que me vai solucionar o problema, estou totalmente convencido que vostedes están prisioneiros desa situación. O señor alcalde non é quen de presentar un proxecto dun orzamento, porque ó final o orzamento é o documento básico que rexe as políticas dun goberno e vostedes non son goberno que son unha coalición.

Como teñen que acudir ós seus socios de goberno para consultar o que teñen que facer evidentemente que non se poden meter agora na lea de confeccionar un orzamento e entón nos traen un remendo dunha modificación de crédito para resolver os problemas que tiñan que resolver nun orzamento e iso foi o que dixo o alcalde.

O día 16 o Alcalde aínda non se decataba de que tiña uns socios. O día 17, cando fixo esta entrevista, mirouse alcalde e pensou que como alcalde podería. Como nós entendemos que debería ser porque un alcalde debería ter a independencia e a autonomía suficiente co seu grupo para poder sacar adiante os proxectos que considerase axeitados. Pero como este alcalde non ten esa capacidade, é un alcalde débil, desvalorizado, do día 17 a hoxe cambiou porque ó final todo son matemáticas e chámase número de votos; como non ten suficientes para poder elaborar un orzamento, vai pola segunda vía que é a da modificación.

Neste intervalo o que pretenden é desprestixiar ó anterior equipo de goberno, única e exclusivamente para enredar e vaise demostrar nos orzamentos e na liquidación do ano 2007 e vaise demostrar continuamente a xestión que se deixou. Este Concello é dos menos endebedados de España e fago unha afirmación rotunda porque a analizamos e a buscamos. Das características de máis de 200.000 habitantes, porcentualmente é dos Concellos menos endebedados de España.

Supoño que se verá e analizará que evidentemente reduciuse a débeda; supoño que iso non o negarán tamén, que vostedes só teñen unha débeda de 66.493.000 euros e dentro de dous anos hai un crédito que queda totalmente amortizado.

Claro que os ingresos proveñen doutras administracións, de xestións que tamén se fan e do que obriga a lei, evidentemente. Ou vostede agora vai dicir que os ingresos que veñen dun lado non os vai contabilizar? É como se vostede me pregunta agora como fixemos tantos investimentos con só 10 millóns de euros e unha modificación de crédito de 11-12 millóns de euros. Pois tivemos que acudir a outras administracións para que investiran aquí e esa é a obriga dun goberno, é como ten que ser.

Vostedes, que queren xustificar agora? Que a xestión é única e exclusivamente o que se fai con fondos propios? Pois non, mal imos se esa é a liña que pretenden. Nós pensamos que un goberno ten que tentar buscar recursos doutras administracións e así o fixemos e así está amosado en investimentos dos que hoxe

non imos falar pero si haberá tempo neste Pleno para falar dos que se fixeron e dos que se deixaron.

Hai investimentos de fondos doutras administracións e tamén investimentos que se acadaron con outras formas de xestionar xa que non ten que ser todo con fondos públicos. Hai moitos xeitos de xestionar os recursos que teñen os propios concellos e iso foi o que fixemos. Por primeira vez na historia desta cidade fixemos unha fórmula de xestión de concesións de dúas piscinas, unha na Florida e outra en Barreiro, con custo cero para as arcas municipais cousa que nunca se fixera. É certo que se tentou nun momento puntual pero non saíu, pois se recuperou.

Esas son fórmulas que nós, como non tiñamos recursos e como vostedes dende a oposición, sobre todo o Partido Socialista que tentou abafarnos e dende a Xunta de Galicia igual, tivemos que buscar recursos pero o listado de investimentos que eu teño aquí non o pode cuestionar absolutamente ninguén e os investimentos que pasaron pola Xunta de Goberno aprobados están todos aquí e este discurso é imposible rebater porque pasaron por Xunta de Goberno investimentos multimillonarios acadados doutras administracións, algúns de fondos propios algúns e tamén buscados a través de fórmulas de xestionar directa e indirectamente que xamais se puxeran en marcha neste Concello. Esa é a realidade, é evidente porque senón, como poderíamos facer un goberno cun único orzamento en tres anos e medio? Buscando esas fórmulas.

O que molesta a este grupo é que non se teña o respecto suficiente porque cando chegamos ó goberno anterior non falamos absolutamente de ningunha débeda, trouxéronse as débedas que había porque é normal nunha tramitación, cando hai un *parón* a metade do ano, que existan tramitacións, liquidacións, obras complementarias, etc., que hai que seguir tramitando, como vostedes farán cando deixen o goberno. Nós o que fixemos responsablemente foi incluír todo dentro do orzamento porque así o obriga a lei e tamén por unha cuestión de responsabilidade, porque ós provedores non os podemos deixar sen lles pagar e iso foi o que fixemos, incluír dentro deses 20 millóns case 12 millóns de euros de débeda que vostedes deixaron.

Estamos falando agora dese tema porque xamais se falou no Pleno desta Corporación desa cuestión; é un problema de responsabilidade, de ética política. Vostedes non a tiveron, o único que tentaron nada máis chegar foi buscar, revisar

absolutamente todo. Revisen o que queiran, dende o primeiro ata o último expediente e xa verán como a medio e a longo prazo se demostrará que os expedientes son impecables. Neste Pleno e en Xuntas de Goberno iranse analizando todos os expedientes.

Non sei que pensaron vostedes que había aquí. Aquí utilizouse unha absoluta transparencia como non pode ser doutro xeito e como espero que vostedes fagan porque hai uns controles absolutos de todos os técnicos municipais desta Casa coa independencia que lles caracteriza.

Polo tanto, pensamos que deberían reconducir a súa situación. Dende logo hai que ter un respecto cos que tivemos a responsabilidade de gobernar e non chegar e tentar desprestixiar, calumniar, difamar, mentir permanentemente pensando que nós imos quedar calados e repítolles de novo que non o imos facer porque coidamos que temos a razón. Podemos cometer erros como calquera os pode cometer, pero coido que se fixeron as cousas axustándose o máximo á legalidade e con criterios de responsabilidade e rigor. Evidentemente que en toda xestión haberá erros porque somos humanos pero non erros mal intencionados, nin desastres como vostede tentan presentar porque iso é mentira, estáselles mentindo ós cidadáns, estase tentando enganarlles e iso non se pode facer. Cando un ten unha acción de goberno non se pode tentar responsabilizar permanentemente ó anterior.

Hai moitas cuestións das que teremos que seguir falando; disto, do auditorio, de moitas máis cousas porque, como se lle pode permitir dende o goberno a un arquitecto que hai cinco anos que se subiu o IPC e que hai que actualizar, cando o 10 de outubro do ano 2006 hai un proxecto básico do proxecto do auditorio? Collan as actas da Xunta de Goberno e verán que hai aprobado un proxecto básico cun importe de 84.200.000 euros asinado por don César Portela e a enxeñería IDOM; está asinado, aprobado pola Xunta de Goberno e cos informes técnicos correspondentes. Non se dan conta de que están enganando, mentindo e vostedes permítenllo?

Como pode dicir un arquitecto que leva cinco anos sen actualizar o documento básico, nin a memoria, nin o estudo de viabilidade económico se presentou un proxecto básico en xullo do ano 2006, logo de facer a adxudicación e aprobouse na Xunta de Goberno? Busquen a acta da Xunta de Goberno do 10 de outubro de 2006 e verán como os enganaron, que hai algunhas persoas que están informando ó

señor alcalde e nin lle dan eses datos porque non lles interesa. O señor alcalde non coñece este dato, hai un proxecto básico, búsqueo señor alcalde, do 10 de outubro do ano 2006 por un importe total de 84.200.000 euros, asinado por don César Portela e pola empresa IDOM, é un proxecto básico logo da adxudicación.

Como alguén lle pode dicir á prensa que levan cinco anos sen actualizar e que é normal unha suba pola desviación e polo incremento do IPC? É mentira porque en outubro do ano 2006, con informes técnicos, aprobouse un proxecto modificado de 84.200.000 euros. Pódese variar dende outubro do ano 2006 a abril do ano 2007 en 70.000.000 euros? Non, señor alcalde, estano manipulando con información ou vostede está xerando unha montaxe con esa situación. Busque ese expediente ou se quere llo dou eu porque o teño no meu poder e porque nel ademais está ese proxecto básico coas unidades de obra, unha a unha, cos importes, coas cantidades, etc., e todo iso suma 84.200.000 euros máis 3.000.000 da demolición que foron os 87.000.000 que se aprobaron na adxudicación.

Sobre todas estas cuestións evidentemente haberá para debater moito máis pero teñan claro que non imos permitir que non respecten o noso traballo, nin a nosa transparencia, nin o noso rigor, nin o xeito de facer do goberno anterior. Miren cara ó futuro, elaboren un orzamento e xa verán como se corrixen absolutamente todas as cuestións, como se actualizan todos os contratos que veñen do ano 2005. Gustaríame miralos a vostedes cun só orzamento dende o ano 2005, prorrogado e sen poder facer ningún tipo de investimentos e a ver como eran quen de sacar esta cidade adiante. A verdade é que cando miramos cara atrás, cando fan estes debates e cando estudamos os expedientes e analizamos os datos, penso sinceramente que non sei como fomos quen de tentar que esta cidade non tivese problemas maiores cun único orzamento e iso que a metade da débeda era dun goberno anterior.

Coido que o que teñen que facer é traballar, mirar cara adiante e non enredar. O que pasa é que esa é unha estratexia na que o señor alcalde comeza a ser especialista; mentir, difamar, calumniar que algo queda e logo ven el de salvador a resolver.

Pero aquí vai haber unha oposición. Somos trece compañeiros con 66.000 votos detrás, 22.000 máis que vostedes e evidentemente non lle imos permitir iso porque imos falar publicamente e tentar facer todos os debates que se consideren

oportunos, nestes plenos, fóra ou onde vostedes queiran pero dende logo que non nos imos calar.
Sinto que esta intervención fose un pouco extensa pero era necesaria porque hai temas que hai que comezar a definir claramente. Non se preocupe señora concelleira, imos ter tempo para seguir debatendo o anterior, o presente e o futuro e imos ver de onde sacan vostedes para os seus proxectos de futuro. Os datos quedan aí porque están en documentos. Todo é opinable pero cos datos é difícil porque como un se confunda vólvense cara un. A política ten un efecto *boomerang*, o que pensamos que hoxe é moi bo ás 24 horas resulta ó revés porque aparecen datos como estes que lles estou dando eu.
Hai moitas máis cuestións enriba da mesa como esa na que vostedes tentaron dicir que nós pagamos unha folga de traballadores de xardíns. Como se pode dicir iso? Iso é outra mentira, outra calumnia, pásanlle mal a información, estano intoxicando permanentemente. Esa é a alternativa pero hai outra: que o señor alcalde queira facer de todo unha montaxe porque, onde está ese expediente? Amosen o expediente onde se di que hai unha ampliación de contrato por unha folga. Vostedes fan as cousas tan mal que non se dan conta de que esa folga xa se deu a finais do ano 2005 e xa estaba o orzamento aprobado; nin niso acertan. Xa veremos de onde sacan eses incrementos e iso tamén o analizaremos pero, como pode dicir alguén que se pagaron 300.000 euros a unha empresa? Unha vez máis é mentira. Son moitas mentiras seguidas nun mes e medio, como se poden dicir tantas mentiras seguidas nun espazo de tempo tan curto?

A PRESIDENCIA: Só unha aclaración sobre un tema de grande importancia.
Claro que coñecemos o proxecto básico do auditorio do pazo de congresos; o grave é que dese proxecto, para que os cidadáns o saiban, pasouse de 83 millóns de euros a 151; isto é o grave e as cifras están aí. Claro que coñecemos todos os datos, a tristeza é que os coñecemos e atopámonos nunha situación de dificultade seria dun pazo de congresos que nos daban como grande proxecto dunha lexislatura. Agora estamos desatascando con tranquilidade, sen expresións sonadas pero tentando que o pazo de congresos vaia cara adiante.
En todo caso quería facer unha cuestión de procedemento: coido que é conveniente que comecemos nesta lexislatura a ter puntos da orde do día. Os debates xerais

convén facelos dentro dunha norma. Eu non interrompín, deixei que se fixera toda a intervención, pero non é un bo procedemento político facer de cada punto da orde do día un debate de política global, para iso están os debates globais.
Falaremos cos voceiros para fixar unha metodoloxía de procedemento nos Plenos acadada entre todos. Bastante experiencia parlamentaria temos algúns xa como para a estas alturas ter que estar neste procedemento de debates continuos en todos os puntos. Coido que hai que fixar unhas regras do xogo e non estar debatendo en cada momento todo o *debatible.* Os plenos están con ordes do día para se ater a elas, utilizar outros procedementos ten un nome na política que non vou dicir aquí. Coido que non é procedemento democrático, nin regrado facer debates deste xeito. Falarémolo nunha xunta de voceiros porque coido que convén establecer unhas normas de procedemento.
Pecha o debate o goberno e logo será a intervención dos grupos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: En quince minutos que falou o Sr. Figueroa non puido negar nada, nin o consumo de remanentes que está aquí asinado polo señor interventor e tamén pola señora Porro; as débedas tamén están asinadas polos xefes de servizo. En canto ó de Vitrasa vostede mesmo recoñece que hai un burato.
No que vai de ano fixeron máis de cen modificacións orzamentarias. Xa tiñan aviso de que había problemas en determinados servizos como o de Vitrasa; en ningunha soa delas tiveron a consideración de facer algo co de Vitrasa, só pagaron ata o mes de marzo e agora non se pode pagar máis porque non existe neste intre orzamento. Polo tanto si hai que facer unha modificación orzamentaria urxente, entre outras cousas para pagar as súas débedas. Deses 14 millóns, 11 son de débedas de seu.
Eu coido que vostedes son os últimos que teñen a autoridade moral para nos dicir que fagamos un orzamento cando vostedes nos últimos anos non foron quen de sacar un adiante e por riba cando os presentan fóra de prazo, sobre todo non tiveron a capacidade de lle dicir á xente que o orzamento do 2005 que estamos manexando aprobouse gracias ó Partido Socialista que votou a favor deses orzamentos e deulle a súa consideración, polo tanto haillo que agradecer.
Diante dunha situación como a que nos deixaron, cun 95% de orzamento consumido, con remanentes esgotados, o último que faría unha persoa cun mínimo coñecemento de contabilidade orzamentaria e de procedemento orzamentario é a

elaboración dun novo orzamento. Vímonos obrigados a non facer un orzamento porque está o orzamento deste ano completamente consumido.
Dígame que se pode facer a partir de agora con 57.000 euros para Vías e Obras, con 10.000 para Cultura; 37.000 para Deportes; 18.000 para Participación Cidadá, e así con todo. Se non había cartos, se non había orzamento o que teñen que explicar e por que gastaron 1,8 millóns de euros en publicidade e teñen que falar agora coas xentes das rúas para lles dicir que non puideron arranxar as rúas pero que o que si fixeron foi enviar cartas ás casas dicindo que a nosa cidade é moi bonita. Non señora, o que había que facer era arranxar as cousas e tiveron cen oportunidades do facer e non o fixeron. Iso é o que ocorre.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente estamos no punto 11 da orde do día que di "Aprobación da Conta Xeral correspondente ó Exercicio 2006". Eu estaba tremendo que volvéramos ata os anos 87, 88 ou 89.
Hai unha grande contradición no que vostede di, Sr. Figueroa. Por unha banda ven aquí facérmonos un conto de fadas da grande excelencia da súa grande xestión, dun goberno que fixo unha xestión tremenda; fartouse do repetir falando desa Conta Xeral, etc. Paralelamente a iso dinos que estiveron abafados durante toda a lexislatura, que non tiveron absolutamente ren e resulta que, efectivamente, como ben dicía a señora concelleira, un dos maiores ingresos non son, pola súa xestión, senón porque houbo outras administracións que, independente de cores políticas, si estiveron con esta cidade.

*Neste intre o Sr. López Font pide respecto para as intervencións dos grupos polas continuas interrupcións que está a haber.*

Logo di vostede que estiveron abafados porque só tiveron un orzamento. Claro, non souberon facer máis, precisamente esa é a triste realidade cando vostedes gobernaron nesta cidade e cando tiveron a oposición máis construtiva das últimas corporacións porque o Bloque Nacionalista Galego naquel momento estivo disposto dende o primeiro día a chegar a acordos para modificacións puntuais, modificacións que non fosen electoralistas e vostedes non souberon aproveitar isto. Non foron quen de chegar a ningún tipo de consenso.

Gobernar con 19 ou 20 concelleiros e concelleiras é moi fácil; moi fácil para todos menos para o Partido Popular que lembro que tivo unha maioría absoluta nesta cidade e non foi quen nin sequera de facer orzamentos.
Sr. Figueroa, vostede foi o primeiro que retrocedeu e seguiríalle pedindo que, por favor, teña o respecto que eu tiven con vostede na súa intervención, o mesmo respecto, non máis.
Por outra parte, voulle dicir unha cousa coa que si estou de acordo con vostede: cando di que o tempo pon a cada quen no seu sitio. O seu problema é que efectivamente nisto da democracia quen pon a cada quen no seu sitio é a cidadanía e esta foi quen os puxo a vostedes no seu sitio e quen puxo a unha nova maioría e a un novo goberno no outro. Nós cremos na lexitimidade dos votos e precisamente a cidadanía dixo que vostedes non podían seguir gobernando nesta cidade. Polo tanto sexan vostedes unha oposición construtiva e non tenten gobernar utilizando outros subterfuxios porque os que imos gobernar imos ser nós xa que así o quixo a cidadanía.
Se vostedes quere seguir toda a lexislatura chamándome “alcalde bis” está no seu dereito do facer, pero non por seguir facéndoo vai crear ningún tipo de división neste goberno, pode seguir dicíndoo as veces que queira. Nesta cidade hai un alcalde que si ten os votos e si os vai ter porque ten os votos da maioría e a cidadanía quixo que estivera.
Claro que imos quitar un orzamento e aquí non se trata nin de forza, nin de debilidade, diso saben moito vostedes; trátase de dúas forzas políticas que estamos dende o primeiro día a traballar, a colaborar para que esta cidade funcione e facémolo así porque a cidadanía así nolo dixo.
Cando se fala de números se pode enredar á cidadanía, ós que nos están escoitando, cun montón de cifras pero a realidade é ben clara. Efectivamente, da modificación orzamentaria de crédito que tivemos que facer para que esta cidade poida funcionar de aquí a finais de ano, once millóns e pico de euros son de débedas de seu, algunhas delas con expedientes extraxudiciais de crédito, expedientes que se aproban sen ter a consignación debida no seu momento e, sabe por que? Porque vostedes a partir de xaneiro utilizaron o Concello para facer campaña electoral.

A PRESIDENCIA: Pídese unha cuestión de orde pero hai intervención de grupos, terá a palabra a continuación. Estamos en intervención de grupos.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: É unha cuestión de orde precisamente para lle preguntar pola mecánica do Pleno.
Normalmente as intervencións van de menos a máis pero durante todo o debate non foi así, houbo un grupo que se abstivo e logo di que o goberno pecha. Era para lle preguntar pola mecánica.

A PRESIDENCIA: Si, é fácil. Houbo un debate co goberno, levouno a concelleira de Economía e Facenda, interveu o voceiro do Grupo popular e agora estamos en quenda de intervención de grupos.

SR. LÓPEZ FONT: Alcalde, gracias e agradézolle especialmente a referencia que fixo ó tipo de intervencións que está realizando o Sr. "voceiro bis" do Partido Popular.
Se de cada cuestión que tratemos neste Pleno, tal e como apuntaba o señor alcalde, vostede vai facer un debate de carácter xeral como xa fixo no primeiro Pleno, tamén que saiba o señor alcalde que nós lle imos contestar puntualmente e coido que isto o deberíamos reconducir.
Eu comprendo que para o seu voceiro titular as eleccións sexan un *"rollo"* como se dixo en campaña, comprendo que ó mellor lles guste moi pouco a democracia, pero o primeiro deber que ten vostede como concelleiro desta Corporación é respectar o resultado das eleccións. Xa está ben de facer mención do número de votantes que tivo o Partido Popular, do número de concelleiros que obtiveron vostedes porque todos o sabemos, pero a primeira manifestación que ten que facer porque é de respecto á lei electoral é a de que este goberno está legalmente constituído, que conforma a maioría absoluta que vostedes non tiveron anteriormente e que non acadaron nestas pasadas eleccións dos vigueses.
E si que me preocupa e coido que lles está preocupando ós cidadáns que cada vez se asemella vostede máis ó Sr. Rajoy cando cuestionou o resultado logo das eleccións do 14 de marzo de 2004. Polo tanto non pode caer en contradicións permanentes como nas que está caendo de dicir que miremos cara ó futuro se vostedes non deixan gobernar.

Fixo anteriormente unha manifestación de que comezabamos mal e o único que comezou mal nesta Corporación foi vostede, en primeiro lugar por desleal. No primeiro Pleno abeirándose nunha artimaña de procedemento vostede propuxo votar un determinado número de puntos da orde do día cando non se parecían uns ós outros; abeirados nesa boa fe que vostede di que non temos pero que lla estamos amosando permanentemente, os dous grupos políticos do goberno aceptámolo por economía no procedemento deste Pleno e iso serviulle a vostede para facer esa diatriba permanente cuestionando o resultado electoral e insultando ó señor alcalde.

Outra das cousas que lle vou dicir é que comezou moi mal nesta Corporación, non ten o máis mínimo respecto institucional. Vostede pode ter diferencias con este equipo de goberno, pode considerar que as cuestións que di o señor alcalde se axustan ou non á realidade; agora ben, que vostede no segundo Pleno incida, reincida e se lle enche a boca que semella que o único que ven dicir é que o señor alcalde é un mentireiro, en tanto non deixe vostede esta vía nós tamén imos utilizar o mesmo procedemento e tamén lle imos chamar mentireiro a vostede e ó seu grupo cando lle mintan á cidadanía.

Remato con esta parte política. Como lles dicía anteriormente o Sr. Domínguez Olveira, mentalícense de que esta cidade vai estar gobernada durante catro anos, de que lexitimamente ten un alcalde e un tenente de alcalde e os únicos que entenden de cuestións “bis” son vostedes porque xa vostede era realmente o alcalde na anterior Corporación e agora realmente é o voceiro. Polo tanto eu comprendo que a vostede estes temas lle resultan moi fáciles, sáenlle de xeito moi locuaz e é certo que quere impresionar a este Pleno, ó mellor porque moitos dos que estamos neste grupo municipal somos novos, pero non nos impresiona, Sr. Figueroa.

Eu pídolle que respecte a este goberno, que faga o labor de oposición que lle corresponde, pero algo máis: que respecte o resultado das eleccións e voulle responder cada vez máis duramente á súa alegación permanente con respecto ós 13 concelleiros porque os únicos que teñen respecto nesta sala de Plenos ó Partido Popular son o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. Ese respecto que vostede non ten nin polo alcalde, nin polo tenente de alcalde, nin polos concelleiros. Con isto saiba que neste sendeiro que vostede soliño instaurou neste Pleno e que

vostede soliño marcou como camiño, están aí as gravacións e as actas, nós ímoslle contestar.
Nós non desprestixiamos ó Partido Popular nin o calumniamos. Lamentablemente para esta cidade o Partido Popular calúmniase e desprestíxiase soliño e con actitudes como as que vostede mantén aínda máis. Nesta longa intervención, dado que foi unha secuencia permanente de volver sobre os anteriores argumentos e repetilos, tamén lle pediría que as acurtase na medida do posible.
Eu non vou entrar no tema do debate orzamentario coa nitidez coa que entrou a miña compañeira a concelleira de Economía e Facenda, pero fronte ó que vostede di de que o Partido Popular foi o mellor, debe ver vostede moitos deportes na televisión e se lle queda moito isto das medallas de ouro, de prata e demais. Eu defínoa cos seus mesmos argumentos: é a lexislatura da mentira porque están esperando a que chegue este goberno para solucionar todos os problemas anteriores que vostedes xeraron. É de verdade asombroso que vostede queira aparentar que coñece o tema do auditorio, que está disposto voluntariamente a buscarlle o expediente ó señor alcalde cando el xa lle contestou. Parece mentira que en algo que vostedes fixeron nese goberno tan marabilloso e tan eficaz, pasaramos dese orzamento ó que agora propoñen, debe ser o colmo da xestión.
En canto a temas orzamentarios e en canto ó punto da orde do día que nos trae aquí. A anterior lexislatura do Partido Popular foi a da mentira, como lle dicía anteriormente. Foi así por unha sinxela razón: porque agora si estou convencido de que vostedes tiñan todo o interese político de saír co titular de que o 31 de decembro había uns fondos de tesourería, remanentes de 76 millóns, pero estou convencido de que o fixeron con toda a intención agachando á cidadanía as débedas que tamén comportaban estes fondos de tesourería. Por iso vostedes si que lle mentiron á cidadanía, porque semella que agora somos nós os que inventamos as débedas.
A concelleira de Economía e Facenda e máis eu fixemos unha conferencia de prensa e démoslle á cidadanía a información sobre todo isto que hoxe estamos discutindo. Rapidamente saíu o Sr. Guerra que, por certo, se non está neste Pleno lamentámolo moito pero déixese xa de victimismos porque se non pode asistir ó Pleno que non asista e ademais ninguén puxo en cuestión ningún tema persoal relativo ó Sr. Guerra. Si poñemos en cuestión que foron vostedes dous os que deron a

conferencia de prensa e o que dixeron. O peor de todo é que nesa conferencia de prensa non dixeron absolutamente ren contrario ó que dixeramos a concelleira de Economía e Facenda e mais eu.

Vostede estase referindo permanentemente a unha fotografía fixa do 31 de decembro e sabe vostede e todos os que estamos aquí que é unha foto totalmente artificial porque en ningunha familia, que ó final somos dunha grande familia de 300.000 habitantes, ningún pai lle di ó seu fillo a 31 de decembro que ten unha foto de 71 millóns de euros e non lle di as débedas que ten. Polo tanto vostede se poderá enredar en cantidades coa concelleira de Economía e Facenda pero eu, dende o punto de vista político, afirmo diante dos cidadáns que vostedes os enganaron intencionadamente porque cando realmente se quere falar dun orzamento, dunha foto dunha situación económica, hai que dicir absolutamente todo e vostedes non o fixeron.

Noutra das afirmacións relativa a como se foi consumindo a prórroga de orzamento do ano 2007, tamén nos deron a razón. Foron vostedes, víronse na obriga de recoñecer que consumiran en menos de cinco meses o 96% do orzamento e aínda ten a ousadía política de vir aquí dicir e cuestionar unha modificación presupostaria á que vostedes nos abocan e veñen dicir que falemos de futuro. De que futuro, Sr. Figueroa? Do que nos deixaron vostedes economicamente? Ese é o futuro que quere que nós fagamos no curto prazo de aquí a 31 de decembro? Coido que se nos vai coñecendo a cada quen e que afortunadamente a cidadanía tivo moi clara a tarefa e xestión de goberno do Partido Popular e por iso non obtiveron maioría absoluta. Iso é algo que teñen que aceptar e que non aceptan. Polos xestos que pon véxoo cada vez máis claro.

Ademais dicía claramente o Sr. Domínguez Olveira e eu tamén llo vou dicir. O non acadaren a aprobación por este Pleno de orzamentos nos anos ós que vostede alude, coido que debería estar calado porque é a mellor proba da súa ineptitude política. Non fai ningunha referencia ó orzamento que se aprobou coa abstención, que era o que quería dicir a miña compañeira a concelleira de Economía e Facenda, do Partido Socialista, a ese non fai mención, só fala de abafe, de victimismo. É iso o que vostedes fixeron pero non nos van traspasar a nós a súa incapacidade de goberno. Vostedes tiñan o número que tiñan de concelleiros e a cada quen se lle mide, como tamén dicía o Sr. Domínguez Olveira, por como goberna. Non fai falla

gobernar con 14, con 15, ás veces determinados grupos fano mellor cun número menor de concelleiros.

Pero mire: “xestión récord, goberno marabilloso” e demais. A quen quere enganar? Como é posible que vostedes sexan quen de dicir isto cando realizaron obras por 3.100.000 euros? Referíase vostede anteriormente a que algunha houbo que a facer por emerxencia e só houbo dúas obras por emerxencia; vostedes fixeron obras, reparacións, humanizacións desas que vendían en campaña electoral de xeito ilícito dende os despachos deste Concello porque hai que saír á rúa cando se están facendo cousas no nome do Partido Popular. Afortunadamente a Xunta Electoral algún “*varapalo*” lles deu.

Pero, para que saiban os cidadáns, eu poderíame referir ás trinta e tantas ou corenta cuestións que nos deixaron, que van nesa modificación orzamentaria que vostede pretende *demonizar* falando da pouca transparencia e demais. Esa é unha modificación orzamentaria que hai que facer con toda urxencia, primeiro polo período estival, e xa lle contesto aínda que posiblemente lle conteste novamente logo, e tamén como xa se dixo anteriormente nunha grande porcentaxe de 9 millóns sobre o total das débedas que vostedes deixaron porque eu non sei se lembra a súa magnífica xestión como “alcalde bis”, que deben aínda o alumeado do Nadal de 2005-2006. A vostede isto parécelle unha magnífica xestión? Pois evidentemente os cidadáns así o valoraron, a nós non só non nos parece ben, senón que coidamos que é o contrario.

Nós imos gobernar esta cidade. De verdade, abandone o argumento de debilidade do alcalde. Cando lle interesa vostede case se nos vai á primeira corporación democrática, pero se houbo unha alcaldesa claramente débil nesta cidade foi a alcaldesa que antecede ó Sr. Caballero, ese si que foi un grupo político totalmente débil e ós feitos me remito. Non poden presentar vostedes ningún balance político consistente do que fixeron en catro anos. Agora si, *victimismo*, abafe, etc., todo para negar a evidencia da mala xestión que fixeron.

O que vostede quere converter nunha acusación eu pídolle no nome da cidade de Vigo: deixe gobernar a este goberno, asuma, por moito que lle amole persoalmente, que é oposición e que aínda lle falla ata maio de 2011 e deixe gobernar esta cidade que bastante mal quedou.

A todo o que está dicindo a concelleira de Economía e Facenda non están respondendo absolutamente a nada, enrédase cunhas cifras e só fala de dúas cuestións que eu distingo perfectamente: que o goberno ten menos débeda agora que cando vostedes entraron. Moi ben, efectivamente, como di a miña compañeira "fallaría máis". Iso e que deixaron unha foto fixa a 31 de decembro que non se corresponde absolutamente con nada. Deixaron a peor herdanza a este goberno.
Sr. Figueroa, en beneficio desta cidade que non o merece, non vaia pola vía partidista de tentar falar dun alcalde e dun vice-alcalde porque só se desprestixia vostede, só desprestixia á cidade fóra desta cidade. Por favor, asuma que o resultado electoral é o que foi, que nos 2011 terá que haber outro *"rollo"* de eleccións e ó mellor nesas obteñen un mellor resultado. Pero esta cidade precisa hoxe xusto o que vostedes non fixeron: gobernala con sensatez e iso só se pode facer co equipo de goberno que asinaron lexitimamente dúas forzas políticas.

SR. FIGUEROA VILA: Semella que vostedes hoxe aquí acaban de facer dúas afirmacións: unha que nos teñen que dicir como temos que facer a oposición e a segunda que nos pretenden limitar tamén os tempos e o debate político pero este é un debate político da Conta Xeral e cando se fala dela fálase do orzamento. Cando se fala do orzamento fálase do documento básico da política de calquera goberno. Como comprenderán vostedes teñen que aceptar ou polo menos permitirán que o goberno anterior poida neste Pleno, sendo oposición, facer unha defensa da súa xestión económica. Repito que se demostrará que a xestión do goberno do Partido Popular foi excelente, extraordinaria e irémolo analizando ós poucos cos datos.
Vostedes falan de deslealdade pero non hai tal. Vostedes chamáronnos, tivemos unha serie de conversas, dixémoslles que fixeran o que coidaran oportuno como goberno e non impedimos as súas decisións. Vostedes tomaron as decisións que coidaron como goberno e penso que neste Pleno non houbo nin unha soa crítica a cuestións puntuais; só houbo unha á organización do goberno porque non nos gusta. Nós entendemos que este é un goberno de coalición formado por dúas forzas con dúas persoas ó fronte de cada unha delas e que así o representan. A cidade sabe que hoxe para tomar calquera decisión non se pode acudir só ó alcalde, senón á segunda persoa que ten máis poder dentro da organización da cidade porque evidentemente, se se quere sacar un tema adiante ou facer algo, haberá que

consultar coas dúas forzas políticas. Son vostedes os que escenifican esa situación que non somos nós. Están escenificando claramente que existen dous gobernos, que hai unha coalición formada por dous grupos. Parece que nos están botando sempre a culpa ó Partido Popular.

Hai un enfrontamento cando o alcalde recibe ó xerente do Marco e o alcalde bis enfádase; non temos a culpa de que o alcalde bis se enfade cando o alcalde recibe a alguén que forma parte da súa representación. Se o alcalde bis quere estar a carón do alcalde un e este non quere cara outro lado porque quere ter controlado ó alcalde bis, pois mandan unhas dependencias de Educación para outro lado que non servía absolutamente para nada e rachan o criterio dicindo que "por operatividade". Xa me contarán vostedes como é a operatividade dun departamento que o envían daquela maneira para o edificio da anterior alcaldía ou do antigo reitorado para que o alcalde bis estea a carón do alcalde un. Esas escenificacións fanas única e exclusivamente vostedes, dende logo que nós non as estamos facendo.

Sr. Font, o señor alcalde cando rematou o Pleno de constitución achegouse á Sra. Porro e díxolle: "Corina, o luns un membro do meu grupo vaise poñer en contacto con algún de vos para facer o traspaso de poderes, para nos dar a información que teñades, etc." Eu estaba presente e contestoulle que sen ningún problema. O luns chamoume o Sr. Calviño e preguntoume que día se poderían ver dous representantes de seu e dous nosos para facer o traspaso e darlles toda a información. Pactamos unha data: xoves ás 8 e media da mañá. Eu recibín ás 9 menos vintecinco da mañá unha chamada do Sr. Calviño desculpándose, dicindo que tiña un problema e que non podía vir. Entendino e ademais o respecto, coido que foi correcto. Ata o día de hoxe non se volveu recibir nin unha soa chamada. De que talante e de que actitude falan vostedes coa oposición?

Empezaron incumprindo dende o primeiro día algo tan elemental como sentarse un membro de cada grupo para ver que temas, que expedientes hai, que pasa cos expedientes... Fíxose neste Concello sempre que houbo un cambio de goberno e un traspaso de poderes con absoluta normalidade, dáse a documentación e logo cada quen fai o que coide oportuno. Polo tanto ese é o primeiro incumprimento das lealdades das que vostedes falan.

Unha segunda cuestión é que son vostedes os que comezan tentar calumniar ó goberno anterior dicindo que van revisar todos os expedientes porque están baixo sospeita, etc. Iranse dando conta de que case todos os expedientes, agás erros que se poidan cometer, están impecables porque están avalados pola independencia dos técnicos municipais deste Concello. Estou convencido de que, como imos estar aquí tres e ano e medio máis, demostrarase un a un en todos os expedientes, verase cales foron cos que vostedes tentaron desprestixiar ó goberno anterior, demostrarase un a un en todos os casos e polo tanto imos ter tempo suficiente para falar nos Plenos.

A vía do enfrontamento ábrena vostedes porque, pretendían que estivésemos calados? que non abrísemos a boca? que dixésemos que o que deixamos era todo un desastre? Non porque estamos moi orgullosos da xestión que fixemos e dicímolo con absoluta claridade, a xestión que fixemos dez persoas de vintesete, cun goberno en minoría, sen orzamentos e por suposto buscando fórmulas imaxinativas para sacar cara adiante esta cidade.

É certo que vostedes tentaron abafarnos en moitos temas pero se seguirá amosando ós poucos que o goberno anterior tiña razón. Iso é o que imos seguir facendo, moléstelles ou non, imos seguir denunciando e imos facer una oposición de control de goberno como ten que ser; ó mesmo tempo imos seguir facendo propostas positivas e xa o mirarán ó remate deste Pleno. Non nos imos calar en cuestións nas que consideremos que temos razón. Por suposto que todas as modificacións e suplementos de crédito están asinados e avalados pero estes expedientes que non teñan incorporación de remanentes, teñen que vir a este Pleno porque son de competencia plenaria. Polo tanto é no que a concelleira de Facenda erra, é dicir, hai que facer a incorporación de remanentes.

Sr. Font, vostede que apela ó exemplo da familia tampouco pode só coller parte dos gastos, porque iso é o que vostedes están tentando facer con nós; haberá tamén unha parte de ingresos. Ou é que non coincide comigo en que ó remate do ano 2007 haberá uns ingresos? Claro que se vostede colle a fotografía de maio, cando non se ingresou o IBI, nin o imposto de circulación, nin o do lixo evidentemente que fallan eses ingresos pero cando se contemple a parte dos ingresos volveremos á mesma situación dos remanentes e xa verán como a 31 de xullo do ano 2003, sacando eses 13 millóns de euros, os remanentes serán positivos.

Iso é o que vostedes tiñan que dicir e o que tiñan que facer é mirar cara adiante pero non, a primeira obsesión de seu é criticar ó goberno anterior, perderon un mes niso e, como non imos dicir publicamente o apoio que temos? Dirémolo nestes catro anos que quedan porque temos que dar cumprida resposta a ese apoio e á cidadanía en xeral. Gústelles ou non, logo de gobernar tres anos e medio o maior apoio da cidade de Vigo tívoo dona Corina Porro con preto de 66.000 votos.

É normal que a vostede lle moleste mirar cara aquí e ver que estamos 13 concelleiros e aí 14 máis 2, pois que lle imos facer. Por suposto que nós respectamos a lei e tamén que vostedes poidan formar unha coalición porque vostedes son unha coalición. non un partido único cun apoio único. Terán que ir conformando o goberno ós poucos con situacións e apoios puntuais; o alcalde é alcalde porque hai outro grupo do BNG que lle deu os seus votos. É lexítimo que nós poidamos dicir que representamos a 66.000 persoas que nos deron 15.000 votos máis nas últimas eleccións con respecto ás anteriores e por suposto que o imos seguir dicindo.

Coido que o que vostedes teñen que facer é gobernar esta cidade que para iso tomaron esa decisión e nós, se seguen mirando cara atrás, imos seguir facendo todos estes debates. Repito tamén que se demostrará que nestes tres anos a xestión económica foi rigorosa, responsable e dentro dos parámetros da máis absoluta normalidade.

Con respecto ó suplemento de crédito, se nos anuncian que o van presentar, coido que as formas evidentemente deixan moito que desexar. Que se presente un suplemento de crédito de 14 millóns de euros a este Pleno, supoño que fóra da orde do día, sen ter coñecemento a oposición dese expediente, nin pasar por ningunha comisión informativa, coido que é a primeira vez que sucede neste Concello cun expediente tan importante.

Con respecto a cuestións que están en trámites, por iso queriamos ter esa reunión para informar de todos os expedientes en marcha, como podía paralizarse esta cidade se dende o ano 2005 nós non tiñamos un orzamento. Claro que había que rematar obras e poñer en marcha outras obras complementarias, tamén houbo que facer algunhas obras de emerxencia. Cando nós chegamos a este goberno había máis de 11 millóns de débedas: liquidación do Verbum, o Marco sen expediente, liquidación do Pavillón de Bouzas, 300.000 euros de trofeos do Cidade de Vigo, etc.,

ata preto de 12 millóns de euros pero a diferencia está en que vostedes viñan dun goberno de maioría do ano 1999 ó 2003 e conformaran tamén un goberno de maioría dende xuño de 2003 a decembro do mesmo ano. Aínda así deixáronnos todas estas débedas.
Como comprenderán, un goberno en minoría bastante tiña con sacar os temas importantes da cidade adiante e vostede estame a falar de liquidacións, de obras complementarias... Eu pregúntolle se algunha das obras que están aí non era necesaria porque agora tamén se di que hai 300 camiños asfaltados; negábase que se fixeran obras no rural e asfaltáronse 300 camiños. Claro que hai que continuar con esas modificacións.
Xa miro que vostedes non queren falar dos investimentos e volvo repetir que aquí están todos os investimentos pasados por Xunta de Goberno e teremos tempo para facer comparativas, para analizar os investimentos que se fixeron e os que non. Esa será unha parte dos tres anos e medio. Todo este documento que está aquí, con investimentos xestionados por máis de 350 millóns de euros, pasou pola Xunta de Goberno, non hai un só expediente dos que temos aquí, con todas as cantidades, que non pasara pola Xunta de Goberno Local, todos.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce abstencións dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Porro Martínez,
ACÓRDASE:
Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2006 nos termos que se expresan no ditame da Comisión Especial de Contas da sesión do 11 de xullo de 2007, que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (69).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO CONVENIO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO SOBRE OS SOARES NÚMS. 39, 41 E 43 DA RÚA MARQUÉS DE VALLADARES. EXPTE. 4662/401.

ANTECEDENTES.-Con data 9 de maio de 2007 o xerente municipal de Urbanismo, coa conformidade do concelleiro-delegado e vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe:

"En datas respectivas 03/07/2000 e 07/02/2001 outorgáronselle á entidade mercantil "Inversiones Playa Mar SL" senllas licenzas de obras para a construción dunha edificación na r/Marqués de Valladares núm. 41 (antes 43) de dúas plantas de soto a garaxe-aparcadoiro, planta baixa, tamén a garaxe-aparcadoiro e portal, e cinco plantas altas máis aproveitamento baixo cuberta, destinados a vivenda (exptes. 35537/421 e 39251/421).

Durante a execución das tarefas de escavación, detectouse a existencia de restos arqueolóxicos na finca, ordenándose pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a realización de prospeccións arqueolóxicas, con orde de paralización das obras de edificación. Posteriormente dita administración autonómica estableceu a obriga de conservar "*in situ*" os restos arqueolóxicos descubertos, nunha superficie aproximada de 227 m2 da parcela.

No 27 de decembro de 2005 a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia asinou co Concello de Vigo un "Protocolo de intencións para a *musealización* e posta en valor dos restos arqueolóxicos aparecidos no soar nº 41 da rúa Marqués de Valladares da cidade de Vigo". Nel preveuse o financiamento pola Administración autonómica da *musealización* dos restos arqueolóxicos, así como unha futura modificación do planeamento urbanístico a fin de protexer ditos restos procurando manter a indemnidade patrimonial dos seus propietarios á vista das licenzas concedidas e dos prexuízos padecidos por estes con motivo da paralización das obras.

En data 22/02/2006 o representante de "Inversiones Playa Mar SL" presentou un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo propoñendo a formalización dun convenio urbanístico de planeamento, como complemento do protocolo citado no epígrafe anterior.

No 09/03/2006 o concelleiro delegado de Urbanismo ditou resolución de incoación do correspondente procedemento, a tramitar de conformidade co disposto nos arts. 233 e ss. Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística de Galicia (LOUGA). O 14/03/2006 a arquitecta técnica da oficina municipal de "Barrios Históricos" emitiu un informe sobre a proposta de convenio. No 30/06/2006 o arquitecto técnico da oficina municipal de Planeamento e Xestión emitiu un informe de valoración da edificabilidade autorizada nas licenzas que non se pode materializar.

No 18/08/2006 o xerente de Urbanismo formulou un informe sobre a oportunidade da nova ordenación prevista no convenio, dándolle unha nova redacción ao mesmo, cunha edificabilidade inferior á proposta inicialmente pola propiedade.

En data 07/11/2006 o equipo redactor do "Plan Especial do Ensanche" emitiu un informe sobre a última versión do convenio. Nese informe, tras matizar certos aspectos relativos á ordenación do ámbito, concluíu o seguinte:"

*(...)1.- Asúmense os obxectivos salientados anteriormente e que se explican no protocolo asinado*:

*a) conservar in situ e musealizar os restos arqueolóxicos*
*b) conxugar, na ordenación, a conservación dos restos mailos dereitos edificatorios da propiedade e a súa indemnidade patrimonial*

*2.- Asúmese a proposta de aproveitamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa cuantificación en metros cadrados, toda vez que cobre a mingua xerada pola cesión dos terreos.*

*Asemade asúmese prever o acceso aos restos e musealización dende o soar da Praza de Compostela. Da análise da proposta presentada, conclúese que resulta compatible cos criterios xerais de ordenación mailo interese xeral, no cumprimento do mandato legal, sen prexuízo dos axustes precisos que se considere introducir, na evolución da mesma na súa conformación. A proposta de formalización polo miúdo da ordenación terá que se achegar por parte dos interesados, que deberán estar en permanente contacto co equipo redactor, quen deberá informar o proceso e resultado. Estímase un período máximo de tres meses para a consecución da mesma e a súa incorporación como ordenación detallada nun área de intervención no Avance do plan especial (...)".*

En data 27 de novembro de 2006 o secretario da Xerencia de Urbanismo emitiu un informe xurídico ao respecto.

O mesmo día subscribiuse proposta de convenio urbanístico ó abeiro do disposto no apartado primeiro do artigo 237 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 4 de decembro de 2006, adoptou o seguinte acordo*: "(...) PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o convenio de planeamento urbanístico transcrito na parte expositiva deste acordo, sobre os soares núms. 39, 41 e 43 da r/Marqués de Valladares, con motivo da conservación e musealización dos restos arqueolóxicos descubertos neles (expte. 4662/401). SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días mediante publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión de Galicia. TERCEIRO: Notifíqueselle o contido íntegro deste acordo a "Inversiones Playa Mar SL", Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, ao equipo redactor do Plan Especial do Ensanche e ás oficinas municipais de "Barrios Históricos", "Patrimonio Histórico" e "Patrimonio (...)".*

O antedito acordo publicouse no Faro de Vigo (edición do 12.01.07) e no Diario Oficial de Galicia (22.01.07). Así mesmo, deuse traslado do mesmo ás entidades e persoas xurídicas ás que se fan mención no punto terceiro da parte dispositiva do acordo da XGL de 04.12.06.

O 23.02.07 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural achega oficio no que se remite informe do director xeral de Patrimonio Cultural que a seguir se reproduce:

*"(...)A proposta do convenio a asinar entre o Concello de Vigo e Inversións Playa Mar, S.L. adecúase, en termos xerais, ao disposto no protocolo de intencións asinado entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Vigo en data 27 de decembro de 2005. Non obstante, cómpre facer determinadas precisións e puntualizacións que deben incorporarse ao convenio: 1. Debe recollerse de maneira clara nas cláusulas do convenio que o obxecto da modificación compensa todos os danos e prexuízos soportados por Inversiones Playa Mar S.L. e que a renuncia a presentar reclamación indemnizatoria alcanza a todos os supostos enunciado no expoñendo IIIc do presente convenio urbanístico. Enténdese que, ademais dos realizados ata agora, inclúense a totalidade dos traballos arqueolóxicos que aínda quedan por rematar no solar, basicamente o tapado provisional dos restos e os puntualmente sinalados na resolución desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en data 13 de decembro de 2002. 2.- Debe eliminarse a alusión á participación da Consellería de Cultura e Deporte na actuación de facilitar o acceso aos restos arqueolóxicos polo soar con fronte á Praza de Compostela mediante as actuacións necesarias para tal fin, para constituír unha das obrigas adquiridas expresamente polo Concello no protocolo asinado entre a Consellería de Cultura e o Concello de Vigo <cláusula 2g>. 3.- Tendo en conta as novas condicións resultantes da aplicación do convenio, o proxecto construtivo no que se recollen as solucións acordadas no presente convenio de planeamento urbanístico e no protocolo asinado entre a Concellería de Cultura e Deporte e o Concello de Vigo en data 27 de decembro de 2005, deberá ser informado con carácter previo á concesión da licenza, pola Consellería de Cultura e Deporte (...)".*

As cuestións tratadas no informe do director xeral de Patrimonio Cultural do 12.01.07 implicaron a proposta de modificación do texto do convenio do apartado c) da cláusula primeira, a introdución dunha nova redacción do apartado a) da cláusula segunda e a eliminación da referencia final do apartado b) da cláusula terceira.

Dado traslado das propostas de modificación do convenio, á entidade mercantil "Inversiones Playamar, S.L." presenta escrito o 04.05.07 no que en síntese acepta a proposta de modificación nos dous primeiros puntos e solicita unha aclaración con respecto á eliminación da referencia final do apartado b) da cláusula terceira ("<...> Tamén se xestionará pola Consellería e polo Concello de Vigo a constitución, voluntaria ou forzosa, dunha servidume de paso dende a Praza de Compostela tal e como se detalla no Anexo deste convenio <...>"). "Inversións Playamar, S.L." pretende que se manteña a redacción anterior pero coa eliminación da participación da Consellería de Cultura e Deporte. Dado que a obriga ven derivada do protocolo de intencións asinado entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Vigo o 27.12.05 (cláusula segunda g), a redacción proposta pola parte asinante do convenio, non altera o contido do mesmo.

Polo tanto, ó abeiro do disposto no apartado 4º do artigo 237 da Lei 9/02, do 30 de decembro, proponse a ratificación do seguinte texto de convenio:

**CONVENIO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MERCANTIL "INVERSIONES PLAYA MAR SL"**

En Vigo, a ........ de ....... de 2007;

**COMPARECEN**

Dunha parte, o Excmo. Sr .D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo.

E doutra parte, D. Basilio Martínez Serodio, maior de idade, veciño de Vigo, domiciliado en r/Alvaro Cunqueiro, núm. 20, 8º, A, e con DNI 76.898.476-T.

Tamén comparece D. Francisco de Cominges Cáceres, secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo.

**INTERVEÑEN**

D. Abel Caballero Álvarez na súa condición de Alcalde-Presidente do Excmo. CONCELLO DE VIGO, na súa representación (art. 124.1 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local –LBRL-).

D. Basilio Martínez Serodio, no nome e representación da entidade mercantil "INVERSIONES PLAYA MAR SL", CIF B-36.829.315, con enderezo a efectos de notificacións en Vigo, na r/Gerona 3, entre planta A, da que ostenta a condición de administrador único, con capacidade de representación para subscribir este convenio, segundo escritura de constitución social autorizada polo notario de Vigo, D. Gerardo García Boente Sánchez, de data 8 de outubro de 1997, núm. 3.198 do seu protocolo.

D. Francisco de Cominges Cáceres, por delegación do titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, limitándose a dar fe deste acto (disp. ad. 8ª d. LBRL).

Os reunidos, na condición na que interveñen, recoñécense a capacidade necesaria para formalizar este **CONVENIO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO** que se tramitará de conformidade co disposto no título VIII da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA); a cuxo fin,

**EXPOÑEN:**

I. "INVERSIONES PLAYA MAR SL" manifesta que é propietaria dos soares núms. 39, 41 e 43 da r/Marqués de Valladares; e que é igualmente titular de licenzas de obras de datas 03/07/2000 (expte. 35537/421) e 07/02/2001 (expte. 39.251/421),

para a edificación no citado soar núm. 41 de dúas plantas de soto a garaxe-aparcadoiro; planta baixa, tamén a garaxe-aparcadoiro e portal, e cinco pisos altos máis aproveitamento baixo-cuberta, destinados a vivendas (achégase, como Anexo I deste convenio, nota informativa do Rexistro da Propiedade relativa aos solares núms. 39 e 41. Tamén, como Anexo II, copia das licenzas).

Manifesta tamén que durante a execución das tarefas de escavación, detectouse a existencia de restos arqueolóxicos na finca, ordenándose pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a realización de prospeccións arqueolóxicas, con orde de paralización das obras de edificación, pese a que a licenza de obras non se atopaba condicionada pola adopción de ningunha cautela nin medida de protección ao respecto (achégase, como Anexo III, copia da orde de paralización).

Engade a devandita entidade mercantil que segundo os estudios por ela realizados, a obriga establecida pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia de conservar "*in situ*" os restos arqueolóxicos descubertos, implica a imposibilidade de edificación nunha porción de soar duns 227 m2 de superficie, o que supón que a promoción se vexa afectada nunha superficie total a construír -segundo licenza de edificación en vigor- de 683 m2 nas plantas de sotos e planta baixa, e de 327,79 m2 en plantas altas de vivendas, co conseguinte prexuízo económico grave que isto lle supón. Este detrimento da edificabilidade no seu día autorizada, concrétase en 52 prazas de garaxe-aparcadoiro e 6 apartamentos, dado que a supresión da superficie afectada en sotos e planta baixa fan que a restante sexa en grande parte inadecuada para este uso. Ademais, as obras de edificación atópanse paralizadas por decisión da Xunta de Galicia dende o 29 de novembro do ano 2000 por causas alleas á empresa, que para a conservación dos restos arqueolóxicos tivo que sufragar provisionalmente os custos das prospeccións arqueolóxicas e tratamento dos restos atopados -sen prexuízo do seu dereito a reclamar tales gastos da administración que corresponda-.

Engade que conforme ao Plan Xeral vixente, aprobado no 29 de abril de 1993 (PXOU-93), a edificabilidade sobre rasante correspondente aos soares núms. 39 e 41 da r/Marqués de Valladares, sen contemplar a afección pola porción de soar na que se emprazan os restos arqueolóxicos e que por este convenio se asume a súa cesión ao Concello de Vigo, é de 4.850 m2. Edificables. Sen embargo, como consecuencia da cesión desa porción de soar –227 m2-, e a súa non edificación, prodúcese unha mingua de construción no soar núm. 41 da edificación a executar sobre rasante cuantificada en 1.008 m2. De acordo coa valoración técnica desta mingua en edificación sobre rasante, máis a mingua de construción en sotos (prazas de garaxe e anexos), máis a compensación dos prexuízos e custos asumidos por "Inversiones Playa Mar SL" pola protección e conservación dos restos arqueolóxicos-, calculouse que dita mingua de edificación co conxunto de todos os custos e conceptos se compensa suficientemente cun novo proxecto que incorpore 660,74 m2 de edificación a máis sobre rasante. De tal xeito, a ordenación que se establecerá no novo planeamento permitirá autorizar nos citados soares núms. 39 e 41 un proxecto conxunto que contemple unha edificabilidade total sobre rasante de 5.510,74 m2, conforme á solución arquitectónica que se concretará no momento de redacción do proxecto construtivo e tramitación da solicitude de licenza de obras, en coordinación co equipo redactor do Plan Especial do Ensanche e cos técnicos municipais, materializándose pois dita edificabilidade tanto en plantas altas do

proxecto conxunto dos soares indicados 39-41, máis no que que se conveña, en planta ou plantas altas igualmente retranqueadas no edificio da mesma propiedade a executar no soar contiguo núm. 43, todo isto de xeito coordinado e consensuado entre os técnicos da propiedade, os do equipo redactor do Plan do Ensanche e os do Concello en canto ao detalle das solucións arquitectónicas definitivas.

II. Consonte dispón a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, correspóndelle á nosa Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de interese de Galicia, incluído o arqueolóxico (véxase a S TSX Galicia do 18/10/2006 –rec. 1/941/2004- sobre o ungüentario romano atopado en Vigo). Porén os concellos tamén deben protexer, defender, realzar e divulgar o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio histórico galego sitos no seu termo municipal, harmonizando dita protección cos dereitos dos propietarios do solo. As distintas administración públicas cooperarán e colaborarán para que as competencias respectivas nesta materia se exerzan de acordo cos fins previstos nesa Lei.

Por tal motivo, o Concello de Vigo considera prioritario -dando cumprimento ao ordenado pola Consellería de Cultura- acadar unha solución que permita a conservación no soar núm. 41 da r/Marqués de Valladares dos restos arqueolóxicos obxecto de protección, posibilitando, mediante convenio subscrito coa Xunta de Galicia (Consellería de Cultura), a musealización da porción de soar na que se emprazan estes restos, para permitir así non só a súa conservación, senón tamén o acceso libre de todos os cidadáns, como ben de interese xeral e co conseguinte valor tanto de índole cultural como turístico que isto lle xere á Comunidade Autónoma de Galicia.

O Concello de Vigo entende que é posible compatibilizar a conservación deses valores culturais co lexítimo dereito da propiedade a manter a súa indemnidade patrimonial. Para tal fin é necesario modificar a ordenación establecida para esas parcelas no planeamento vixente, de xeito que sen reducir a edificabilidade recoñecida á propiedade nas licenzas de obras concedidas, e compensándolle os prexuízos económicos que puidese non ter o deber legal de soportar, se protexan e *musealicen* os restos arqueolóxicos descubertos. Todo isto con respecto da legalidade vixente, mediante o establecemento da mellor ordenación posible para esa zona, atendendo aos principios de interese público, proporcionalidade e racionalidade.

III. Aos efectos de compatibilizar a conservación "i*n situ*" dos restos arqueolóxicos cos dereitos edificatorios do propietario do soar e licenza en curso de construción, proponse a subscrición deste convenio de planeamento entre o CONCELLO DE VIGO e "INVERSIONES PLAYA MAR SL", complementario do protocolo subscrito entre o Concello e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en data 26 de decembro de 2005. Na súa virtude contemplarase no futuro "Plan Especial do Ensanche", recentemente adxudicado e en fase de redacción de avance, ou no instrumento de planeamento que corresponda, unha ordenación específica nos soares núms. 39, 41 e 43 da r/Marqués de Valladares nos seguintes termos:

a) "INVERSIONES PLAYA MAR SL" comprometerase a ceder gratuitamente ao Concello de Vigo a titularidade da porción do soar núm. 41 da r/Marqués de

Valladares na que se atopan os restos arqueolóxicos, posibilitando así a súa conservación *in situ,* todo isto no marco do protocolo subscrito entre o Concello de Vigo e a Consellería de Cultura. Concrétase esta cesión nunha porción de solo de aproximadamente 227 m2 de superficie, grafiada no plano que se achega como núm. 1 do Anexo IV deste convenio.

b) Modificarase o planeamento vixente, co cumprimento dos requisitos legais esixibles, a fin de que nos referidos soares 39-41 da r/Marqués de Valladares se permita executar, previa licenza de obras, un proxecto unitario de edificio, que contemplaría como máximo a execución de plantas de sotos para garaxe-aparcadoiro, planta baixa e seis plantas -destinadas a vivendas-, así como unha planta superior –esta última cos seus recuamentos respectivamente dende a aliñación da r/Marqués de Valladares-, contemplando unha superficie total edificada sobre rasante de 5.510,74 m2 (4.850 m2 + 660,74 m2), cuxa distribución precisa se concretará nese proxecto construtivo de acordo cos técnicos do equipo redactor do Plan Especial do Ensanche e do Concello.

c) Ao mesmo tempo e segundo o exposto, tras esa modificación do planeamento, no soar núm. 43 da r/Marqués de Valladares poderase executar, ademais da reforma interior da edificación hoxe existente (planta baixa máis cinco plantas e un ático-aproveitamento baixo cuberta, cun recuamento respecto da fachada da r/Marqués de Valladares e r/Colón, previstos no planeamento vixente), unha nova planta retranqueada da superficie precisa para completar a edificabilidade sobre rasante conxunta establecida no apartado “b)” anterior, respectando os criterios de protección do edificio que se establezan no Plan Especial do Ensanche.

En consecuencia, esta edificabilidade que se materializará nos soares 39, 41 e 43 da r/Marqués de Valladares contemplarase especificamente na ordenación detallada do futuro Plan Especial do Ensanche, recentemente adxudicado e en fase de redacción de avance, ou no instrumento de planeamento que corresponda. Como consecuencia desta modificación entenderanse compensados todos os danos e prexuízos padecidos por "Inversiones Playa Mar SL" pola paralización pola Consellería de Cultura da execución da edificación autorizada na licenza de obras antes citada, diminución de edificabilidade derivada da protección dos restos arqueolóxicos esixida por dita Administración autonómica, custos de prospeccións arqueolóxicas, demoras, etc. así como pola asunción por parte de “Inversiones Playa Mar SL” dos custos da cimentación para a edificación que albergará a *musealización* e posta en valor dos restos arqueolóxicos e constitución de servidume de medianeira sobre o seu forxado para substentación da estrutura da nova edificación a executar xa por conta da Consellería de Cultura.

Por conta da Consellería de Cultura corren todos os custos derivados da *musealización* dos restos arqueolóxicos, incluíndo os custos de execución da estrutura exterior de protección na porción de soar obxecto de cesión, e no tratamento dos restos arqueolóxicos e a súa completa habilitación interior como museo de acceso ao público, conforme coas obrigas asumidas ao efecto pola Consellería de Cultura no protocolo subscrito entre ela e o Concello de Vigo en data 26 de decembro de 2005.

Ao Concello de Vigo corresponderalle a titularidade da porción de finca de aproximadamente 227 m2 de superficie na que se conservarán os restos arqueolóxicos. O acceso á zona obxecto de intervención arqueolóxica e *musealización,* efectuarase polos soares lindeiros traseiros, con saída á Praza de Compostela, por ser inviable o seu acceso polos soares con fronte á rúa Marqués de Valladares. Corresponde ao Concello xestionar a constitución voluntaria ou forzosa da servidume de paso correspondente.

IV. Partindo dos antecedentes expostos, considérase necesario e conveniente formalizar nun convenio urbanístico de planeamento os compromisos que se asumen polas diversas partes intervenientes, a fin de harmonizar os intereses públicos e privados antes apuntados, o que así acordan conforme coas seguintes,

**V.**

**CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA**.- Natureza xurídica, procedemento de aprobación e efectos do convenio.

Este convenio de planeamento urbanístico réxese polo disposto nos arts. 233 e ss. Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Unha vez subscrito someterase a información pública polo prazo de 20 días. Concluído ese período, o órgano que tivese negociado o convenio deberá, á vista das alegacións presentadas, elaborar unha proposta de texto definitivo, da que se dará vista a "Inversiones Playa Mar SL" para a súa aceptación, reparos ou no seu caso renuncia. O texto definitivo do convenio será ratificado polo órgano municipal competente, previo informe de fiscalización e dos técnicos municipais, debendo asinarse dentro dos 15 días posteriores á notificación da súa aprobación. Non producirá efectos en tanto en canto non tivese culminado dito procedemento.

Unha vez aprobado e asinado será obxecto de inscrición por "Inversiones Playa Mar SL" no Rexistro da Propiedade. Dita inscrición considérase condición suspensiva dos efectos do convenio.

**SEGUNDA.-** Obxecto do presente convenio:

Ten un dobre obxecto:

a) Modificar a ordenación urbanística dos soares núms. 39, 41 e 43 da r/Marqués de Valladares, identificados no plano unido, a fin de protexer os restos arqueolóxicos existentes, procurando manter a indemnidade patrimonial dos seus propietarios á vista das licenzas concedidas e dos prexuízos padecidos pola paralización das obras. A presente modificación compensa todos os danos e prexuízos soportados por “Playa Mar, S.L.” e que a renuncia a presentar reclamación indemnizatoria alcanza a todos os supostos enunciados no apartado c do expoñendo III do presente convenio urbanístico. Enténdese que, ademais dos realizados ata agora, inclúense a totalidade dos traballos arqueolóxicos que aínda quedan por rematar no solar, basicamente o tapado provisional dos restos e os puntalamentos sinalados na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 13 de decembro de 2002.

b) Establecer as condicións da cesión da porción de soar necesaria para a conservación dos restos arqueolóxicos, condicionada á referida modificación do planeamento.

**TERCEIRA**.- Trámites que se asumen para a edificación:

A) INVERSIONES PLAYA MAR SL, ou quen lle suceda nos seus dereitos, elaborará e presentará un proxecto reformado que contemplará a execución dun único edificio, no soar resultante da agrupación dos soares 39 e 41 da r/Marqués de Valladares. Nel deixarase como zona de protección exenta de edificación a que no plano anexo IV se delimita como tal.

INVERSIONES PLAYA MAR SL, ou quen se subrogue nos seus dereitos, comprométese a ceder ao Concello de Vigo, gratuitamente e libre de cargas, a superficie aproximada de 227 m2 afectada pola protección arqueolóxica. Tamén asume a execución da cimentación da edificación que albergará a *musealización* dos restos arqueolóxicos, así como a constitución dunha servidume de medianeira sobre o seu forxado para substentación da estrutura da nova edificación a executar xa por conta da Consellería de Cultura. Estas condicións imporanse con carácter suspensivo na licenza de edificación a conceder.

A edificación proxectada por INVERSIONES PLAYA MAR SL, axustarase ás condicións apuntadas na parte expositiva deste convenio, así como nas cláusulas do "Protocolo de intencións" subscrito entre a Consellería de Cultura e o Concello de Vigo o 26 de decembro de 2005, coas seguintes puntualizacións:

A.1.- Considerando os trámites legais que implicará ata a aprobación definitiva do novo PXOM en tramitación, así como do “Plan Especial do Ensanche” no que se emprazan os soares, poderase presentar por INVERSIONES PLAYA MAR SL un proxecto reformado relativo ós soares núms. 39 e 41, nos que con exclusión da porción afectada pola cesión para protección dos restos, contemplarase unha edificación conxunta de ambos soares coa edificabilidade e alturas permitidas polo planeamento vixente, cunha proposta arquitectónica a someter á aprobación da Comisión de Seguimento do actual Plan Especial de Edificios a Conservar, outorgándose a continuación a licenza municipal de edificación, sen necesidade de agardar á aprobación definitiva do PXOM nin do Plan Especial do Ensanche, para a execución desa edificación conforme ao disposto no planeamento hoxe vixente.

A.2.- No Plan Especial do Ensanche establecerase, como unha ordenación específica aplicable aos soares que motivan este convenio –39, 41 e 43 da r/Marqués de Valladares-, as novas alturas descritas no expositivo “III” deste convenio, que se executarán trala aprobación de dito instrumento de planeamento e previa licenza de proxecto reformado-. Con isto “Inversiones Playa Mar SL” ou quen lle suceda nos seus dereitos, entenderase resarcida pola totalidade dos danos e prexuízos que lle ocasionou a paralización das obras de edificación que estaba executando no lugar, nos termos contemplados na parte expositiva deste convenio, renunciando a presentar reclamación indemnizatoria.

Do mesmo xeito, no soar núm. 43 da r/Marqués de Valladares, poderase executar a edificación descrita no expositivo “III” deste convenio, previa modificación da ordenación urbanística da parcela se fose necesario. No caso de que dita modificación non resultase necesaria bastará para a execución desas obras con que a entidade mercantil "Inversiones Playa Mar", ou quen se subrogue nos seus dereitos, presente o proxecto reformado e sexa autorizado pola correspondente licenza.

B) Unha vez realizada a cesión da porción de soar obxecto de protección, a execución da edificación e instalacións para a *musealización* da zona de protección, correrá por conta da Consellería de Cultura. Tamén se xestionará polo Concello de Vigo a constitución, voluntaria ou forzosa, dunha servidume de paso dende a Praza de Compostela tal e como se detalla no Anexo deste convenio.

C) Polo CONCELLO DE VIGO asúmese:

1.- A incorporación da ordenación prevista neste convenio ao planeamento urbanístico municipal, en particular ao Plan Especial do Ensanche en tramitación ou ao instrumento de planeamento que proceda, de maneira que se posibilite o outorgamento das licenzas de edificación nos soares 39, 41 e 43 da r/Marqués de Valladares nos termos anteriormente expostos. No caso de que procedese, a tramitación do procedemento alternativo pertinente para que dita finalidade poida alcanzarse.

Isto sen prexuízo, así mesmo, de que baixo a vixencia do actual planeamento, “Inversiones Playa Mar SL” opte pola presentación dun proxecto reformado axustado á normativa aplicable sen agardar á aprobación definitiva do novo PXOM e Plan Especial do Ensanche, de xeito que o Concello outorgue a correspondente licenza de reforma para a edificación conxunta dos soares núms. 39 e 41 da r/Marqués de Valladares, nos termos actualmente autorizados polo planeamento vixente. Posteriormente, trala aprobación da nova ordenación e autorización do correspondente proxecto reformado, sumarase a maior edificabilidade e alturas resultantes deste convenio. Con anterioridade do outorgamento de calquera licenza de construción ou de modificación das existentes, requirirá a previa obtención da correspondente autorización da Consellería de Cultura e Deporte.

2.- Os proxectos de edificación que se presenten sobre os soares núms. 39 e 41 da r/Marqués de Valladares consideraranse “reformados” do proxecto orixinario xa

autorizado e tramitaranse nese mesmo expediente de licenza, aos efectos fiscais que procedan.

3.- Consonte co exposto, trala aprobación definitiva deste convenio “Inversiones Playa Mar SL” poderá solicitar o outorgamento de licenza de edificación consonte coa edificabilidade resultante do planeamento hoxe vixente, con respecto aos solares 39, 41 e 43, de xeito que se execute a edificación resultante sen prexuízo da súa futura adición nos termos convidos, mediante a tramitación posterior dun proxecto reformado de modificación ou adición, unha vez adaptado ou modificado o planeamento vixente en execución deste convenio, que permita xa materializar toda a edificabilidade ou aproveitamento descrito na parte expositiva deste convenio. Tamén poderase optar por Inversiones Playa Mar S.L., se tecnicamente resultase máis conveniente, por agardar a aprobación definitiva do novo planeamento, para a presentación do proxecto reformado conforme ás previsións contidas neste convenio. En ambos casos “Inversiones Playa Mar SL” entenderase compensada pola perda de edificabilidade da porción a segregar, e demais custos e prexuízos derivados da paralización da obra e protección dos restos arqueolóxicos descubertos.

**CUARTA**.- Incidencias durante a tramitación e execución do convenio

Se no proceso de aprobación, ratificación e execución das estipulacións deste convenio de planeamento urbanístico, xurdisen obstáculos que alterasen o pactado no seu contido, as partes acordan salvar a validez en todo o posible das súas estipulacións, adecuando de mutuo acordo aqueles pactos que se deban modificar, de xeito que se respecten sempre ao máximo os obxectivos que constitúen o fin do convenio.

No suposto de que este convenio non se puidese levar a efecto por causa imputable á Administración pública e en prexuízo da mercantil “Inversiones Playa Mar SL”, esta última resérvase o dereito a reclamar indemnización polos danos e prexuízos efectivos padecidos como consecuencia da paralización das obras e pola mingua de edificabilidade que supón a protección dos restos arqueolóxicos, de acordo co disposto na lexislación reguladora da responsabilidade patrimonial das Administracións públicas (arts. 139 e ss. Lei 30/1992, do 26 de novembro).

A subscrición e posterior ratificación deste convenio de planeamento urbanístico non implica en ningún caso a asunción polo Concello de Vigo da responsabilidade patrimonial que lle puidera corresponder a outras administracións públicas distintas con motivo dos feitos dos que trae causa.

**QUINTA**.- **Xurisdición.**

Este convenio de planeamento ten natureza xurídico-administrativa. Réxese en todo o non previsto no mesmo polo disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística de Galicia e -no seu defecto- pola lexislación de réxime xurídico das Administracións Públicas.

En proba de conformidade, e ante o Sr. secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, por delegación do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local,

que dá fé do acto, ambas partes asinan o presente convenio no lugar e data sinalados no seu encabezamento."

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 24 de maio de 2007, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o texto do convenio de planeamento urbanístico transcrito na parte expositiva deste acordo, sobre os soares núms. 39, 41 e 43 da r/Marqués de Valladares, con motivo da conservación e *musealización* dos restos arqueolóxicos descubertos neles (expte. 4662/401).

Segundo.- Notificar o presente acordo á entidade mercantil "Playa Mar, S.L." informando que deberá ser asinado o convenio no prazo máximo de quince días dende a recepción da notificación do presente acordo. Transcorrido este prazo sen que o asinamento tivese lugar, entenderase que renuncian a aquel ó abeiro do disposto no apartado 4º do artigo 237 da Lei 9/02, do 30 de decembro.

Terceiro.- Notifíqueselle o contido íntegro deste acordo á Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, ao equipo redactor do Plan Especial do Ensanche e ás oficinas municipais de "Barrios Históricos", "Patrimonio Histórico" e "Patrimonio".

13.- (70).- INTERPOSICIÓN DE ACCIÓN DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO DO 29.07.02 POLO QUE SE APROBOU DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 23 DO PXOM E DE 28.07.04 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PERI IV-01 SAN ROQUE. EXPTE. 10407/411.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xuño de 2007 o técnico de administración xeral e mailo director da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo emiten o seguinte informe:

"O 29.07.02 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (expte. 6527/411).

En data 28.07.04 por acordo plenario deuse aprobación definitiva o PERI IV-01 San Roque (expte. 81959/411).

O 9.03.07 (doc 70029565) preséntase escrito asinado por don Carlos Coladas Guzmán (achegando follas de sinaturas de 23 persoas), no que en síntese se solicita o seguinte: *"(...) Por lo expuesto solicitan: Tenga por presentado este escrito, por personados y parte a los que suscriben en su calidad de interesados administrativos, por unidos los documentos que se acompañan, y a su vista, por formulada acción de revisión de actos nulos o anulables dirigida contra el acuerdo de 29/07/02 del Ayuntamiento de Vigo por el que se aprobó definitivamente la modificación puntual nº 23 del PGOU referido al ámbito <PERI IV-01 San Roque>, y contra el acuerdo de 28/07/2004 del Ayuntamiento de Vigo por el que se aprobó definitivamente el PERI IV-01 San Roque, todo ello según los hechos, Fundamentos de derecho y acciones que se dejan manifestados, alegados y ejercidos en el texto de este escrito; para en su día acordar la apertura del expediente, emisión de informes técnicos y jurídicos, y previa audiencia a los interesados, resolver proponiendo la nulidad o lesividad de los actos, tras la que se evacuará el trámite del dictamen del órgano consultivo competente y en definitiva se acuerde la nulidad o anulación de los actos contra los que se dirige y en consecuencia se reconozca que la parcelas de los accionantes son SUC manteniendo los derechos inherentes a tal clasificación (...)".*

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Natureza dos acordos plenarios de data 29.07.02 e 28.07.04 consistentes na aprobación definitiva da modificación puntual número 23 e do PERI IV 01 San Roque respectivamente.- Os instrumentos de planeamento urbanístico teñen a natureza de disposición administrativa de carácter xeral ou regulamentaria. O carácter regulamentario é recollido pola Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, a regulación legal de tipo urbanístico que ven dada pola propia Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Así mesmo o carácter normativo do planeamento (e as súas modificacións) dedúcese da concorrencia das seguintes características: O planeamento é o resultado da utilización dunha técnica de remisión normativa, concorren as notas de abstracción e xeneralidade propias da norma xurídica, empréganse termos e procedementos propios das normas xurídicas etc...(STS 15.06.87, 25.03.91, 20.12.94, 2.3.93, 18.3.92, 23.2.92 etc...).

2.- Admisibilidade da acción de revisión presentada o 09.03.07.- O apartado primeiro do artigo 102 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das

Administracións Públicas e procedemento administrativo común, dispón o seguinte: *"(...)1.- Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 62.1. 2.-Asimismo, en cualquier momento, las Administraciones públicas de oficio, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma si lo hubiera podrán declarar la nulidad de las disposiciones administrativas en los supuestos previstos en el artículo 62.1 (...)".* Dunha rápida lectura dos dous apartados, dedúcese que o primeiro apartado regula a acción de revisión pero unicamente de actos administrativos e non de disposicións administrativas de carácter xeral. Así mesmo o apartado segundo efectivamente regula a posibilidade de declarar de oficio a nulidade de oficio de disposicións administrativas de carácter xeral. En ningún caso se regula unha acción de revisión de regulamento ou disposición de carácter xeral. Téñase en conta a propia exposición de motivos da Lei 30/92, de 26 de novembro, mencionábase o seguinte: *"(...) Del juego explícito de los apartados 1 y 2 del art. 102 se deduce que en adelante queda excluida la acción de nulidad contra reglamentos –la revisión sólo podrá ser de oficio- aunque, naturalmente, nada impide recurrir el acto de aplicación y si prospera el recurso en sede jurisdiccional que el Juez ponga en marcha el procedimiento de la cuestión de ilegalidad para lograr los efectos <erga omnes> de la anulación (...).* A STS 16.11.06 (fundamento xurídico primeiro), motiva a resolución xuridical do seguinte xeito: *"(...) después de la modificación por la Ley 4/99, la Administración pública tiene potestad de tramitar un procedimiento para la revisión de una disposición general nula de pleno derecho, a que se refiere el artículo 62.2 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y procedimiento administrativo común, tal potestad administrativa no supone conferir a los particulares interesados el ejercicio de una acción de nulidad tendente a obtener dicha declaración de nulidad radical, lo que, además resulta lógico, dada la posibilidad que éstos tienen de impugnar en sede jurisdiccional una disposición de carácter general al ejercitar una acción frente a un acto de aplicación de la misma, basándose en que aquélla no es conforme a derecho (...) la revisión de oficio de las disposiciones de carácter general, el nuevo precepto no permite el ejercicio de una acción de nulidad por los interesados (...)".* Polo tanto, é evidente que non procede admitir a trámite a acción de revisión solicitada perante os acordos plenarios do 29.07.02 e 28.07.04 de aprobación definitiva da modificación puntual número 23 e do PERI IV 01 San Roque respectivamente.

3.- Solicitude de extensión dos efectos da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 22.11.05.- A resolución xudicial aludida conclúe o seguinte: *"(...) Estimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por (...) contra el Acuerdo de 29.07.02 del Ayuntamiento de Vigo por el que se aprobó definitivamente la modificación puntual nº 23 del PGOU referido ámbito <Peri IV-01 San Roque>, y anulando dicho acto, por ser contrario a derecho, en cuanto califica como urbano no consolidado el solar nº 1 de la Calle Couto de San Honorato, y declaramos que debe ser clasificado como suelo urbano consolidado (...)".* Como se pode comprobar da simple lectura da sentenza, recoñécese o carácter consolidado duns determinados predios incluídos dentro do PERI IV-01 San Roque. No escrito se

menciona acertadamente que o artigo 72.2 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contenciosa-administrativa, as resolucións xudiciais de anulación dunha disposición ou acto administrativo, producirá efectos para todas as persoas afectadas e as estimacións de pretensións de recoñecemento ou restablecemento dunha situación xurídica individualizada só producirá efectos entre as partes (apartado terceiro). A extensión dos efectos dunha sentenza a terceiros ven regulada no artigo 110 do mencionado texto legal, pero limitado unicamente a materia de persoal e tributaria. Por outra parte, no expediente non consta que as persoas que pretenden a acción de revisión se atopen en situación xurídica idéntica e non corresponde a esta administración o recoñecemento da extensión dos efectos, tal e como se menciona no artigo 110.2 da Lei 29/98.

4.- Solicitude da suspensión dos efectos dos acordos plenarios de data 29.07.02 e 28.07.04.- Dado que non procede admitir a acción de nulidade solicitada, non se estima necesaria a adopción de medida cautelar ningunha no sentido de exceptuar a vixencia indefinida das disposicións administrativas de carácter xeral. A suspensión dos efectos dun planeamento (e mesmo das súas modificacións) ven prevista en diversos supostos na lexislación urbanística en vigor, sen prexuízo da posibilidade que nun proceso xudicial o órgano competente.

5.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta que a aprobación de disposicións administrativas xerais (artigo 123.1.i da Lei 7/85, do 2 de abril) e que a revisión de oficio dos seus propios actos e disposicións correspóndelle ó Pleno do Concello, a atribución para a declaración de inadmisibilidade da acción de revisión, é do Pleno."

Polo anteriormente exposto, os informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 23 de xullo de 2007, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Non admitir a acción de revisión de oficio presentada o 09.03.07 perante ós acordos plenarios de data 29.07.02 e 28.07.04 de aprobación definitiva da modificación puntual número 23 e do PERI IV-01 San Roque.

Segundo.- Desestimar a solicitude de extensión de efectos da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 22.11.05 por non se dar os supostos

previstos no artigo 110 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

Terceiro.- Desestimar a solicitude de suspensión da vixencia dos efectos da modificación puntual número 23 e do PERI IV-01 San Roque.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás persoas que presentaron a aludida acción de revisión, comunicándolles que contra o mesmo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes ante esta mesma administración ou contencioso-administrativo perante no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Vigo.

14.- (71).- RECTIFICACIÓN/ACLARACIÓN DO PUNTO 19.10 DA NORMATIVA URBANÍSTICA DO PERI IV 01 SAN ROQUE. EXPTE. 8159/411.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de xullo de 2007 o técnico de administración xeral e mailo director da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo emiten o seguinte informe:

"O 29.07.02 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (expte. 6527/411).

En data 28.07.04 por acordo plenario deuse aprobación definitiva o PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411) cuxo punto segundo da parte dispositiva dispuña o seguinte: *"(...) Aprobar definitivamente o "PERI IV-01-San Roque A", de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...)".*

O acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 05.08.04 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 25.08.04. Así mesmo, deuse traslado do mesmo á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda (hoxe CPTOT) o 2.12.04.

No apartado 19.10 e 19.11 do documento aprobado definitivamente "Condicións específicas da subzona BL3" e "Cadro resumo das condicións da zona BL" respectivamente, dispoñíase o seguinte:

*"(...) 19.10. Condicións específicas da subzona BL3.-*

- *Superficie total subzona BL3: 1.822 m2*

- *Edificabilidade residencial: 5.700 m2cR*
- *Edificabilidade comercial e terciario 4.303 m2cCT*
- *Total edificabilidade da Subzona 1: 10.003 m2c*
- *Edificabilidade homoxeneizada 9.572,70 m2c utc*
- *Nº de vivendas: 69*

*Parcelas de ordenación da subzona BL-3*

| *PARCE-LA* | *SUPERFI-CIE (M2 SOLO)* | *OCUPA-CION SOBRE RASANTE* | *CESIÓN USO DE SUPER-FICIE* | *ALTURAS* | *USOS POR PLANTAS* |
|---|---|---|---|---|---|
| *BL3-1A* | *318 (*)* | *318* | *34,96* | *VI Baixo + cinco + baixo cuberta* | *Comercial e Terciario:Plantas I, II, Residencial: Plantas III, IV, V, e baixo cuberta* |
| *BL3-1B* | *690 (**)* | *690* | *253,38* | *V Baixo + catro + baixo cuberta* | *Comercial e Terciario:Plantas I, II, Residencial: Plantas III, IV, V, e baixo cuberta* |
| *BL3-2* | *317* | *317* | *0* | *II Baixo + unha* | *Comercial e Terciario:Plantas I, II* |
| *BL3-3A* | *470* | *470* | *0* | *VI Baixo + cinco + baixo cuberta* | *Comercial e Terciario:Plantas I, II, Residencial: Plantas III, IV V, e baixo cuberta* |
| *BL3-3B* | *27* | *27* | *0* | *III Baixo + dous + baixo cuberta* | *Comercial e Terciario:Planta I Residencial: Plantas II , III e baixo cuberta* |
| *TOTAIS* | *1822(***)* | *1822* | *288,34* | | |

*19.11 Cadro resumo das condición da zona BL:*

| *ZONA OU SUBZONA* | *SUPERFICIE* | *EDIFICABILIDADE RESIDENCIAL* | *Nº DE VIVENDAS* | *EDIFICABILI-DADE COMERCIAL E TERCIARIA* | *CESIÓNS DE USO DE SUPERFICIE* |
|---|---|---|---|---|---|
| *BL1* | *8.538* | *22.644* | *275* | *17.096* | *1.095* |
| *BL2* | *5.673* | *10.747* | *130* | *8.113* | *1.985* |
| *BL3* | *1.822* | *5.700* | *69* | *4.303* | *0 (****)* |
| *TOTAL* | *16.033* | *39.091* | *474* | *29.512* | *3.080* |

Tralo exame da anterior ficha, detéctase un erro material ou aritmético nos seguintes puntos:

- Superficie de solo da parcela BL3-1 A (*): 318 (sendo o dato correcto 352,96 m2).
- Superficie de solo da parcela BL3-1 B (**): 690 (sendo o dato correcto 943,38 m2).
- Superficie total (***): 2.110,34.
- Cesión de uso de superficie da zona BL3 (****): 0 (cando o dato correcto é 288,34 m2).

Así mesmo, constátase unha incongruencia nos usos por plantas no sentido de obviar o uso da planta terceira das seis previstas para as parcelas BL3-1 A e BL3-3ª. A mesma situación prodúcese na planta segunda e terceira da parcela BL3-3 B. Tendo en conta a edificabilidade total por usos prevista no documento de ordenación, debe entenderse que todas elas teñen un uso comercial e terciario.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto da rectificación/aclaración ou interpretación que se propón.- A proposta que se somete a coñecemento do Pleno do Concello ten un dobre obxectivo. En primeiro lugar, rectificar os erros materiais ou aritméticos constatados nos puntos 19.10 e 19.11 da normativa urbanística do PERI IV 01 San Roque A e que se relacionaron na parte expositiva do presente informe. Por outra parte e en segundo lugar, trátase de realizar un acto interpretativo das mencionadas fichas no sentido de entender que a terceira planta prevista para as parcelas “BL 3-1 A” e “BL3-3 A” ten un uso residencial.

2.- Facultade da Administración para proceder á rectificación de erros materiais ou aritméticos detectados nos seus acordos.- O artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común dispón o seguinte: *“(...) As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (...)”.* Tal e como recoñeceu o Tribunal Supremo (Sentenza do 16.06.00, RX 2000\6700) e o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sentenza do 13.04.00 RXCA 2000\1323 e 15.11.2001 XUR 2002\53876), para a realización de dita subsanación de meros erros materiais ou aritméticos non existe un procedemento especial. Non obstante, por seguridade xurídica deberá adoptarse a devandita rectificación por acordo plenario.

3.- Facultade da Administración para interpretar as súas propias normas.- Sen prexuízo da aplicación das normas xerais de interpretación das normas xurídicas (artigos 3 e seguintes do Código civil), dentro do eido urbanístico o artigo 6º da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia obriga que as dúbidas na interpretación do planeamento urbanístico deberán resolverse tendo en conta os criterios de menor edificabilidade, de maior dotación para espazos públicos, de maior protección ambiental e aplicando o principio xeral de interpretación integrada das normas. Como quedou exposto, no presente caso trátase de realizar unha interpretación integrada no sentido de prever como uso comercial-terciario a terceira planta das parcelas BL3-1 A e BL3-3

A. No mesmo caso atoparanse as plantas segunda e terceira da parcela BL3-3B. Outra interpretación impediría a materialización do aproveitamento comercial-terciario ós propietarios do polígono 3º do PERI IV 01 San Roque A. Aínda cando non resulta necesario adoptar un acordo interpretativo dado que se deduce de xeito clarividente da documentación que obra no expediente, por seguridade xurídica e mellor coñecemento de todos os interesados, procede a publicación da parte dispositiva do presente acordo no DOG e no BOP.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 124.1.i da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aprobación definitiva dos instrumentos de ordenación que poñan fin á tramitación municipal é atribuída ó Pleno. En boa lóxica, para a adopción de calquera acto de rectificación de erro material, debe coñecer o mesmo órgano.

Polo anteriormente exposto, os informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 23 de xullo de 2007, propón ó Pleno da Corporación a aprobación do devandito acordo.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Guerra Fernández e Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Rectificar o erro material, aritmético ou de feito constatado nos puntos 19.10 e 19.11 da normativa do PERI IV 01 San Roque A (expte 8159/411) e, polo tanto substituír os cadros contidos na mesma por os seguintes:

*"(...) 19.10. Condicións específicas da subzona BL3.-*

- *Superficie total subzona BL3: 2.110,34 m2*
- *Edificabilidade Residencial: 5.700 m2cR*
- *Edificabilidade comercial e terciario 4.303 m2cCT*
- *Total edificabilidade da Subzona 1: 10.003 m2c-*
- *Edificabilidade homoxeneizada 9.572,70 m2c utc*
- *Nº de vivendas: 69*

*Parcelas de ordenación da subzona BL-3*

| *PARCELA* | *SUPERFICIE (M2 SOLO)* | *OCUPACION SOBRE RASANTE* | *CESIÓN DE USO SUPERFICIE* | *ALTURAS* | *USOS POR PLANTAS* |
|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *BL3-1A* | *352,96* | *318* | *34,96* | *VI Baixo + cinco + baixo cuberta* | *Comercial e Terciario:Plantas I, II, III Residencial: Plantas IV, V, VI e baixo cuberta* |
| *BL3-1B* | *943,38* | *690* | *253,38* | *V Baixo + catro + baixo cuberta* | *Comercial e Terciario:Plantas I, II, Residencial: Plantas III, IV, V, E baixo cuberta* |
| *BL3-2* | *317* | *317* | *0* | *II Baixo + unha* | *Comercial e Terciario:Plantas I, II* |
| *BL3-3A* | *470* | *470* | *0* | *VI Baixo + cinco + baixo cuberta* | *Comercial e Terciario:Plantas I, II, III Residencial: Plantas IV, V, VI e baixo cuberta* |
| *BL3-3B* | *27* | *27* | *0* | *III Baixo + dous* | *Comercial e Terciario:Planta I, II III* |
| *TOTAIS* | *2110,34* | *1822* | *288,34* | | |

*19.11 Cadro resumo das condición da zona BL:*

| *ZONA OU SUBZONA* | *SUPERFICIE* | *EDIFICABILIDADE RESIDENCIAL* | *Nº VIVENDAS* | *EDIFICABILIDADE COMERCIAL E TERCIARIA* | *CESIÓNS DE USO SUPERFICIE* |
|---|---|---|---|---|---|
| *BL1* | *8.538* | *22.644* | *275* | *17.096* | *1.095* |
| *BL2* | *5.673* | *10.747* | *130* | *8.113* | *1.985* |
| *BL3* | *1.822* | *5.700* | *69* | *4.303* | *288,34* |
| *TOTAL* | *16.033* | *39.091* | *474* | *29.512* | *3.368,34* |

(...)”.

Segundo.- Entender que a terceira planta das seis que prevé o PERI para as parcelas “BL3 1 A” e “BL3 1 B” e a segunda e terceira da parcela “BL3-3 B”, teñen un uso comercial-terciario.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no BOP e no DOG. Notificar o seu contido íntegro ós propietarios incluídos no polígono 3º do PERI IV 01 San Roque A, así como á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, con indicación que contra o mesmo cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A PRESIDENCIA: Seguindo a norma acordada polo Pleno procedemos a gardar un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero.

*Neste intre a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.*

15.- (72).- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GPM DO PARTIDO POPULAR DE INSTAR Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA QUE ACOMETA OBRAS DE MELLORA E URBANIZACIÓN EN VARIAS RÚAS E AVENIDAS DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de xullo de 2007, a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

"O goberno local do PP realizou, ao longo do seu mandato, numerosas xestións coa Consellería de Política Territorial para que o goberno da Xunta de Galicia acometera as obras de mellora da urbanización dos viais Avda. de Castrelos e máis Avda. de A Florida, que son da súa competencia e que se atopaban en lamentable estado.

Inda máis, xa que o goberno municipal do Partido Popular estaba a realizar numerosas intervencións urbanas de humanización dos espazos públicos, negociouse coa Consellería a oportunidade que suporía abordar as melloras con criterios urbanos, atendendo ao modelo que se estaba a impoñer con éxito en diferentes zonas da cidade.

A pesar das enormes dificultades que supuxo esta negociación, finalmente o acordo foi posible. A Consellería acometería as obras de mellora destes dous viais, netamente urbanos, nos que residen milleiros de vigueses e que son de titularidade autonómica, segundo os proxectos elaborados e pagados dende o Concello de Vigo e que foron acordados cos colectivos veciñais da zona.

Mais diante da insistente negativa da Consellería de Política Territorial para asumir o custo do soterramento dos contedores de lixo, que a xuízo do goberno municipal do Partido Popular resultaban indispensables para executar un proxecto de calidade, o goberno local comprometeuse a asumir o seu financiamento, tal e como se lle comunicou á Consellería.

Ó tempo, dende o goberno municipal do Partido Popular solicitouse á Consellería de Política Territorial a execución das obras de urbanización das rúas Gómez Román e Canido, de competencia autonómica, obras que a día de hoxe aínda non foron acometidas.

Os proxectos e orzamentos están rematados e os acordos pechados. Diante destes antecedentes o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación municipal de Vigo tome o acordo que segue:

Instar á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia para que acometa de contado as obras de mellora e urbanización das Avenidas de A Florida e Castrelos e mailas rúas Gómez Román e Canido, segundo os proxectos elaborados polo Concello de Vigo a tal fin."

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos a este Pleno unha moción para instar á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia que acometa as obras de mellora e urbanización das avenidas da Florida e Castrelos e mais das rúas Gómez Román e Canido, cos proxectos elaborados polo Concello de Vigo a tal fin.

Explicamos cal é a filosofía destas tres mocións que presentamos no día de hoxe.

Nós tiñamos un compromiso electoral. Hai tres liñas de actuación na nosa política de oposición que imos ter claras; en primeiro lugar facer propostas construtivas na medida que poidamos; en segundo lugar facer un control e unha fiscalización do goberno como ten que ser o papel da oposición e a terceira liña vennos engadida a maiores pola actitude do goberno e evidentemente é contestar cando se calumnie, se difame e se tente desprestixiar ó goberno anterior.

Coido que agora entramos na segunda parte desas liñas de actuación e estas tres mocións que presentamos enmárcanse dentro desa política de propostas para tentar defender o noso programa electoral, o noso compromiso cos cidadáns.

Nós tiñamos dous ou tres compromisos importantes antes do verán por se tivésemos a responsabilidade de gobernar esta cidade. Un era elaborar un orzamento, o segundo levar a cabo a continuidade do plan parroquias e o terceiro seguir facendo control daqueles compromisos que se tiñan con outras administracións.

Isto que temos aquí era un compromiso coa Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia que no seu día se negociou pola alcaldesa e logo polos responsables de Vías e Obras coa propia Consellería, chegouse a un acordo coa delegada de Política Territorial, fixéronse unha serie de rectificacións nos proxectos iniciais que se presentaran con respecto á avenida da Florida e Castrelos, había xa un orzamento que en total superaba os 11 millóns de euros, logo se chegou a un acordo cos colectores, unha parte financiábase dende o Concello e outra dende a

propia Consellería. Polo tanto ese acordo está totalmente establecido e logo por cuestións electorais, puramente políticas dunhas eleccións, dende a propia Xunta de Galicia se paralizou.
Hai un compromiso cos veciños destas zonas que nós, como responsables do Partido Popular, así o defendemos e gustaríanos que dende o Concello se fixeran as xestións correspondentes para que estes acordos previos se puidesen plasmar e se levase a cabo a reforma destas tres zonas importantes da cidade, sobre todo porque son viais de titularidade da propia Xunta de Galicia e consideramos que están en mal estado e que o Concello de Vigo non pode ter estas rúas e beirarrúas cunha situación tan lamentable como a destes intres.
Polo tanto instamos a este Pleno para que se reconduza este tema e se inste á Xunta de Galicia a confeccionar e licitar estes tres proxectos que son importantes para a cidade de Vigo: para A Florida, para Castrelos e para a zona entre O Vao e Canido.

SRA. SILVA REGO: Señor alcalde, antes de comezar a dar resposta a esta moción que presenta a voceira do Partido Popular, como esta mañá imos de política, probablemente de demagoxia política, eu si que quería facer unha pequena exposición.
Primeiro, non me vou tomar moi en serio algunhas das cousas que aquí se escoitaron porque creo que os cidadáns queren que os seus representantes sexamos rigorosos e serios. Pero si que quedei un pouco preocupada polo Sr. Figueroa xa que ó longo desta mañá non deixou de repetir que neste Concello hai dous alcaldes; preocúpame porque só poden estaren a pasar dúas cousas: ou o Sr. Figueroa non sabe contar ou ten un problema ocular e ve dobre.
Aquí é bastante evidente e podémolo ver todos os que estamos presentes neste Pleno, hai un só alcalde que preside o Pleno e un goberno cunha clara vocación de gobernar esta cidade. En todo caso o que de verdade creo é que o Sr. Figueroa e a Sra. Porro non dan asumido que agora si hai un alcalde en Vigo. Un alcalde que fala, que se expresa, que ten un proxecto político e un modelo de cidade e que está decidido a gobernar co apoio, co protagonismo e a responsabilidade de dous partidos políticos: o PSOE e o Bloque Nacionalista Galego.

Un alcalde comprometido é o que non tivemos no mandato anterior. Mire se é así que os grandes temas sempre os tivo que defender os Sr. Figueroa, antes e agora tamén, non hai máis que ver quen está a falar hoxe neste Pleno por parte do grupo do Partido Popular. Quizais é porque o Sr. Figueroa foi o alcalde na sombra no mandato anterior e tamén agora é o voceiro na sombra neste mandato.

Eu coido que o Partido Popular ten que admitir que está na oposición e iso custa, seino; pero tamén lles quero dicir que non se preocupen, que aínda que lles leve tempo asumilo finalmente o farán. Eu coido que o Partido Popular pode seguir optando por facer demagoxia política ou pode tomar unha actitude responsable como oposición, teñen todo o dereito a facelo e a decisión dende logo é de seu. Un demócrata político non pode compartir esa forma de facer oposición. En todo caso se esa é a súa decisión eu non teño nada que dicir e por suposto acepto. Pero mentres, este goberno do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego o que van facer é dedicarse a gobernar.

Pasando xa a esta moción que hoxe presenta a voceira do Grupo popular teño que dicir que estamos a debater unha moción que resulta cando menos sorprendente porque non a quero cualificar de inaceptable. É sorprendente ou inaceptable, como vostedes prefiran, porque carece do rigor mínimo que se ten que reclamar dos representantes da cidadanía e voullo explicar.

Vostede, Sr. Figueroa e máis a Sra. Porro, saben que non podemos instar á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia para que acometa as obras nas avenidas da Florida e Castrelos que na súa moción reclaman porque esa Consellería aínda non recibiu os proxectos coas modificacións que se solicitaron cando vostedes eran o goberno municipal. Vostede e a Sra. Porro coñecen sobradamente que a súa obriga, porque eran o goberno, era remitir os proxectos de remodelación da Xunta e que cando o fixeron tiñan deficiencias. Por iso se lles pediu dende a Xunta que introduciran as modificacións precisas, fundamentalmente no relativo ás interseccións destas vías coas transversais así como a introdución de melloras. Non o fixeron e polo tanto a conclusión é ben fácil: esas obras que agora reclaman non se están a acometer pola ineficacia do anterior goberno do Partido Popular en Vigo.

Vostede, Sr. Figueroa, leva un cuarto de século dedicado á política local. 25 anos é tempo suficiente para coñecer en profundidade como funcionan os procedementos para realizar obras: primeiro temos que ter un proxecto, a Xunta ten que ter nas

súas mans ese proxecto. En definitiva, vostedes o fixeron mal e a Xunta aínda está a esperar por ese proxecto.

Por iso, créame, sorpréndeme esta petición aínda que eu coido que si que hai que facer esas remodelacións nesas rúas que aparecen na súa moción.

Eu só podo entender esta moción se penso que o único que perseguen é crear desacougo na cidadanía e nos homes e mulleres que viven nesas zonas. Zonas que se van remodelar, que non teñan ningunha dúbida nin os homes nin as mulleres que habitan nelas.

Polo tanto eu quérolles transmitir ós cidadáns unha mensaxe positiva: que esa remodelación se vai facer con este goberno, de feito xa estamos avanzando no ordenamento do tráfico que se vai establecer na avenida da Florida e na de Castrelos para poder proceder así ás modificacións necesarias que se lles reclamaron a vostedes e introducir ademais as melloras que permitirían que os dous proxectos sexan o mellor posible.

Repito novamente que as obras de mellora e urbanización que vostedes din reclamar vanse acometer porque esa é a vontade do conxunto deste goberno e da Consellería de Política Territorial.

Cando vostedes gobernaban non foron quen do facer, esa é a súa responsabilidade, non é a nosa nin a da Xunta. A nosa responsabilidade si que comeza agora e é que a partir deste momento se avance e os proxectos, non só estes, senón outros moitos, non sexan devolvidos polas carencias que con vostedes levaban.

No caso das rúas Gómez Román e Canido, vostedes saben que a encargada de redactar o proxecto era a Unidade de Estradas de Pontevedra. Eles si fixeron ben os deberes e eses proxectos xa están aprobados pola Xunta de Galicia, só falla neste caso que se adxudiquen as obras que, como vostedes saben, teñen un financiamento de 1.635.000 euros. Este proxecto, redactado pola Unidade de Estradas, contempla beirarrúas, firmes e servizos de urbanismo tales como alumeado, abastecemento, telefonía, etc. Como lles dicía agora só queda adxudicar a obra e esta é a diferencia entre uns e outros, uns quedan en facer uns proxectos, fanos ben e agora están aprobados.

Pero antes de rematar quero falar de dous temas que tamén teñen relación con esta moción. O primeiro é que vostedes expresan na motivación que, diante da negativa da Xunta para asumir o custo do soterramento dos colectores de lixo, o

goberno local que presidía a Sra. Porro comprometíase a asumir o seu financiamento. Eu pregúntolle, Sr. Figueroa, onde está contemplado ese financiamento? Con que cartos ían vostedes facer fronte a ese investimento que comprometeron? Se vostedes tiñan o financiamento a min encantaríame saber que é así pero dende logo eu non atopei onde estaba recollido o financiamento para ese soterramento. En todo caso e se estaba contemplado, agradarame moito escoitalo.

Finalmente tamén coido necesario que a cidadanía saiba que a súa mala xestión, por non ter redactado o proxecto como tiña que estar e obrigar á Xunta de Galicia a solicitar modificacións, vai supoñer como resultado engadido un sobre-custo de 10.000 euros ós que haberá que facer fronte co erario público dos vigueses e das viguesas. Non fun eu quen fixo este cálculo de 10.000 euros, senón a empresa "Tico Ingeniería, S.L." que é a que vostedes contrataron para que redactara os proxectos.

Coido que non é necesario facer máis valoracións, os feitos falan abondo por si mesmos. En todo caso si que quero volver repetir que as obras de mellora da urbanización vanse facer e ben; vaise remitir un proxecto mellorado á Consellería de Política Territorial por parte deste goberno e inmediatamente despois levaranse a cabo as obras de remodelación por parte desa Consellería. Quero que non teñan ningunha dúbida porque vai ser así. Este goberno e o da Xunta teñen unha total dispoñibilidade cara a realizar estas remodelacións. Por iso, porque temos a vontade das facer, vou presentar unha emenda alternativa na que se insta a acometer esas obras de remodelación por parte da Consellería unha vez que se remitan os proxectos.

Formulo a seguinte emenda alternativa: "Instar á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia para que acometa as obras de mellora e urbanización das avenidas da Florida e Castrelos unha vez que se reciban os proxectos por parte do Concello de Vigo, xa que no mandato anterior non se remitiron, e adxudicar as obras nas rúas Gómez Román e Canido".

Co fin de acadar que esta emenda sexa aceptada por todos estaría disposta a retirar que "no mandato anterior non se remitiron" e sinxelamente que quede claro que se vai instar a que se fagan esas obras sempre e cando teña a Xunta os proxectos.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Silva Rego, remítanos por escrito, por favor, a proposta para que conste. Habería quenda de réplica pero pasamos á intervención dos grupos.

SR. FIGUEROA VILA: A min gustaríame saber cal é o sistema a utilizar.

A PRESIDENCIA: Que haxa réplica ó goberno. Sr. Figueroa, ten a palabra.

SR. FIGUEROA VILA: Varias cuestións. A min non me gustaría entrar a debater coa Sra. Silva e sobre todo logo do que dixo o señor alcalde; pídolle ó alcalde que, se nos pide control ó grupo da oposición, que lle pida tamén ó goberno que fale dos temas da orde do día. Como nós aceptamos vaime ter que admitir falar do que é e do que non é da orde do día, Sr. alcalde.

Do que non é da orde do día, Sra. Silva, por suposto que non levo 25 que levo 20 anos pero sempre pasando polas urnas e cada día con máis votos. Vostede ten un problema, está aí “a dedo” polo apoio dunha única persoa que é o alcalde, senón non estaría nesta Corporación. Esa é a diferencia fundamental, mire que apoio me dá a min iso para poder falar diante de vostede. Vostede non pasou polas urnas, non é representante dos cidadáns e eu si.

A nós, para ben ou para mal, votáronnos 66.000 persoas. Se vostede quere entrar nese tipo de debate alá vostede, eu non o pretendía pero seren concelleira “a dedo” e polo apoio única e exclusivamente dunha persoa, terá a lexitimidade que vostede queira pero non unha autoridade “moi moral” para falar nun Pleno como vostede acaba de facer. Paréceme polo menos pouco respectuoso cunha persoa que pasou polas urnas e que ten 66.000 votos detrás con 13 concelleiros e o seu partido político. Non son 25, senón 20 anos pero repito que cada día con máis votos e de momento aínda nin o meu partido, nin os cidadáns me botaron; cando me boten xa falaremos.

Eu entendo que queira facer discursos políticos pero ó mellor son para outros lugares como o seu propio partido, aquí se os fai vai ter resposta como xa diximos. Nós non entramos, logo non nos culpen de seren nós os que comezamos os enfrontamentos; foi vostede quen fixo unha afirmación gratuíta, semella que

despectiva. Alá vostede, reciba a resposta única e exclusivamente como se merece, sen máis.

Con respecto á moción teño que dicir que nós mandamos o proxecto e pedíronnos unhas rectificacións. Evidentemente Sabiamos que antes das eleccións, sobre todo logo da política que estaba seguindo a Consellería de Política Territorial co Concello de Vigo, non se ía sacar a licitación do proxecto; demorárono, pediron máis informes e máis correccións e agora as correccións están feitas. Pero xa dixemos que este era un compromiso electoral, en absoluto falamos de xestión ou de que se o proxecto tiña que saír antes ou logo; dixemos en campaña electoral que un dos primeiros proxectos que levariamos a piques era chegar a acordos coa Xunta de Galicia para poñer este proxecto en marcha.

Dende logo que non imos aceptar a súa emenda por unha cuestión de principios, porque non tivemos culpa absolutamente de ren senón que pola contra e para que o saiban colaborouse coa Xunta de Galicia. Pedíusenos a nós o proxecto cando non era a nosa obriga senón que si o era de seu, tiñan que facer o proxecto porque a titularidade era da Xunta de Galicia e non do Concello. Á vista de que non se apuraba o proxecto e de que non se levaba a cabo, dende o Concello tomamos a iniciativa de elaborar os proxectos coa empresa TICO.

Coido que lle teñen que empezar a pasar xa os datos porque na sesión ordinaria de 30.04.07 presentouse unha modificación orzamentaria con dous expedientes, un dicía “4631622201. Instalación de colectores soterrados, humanización avenida da Florida” e outro “instalación de colectores soterrados, humanización avenida de Castrelos”. Polo tanto busque eses expedientes e mirará como iso xa estaba contemplado nunha modificación orzamentaria e como sempre o Partido Socialista votou en contra.

Como me molesta que fale vostede así voulle dicir para que eran os 10.000 euros, eran para publicidade e propaganda da Xunta de Galicia para poñer o seu logo. Que mal lle saíu este tema. O logo custaba 10.000 euros, había que poñelo e supoño que cunha empresa que ten a Consellería de Política Territorial e para iso facían falla eses 10.000 euros. Téñenlle que pasar ben a información. Supoño que eran para lle dar publicidade, facer a montaxe ou facer unha presentación.

Non se preocupen da organización do noso grupo. No noso grupo somos 13 persoas e cada quen desenvolve un papel. A nosa voceira desenvolverá o seu papel cando o

considere oportuno porque para iso é a nosa líder e ademais cun importante apoio da cidadanía. Seguramente iso é o que lles molesta a vostedes, que nós teñamos unha líder consolidada con 66.000 votos que fará o papel que crea oportuno, daralle xogo a cada un dos 12 membros restantes segundo considere axeitado e cada quen desenvolveremos un papel segundo a estratexia do noso grupo político e do noso partido.

Semella que a nosa voceira lles está molestando, xa a querían mandar para outra administración, queren botala de aquí pero, que lle imos facer, está aquí, vai estar aquí e imos estar os 13 compañeiros os tres anos e medio se ningún temos ningunha desgracia e polo tanto vannos ter que aguantar, sobre todo a ela.

A Sra. Porro vai facer aquí a oposición, vai ser a voceira do grupo maioritario da oposición con 13 concelleiros e vai marcar as liñas e a estratexia do noso grupo. Non se metan na nosa organización porque o seu voceiro é o número 9, a número 2 tamén está calada e polo tanto se queren falar diso comezaremos. Non empecemos con esas cuestións de organización.

Se vostedes queren abrir debate, o que queiran, buscando ou revisando calquera expediente da primeira á última letra, todo o que queiran vostedes, imos facer o que vostedes coiden que teñen que facer. Nos Plenos hai debates políticos, o alcalde xa lle permitiu a vostede, Sra. Silva, que abrira un debate distinto e se o abre nós continuarémolo. Temos tempo máis que suficiente para estudar os temas, preparalos e montar e deseñar a estratexia que consideremos axeitada.

Non sei por que están tan preocupados connosco cando teñen unha maioría suficiente, dous concelleiros a maiores non electos e dezaseis persoas para traballar. Sinceramente cando nós gobernábamos tiñamos pouco tempo para pensar na oposición; única e exclusivamente tiñamos tempo para pensar en como sacar os proxectos e nin así. Vostedes están gastando o tempo, están perdendo demasiado tempo. De todos os xeitos pensen que agora nós temos máis tempo ca vostedes, dígollo por experiencia.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, déixeme que lle clarexe algunha cuestión porque non sei se por ignorancia ou mala fe vostede semella descoñecer que a lei permite nomear delegados de goberno que teñen, neste caso a Sra. Silva Rego, a mesma autoridade que vostede porque está nomeada de acordo coa lei. Leis votadas

democraticamente e avaladas dende o Congreso dos Deputados e o Senado, polo tanto con toda a autoridade que marca a lei. Se vostede ten reticencias coas leis aprobadas fágao explícito e polo tanto manifístese na súa oposición, pero a Sra. Silva ten toda autoridade que confire a lei por seren nomeada.
Débolle clarexar que a lei confire esa capacidade única e exclusivamente ó alcalde e este fixo o uso desa autoridade para nomear a quen no seu criterio político lle parecía ía defender esta cidade. Polo tanto lle quero dicir que se vostede o ignora (cuestión posible) ou se vostede faino con mala fe (cuestión que descoñezo) nos dous casos está cometendo un erro político moi grave e está vostede entrando nun terreo que persoalmente non lle aconsello.
Ten a palabra, Sra. Silva Rego.

SRA. MÉNDEZ MARIÑO: Solicitamos a palabra antes, Sr. Alcalde.

A PRESIDENCIA: Vai responder agora o goberno e logo falan os grupos.

SRA. SILVA REGO: Señor alcalde, agradézolle que lle lembrara ó Sr. Figueroa o contido da lei pero a min ese tipo de comentarios non me afectan en absoluto. Eu levo moito tempo en política, dende que era ben moza e este tipo de argucias nin me sorprende, nin me poñen nerviosa, nin me fan perder un minuto de tempo. Sei por que estou aquí e para que estou aquí, estou aquí para traballar por Vigo, porque teño o apoio non só do alcalde, que é o único que pode nomear ós concelleiros non electos, senón que teño o apoio de todo o meu grupo político e sobre todo teño todo o apoio do Partido Socialista de Vigo, de Galicia e do Estado co que me sinto moi arroupada, moralmente moi convencida e disposta a traballar por esta cidade.
Eu si que lle quero dicir a vostede, Sr. Figueroa, que a quen non ten que facer falar é a min, coido que é mellor porque se teño que falar van saír cousas que pretendo que non saian porque coido que temos que evitaren este tipo de enfrontamentos. O único que eu fixen hoxe foi...

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, se vostede respectase o uso da palabra como respectaron os grupos o seu poderíamos avanzar. Leva vostede interrompendo todo

o Pleno e é unha actitude intolerable. Por favor, deixe que falen as quendas de palabra.

SRA. SILVA REGO: Sr. Figueroa, eu vin a esta cidade con ánimo de servizo exclusivamente e ademais convencida de que era un erro o enfrontamento polo enfrontamento pero é inevitable non contestar á demagoxia política que vostede fai neste Pleno. Calquera persoa que teña un mínimo de alma política ten que contestar.
Vostede é quen abre debates falsos falando de dous alcaldes, dous gobernos, que se os cidadáns teñen que ir ver ó tenente de alcalde para acadar cousas... É vostede quen abre este tipo de debates e non nós.
Tamén lle digo que cada vez que vostede abra un debate eu voulle contestar, teño a mesma capacidade moral ca vostede. Espero que isto non siga así e pídolles que non siga así, que todos fagamos un esforzo para que non sexa así, pero teñen que empezar vostedes a facelo porque foron vostedes os que iniciaron no anterior Pleno e tamén neste este tipo de debate inútil, que non leva a ningures e que só pretende convencer non sei a quen porque estou segura que non ós cidadáns.
En todo caso, volvendo falar da moción, Sr. Figueroa, dicirlle que non saio do meu pasmo porque vostede si que manipula e falla á verdade en relación con esta moción.
Primeiro presenta unha moción para instar á Xunta de Galicia a realizar unhas obras que aínda non teñen proxecto porque aínda non se remitiu o proxecto modificado que se reclamou. Isto é así e non o digo eu, dino os técnicos.
Agora, na súa segunda intervención tampouco quere asumir a súa responsabilidade de que esas modificacións non estean feitas. Pois ben, a min non me preocupa que vostede non asuma esas responsabilidades pero o que si me preocupa é que esas remodelacións se fagan e vanse facer porque xa estamos introducindo os elementos das modificacións que reclamou a Xunta de Galicia e manteño a nosa emenda porque a nosa vontade é que se fagan co que lle reclamaremos á Xunta que faga esas obras unha vez que teña os proxectos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Teño que dicir que eu pensaba que neste novo mandato, nesta nova xeira que comezou, non teríamos nin a liorta, nin o debate que houbo

na anterior Corporación e que por fin as augas, unha vez pasadas as eleccións, se calmasen e todos viñésemos aquí traballar pola cidadanía, sacar os proxectos, rematar canto antes e ir traballar ós nosos respectivos lugares. Vexo que isto non é así, que o Partido Popular segue na liorta.

Teño que dicir antes de nada que coido que todos os compoñentes desta Corporación temos a mesma lexitimidade e ademais diso eu teño tamén un pouco de memoria porque como vostede, Sr. Figueroa, estiven na anterior Corporación e sei que a moción que traen a Pleno foi unha moción que presentou o BNG no anterior mandato precisamente para instar a vostedes que eran goberno daquela para que traballaran conxuntamente coa Xunta de Galicia, coa Consellería de Política Territorial, para que a cidadanía de Vigo tivera os servizos, as humanizacións e se fixera o preciso. Pero vostedes durante todo o tempo da lexislatura, como estiveron na liorta igual que están agora, non foron quen de acadar axilizar os trámites precisos e ter o diálogo institucional necesario coa Consellería de Política Territorial para que isto se levase adiante.

Nós non imos por ese camiño porque o que nos importa, repito, é a cidadanía e coidamos que esta moción si se debe aprobar coa modificación da emenda que se acaba de expoñer por parte do goberno.

Polo tanto imos votar a favor coa emenda e nós amosaremos que con diálogo, traballo e vontade política si se poden acadar cousas para esta cidade, cousa que vostedes moito laiarse pero non foron quen de conseguir.

SR. LÓPEZ FONT: Señor alcalde, gracias e gábolle a paciencia que ten á hora de regular este debate pero, se ben é certo que tentaremos reconducir esta situación na Xunta de Voceiros, pídolle que en todo caso non deixe actuar libremente ó Sr. Figueroa como o está a facer ó longo da sesión plenaria desta mañá. Como ben está a dicir vostede, está interrompendo permanentemente, vólveo tentar agora e coido que unha cuestión é aceptar intervencións longas, reiterativas maxino que co ánimo de aparecer publicamente, e outra cuestión é que se deben respectar as quendas de palabras e non se lle pode estar consentindo permanentemente que nos estea distraendo, interrompendo nunha clara falla de respecto e o máis sorprendente é que leva toda a mañá falando de respecto cando é o único que non o practica.

En relación co debate, como vostede entra eu tamén porque o único que trouxo aquí o debate de carácter xeral, crispado e con outras intencións, á marxe do que discutimos punto por punto neste Pleno, é vostede. Fíxoo na primeira sesión plenaria, estáo a facer hoxe permanentemente e con iso non nos vai convencer de que somos nós os que aproveitamos a resposta a calquera cuestión que se presenta para facer debates xerais. É vostede quen empezou insultando, quen comezou con definicións que coido non se deberían escoitar neste Pleno.
É sinxelamente a súa responsabilidade pero cando eu anteriormente lle dicía que non fai falla que nós lles desprestixiemos, é porque vostede se desprestixia a si mesmo. Se eu fose un cidadán que estivese aquí ou vira mañá os medios e tivera memoria sobre o que está dicindo estes días, mo confirmaría unha e outra vez. Polo tanto, independentemente do dereito que nos asiste a volverlle contestar, se se quere seguir desprestixiando, continúe.
Pero é que xa non é unha cuestión de desprestixio, é cuestión de reiteración na falla de respecto á lei. Eu non vou dar unha resposta tan brillante como a que fixo o alcalde en defensa da legalidade, pero si unha resposta política de que non pode vostede tentar menosprezar a unha concelleira, sexa quen sexa, desta Corporación porque lle asisten os mesmos dereitos que a vostede.
O paradoxo tremendo é que na súa anterior etapa de goberno tamén vostedes utilizaron esa figura. Con isto, se eu fose a señora Iglesias non me sentiría nada contenta logo da moi brillante exposición á marxe da lei, como xa lle dixo o alcalde, que vostede acaba de facer. Polo tanto eu, como vostede está permanentemente no bordo do respecto á legalidade, como o seu discurso é permanentemente de aceptación implícita só da lei cando coido que lle interesa, prégolle que non teña ese tipo de frases porque dende logo que non menospreza quen quere, senón quen pode e afortunadamente ós concelleiros que estamos aquí, por máis que o tente, Sr. Figueroa, non nos vai desestabilizar, nin menosprezar porque en suma, dígollo unha vez máis, quen se desprestixia é vostede a si mesmo.
Está permanentemente tentando volver atrás e volver a expedientes, ten referencias a que se 10.000 € eran de publicidade e demais, contradíse constantemente, en ocasións non quere volver atrás, noutras si. Dende logo que de publicidade (dado que entra en temas de debate xeral) vostedes deben saber moito

porque co que fixeron nos cinco meses anteriores ás eleccións, corrixido pola Xunta Electoral, evidentemente debe saber vostede moito de publicidade.

Enlazo coas mocións que vostedes presentan. Xa se lles contestou pero as tres mocións, porque cando lle interesa as agrupa e cando non as disecciona, son o exemplo de como gobernou o Partido Popular. Estas tres mocións que vostedes nos presentan hoxe en cadoiro son unha clara mostra de oportunismo político e novamente de engano á cidadanía. O que queren facer crer ós cidadáns con isto é que algún día acadaron un convenio coa Xunta de Galicia, acordaron un plan de humanizacións coido que por 17 millóns de euros, que suma o que ven nunha das súas propostas, e outra vez un plan parroquias con 50 millóns de euros e se vostede acuña determinados termos coido que canto máis fala máis se amosa e máis me dá a razón no que lle dicía anteriormente. Isto é unha boa proba de que a lexislatura anterior, os tres anos e medio do seu de goberno, son os anos da mentira.

Tal e como sacan un tema é permanente, dá o mesmo que se fale de orzamento, que se queiran abeirar en determinada paternidade de convenios cando non existen convenios. A vostedes vénselles as intencións ás leguas e o que pretende facer crer é que tivo marabillosas conversas coa Consellería de Política Territorial, que pobriño o goberno anterior, que como o tiñan abafado e viñan as eleccións e ademais non lle asinaron o convenio... Sr. Figueroa, todo para agachar a incapacidade e xa se facía mención anteriormente a que tiveron vostedes tres anos e medio. Non foron quen, reitéroo, de chegaren a diálogo institucional con ningunha administración, é isto precisamente o trazo máis definitorio dos tres anos e medio de goberno.

Polo tanto dende o goberno, como ben dicía a Sra. Silva Rego, novamente lémbrolle que concelleira con todos os dereitos por se é necesario que a vostede se lle repitan moito as cousas para que as asimile, nós si imos acadar este convenio coa Xunta de Galicia porque en todo hai dúas versións e tamén a Xunta de Galicia quería, mentres vostedes gobernaban, en beneficio da cidadanía de Vigo facer eficaces, materializar estes convenios e vostedes, coa intención de desacreditar á Xunta e ós que se ían presentar como alternativa nas eleccións municipais, non chegaron a acordo para ó final en campaña electoral transmitir a mensaxe de abafe, *victimismo* e demais.

Pois, Sr. Figueroa, as eleccións pasaron. Non estamos preocupados en absoluto por vostedes, estamos preocupados polo seu xeito de facer, pero o peor non é que esteamos preocupados os 16 concelleiros do goberno, o peor é que coido que teñen que estar preocupados os cidadáns ó comprobar que nin cen días dan a este goberno e que semella, un pouco na liña que se dicía anteriormente, que vai ser pola súa banda especialmente e polo seu grupo político, catro anos de obstrución.
Pero non se preocupen, vimos gobernar esta cidade con ilusión e por moitos anos que leve vostede, 20 ou 25, dáme o mesmo, e por pouco que levemos moitos dos que estamos aquí non nos van gañar nesa batalla. Se vostede vai ser belixerante nós tamén o imos ser e imos denunciar á cidadanía a súa capacidade de obstrución que xa comprobamos en escasamente mes e medio.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha cuestión de orde. Isto non ten ningún sentido e, por favor, dá igual quen empezara antes, imos esquecérmonos de quen o fixo. Eu pediría un pouco de cordura nun debate dunhas mocións e que nos cinguíramos realmente ó que vai na moción.
Tamén diría que coido que o mellor sistema é que haxa unha primeira intervención pola parte de quen defende a moción, que haxa a resposta do goberno, que fale o seguinte grupo e unha segunda quenda de réplica. Coido que é un sistema que axilizaría moito máis.
Pero si pediría como cuestión de orde que, por favor, este é o primeiro pleno ordinario da Corporación, sexamos quen de falar das cousas que realmente aquí se debaten. Dá igual quen empezara antes pero imos reconducir isto porque coido que non podemos empezar así, non ten maior sentido.

A PRESIDENCIA: Nesta sesión manteremos o sistema de dobre quenda; na seguinte se fará segundo o procedemento que acordemos na Xunta de Voceiros.

SR. FIGUEROA VILA: Sorpréndenos que vostedes primeiro tiren a pedra e logo agachen a man. Nesta moción nós non abrimos o debate político xeral, abriuno a Sra. Silva quen comezou falar de dous alcaldes, do comportamento, de que non ía seguir a recomendación do señor alcalde, falou de 25 anos... Pois cando unha persoa abre ese debate terá que ter unha resposta. Coido que vostedes están

demasiado obsesionados connosco e nós non temos os votos para sacar os temas adiante, téñenos vostedes, preocúpense de gobernar.
Sr. Font, quere que nós calemos sobre todo o que dixeron vostedes, o señor alcalde e algúns membros máis do seu goberno durante o último mes e medio? Non nos podemos calar porque temos dignidade, porque coido que fixemos as cousas ben, porque as fixemos polo menos con certa coherencia e pensando que faciamos o mellor.
Xa lle dixen anterior que poderemos cometer algún erro porque somos humanos pero vostedes montaron unha estratexia dunha escenificación pura e dura falando do goberno anterior e nós non podemos calar. Vostedes falan e nós estamos cen días calados. Saben que había un alcalde de Rois que lle dicía á oposición que falase calada? Vostedes pretenden iso, que falemos calados, que esteamos aquí, que vostedes digan o que lles pete, que fagan conferencias de prensa, que nos desprestixien, que falen da nosa xestión e que nós non podamos dicir absolutamente nada.
Este debate abriuno a Sra. Silva soa comezando falar dos anos pasados e estou na obriga de lle dicir que estou aquí porque me apoian os cidadáns e vostede está por unha lei co único apoio do señor alcalde; díxeno así, collan as cintas. Evidentemente está nomeada a dedo polo señor alcalde en base a unha lei, é así e non sei por que o señor alcalde se molesta con ese tema.
Señor alcalde, vostede pode poñer enriba da mesa todas as cuestións que coide oportunas; pero tamén supoño que non queda moi ben que o alcalde estea ameazando por baixo do micrófono; escoitóuselle perfectamente. Se o alcalde de Vigo ten algo que dicir dalgunha cuestión que a diga, que faga a denuncia que crea necesario, etc.
Polo tanto e en canto a esas ameazas veladas non temos medo absolutamente a nada. Aquí hai un efecto *boomerang*, cada quen que faga o que coide coa súa política. Vostede comezou a política de desprestixiar, de tentar buscar liorta, pois alá vostede se cre que de todo ten responsabilidade o Partido Popular; que o Partido Popular fixo mal todo, que o Partido Popular ten que facer revisión de todo o que fixo, teña coidado porque logo veñen os informes dos técnicos e non vaia ser que logo quede en mal lugar algún de vostedes ou propiamente vostede.

Tamén lle diría que se aconsellara ou que lle deran ben a información non vaia ser que haxa información mal intencionada ou envelenada e que queiran tentar confundilo. Espero que non porque vostede é unha persoa intelixente e supoño que se dará conta cando hai ese tipo de informacións. Coido que aquí se debatía unha moción e ó final saíuse outra volta do debate.
Sr. Font, en publicidade vostede e o Sr. Alcalde tamén son expertos pero xa falaremos dese tema, xa tocará noutro capítulo. Non quero reabrir outro debate porque senón teriamos que falar seguido; xa falaremos. Como dicía aquel alcalde falaremos calados.
Imos poñer a moción a votación tal e como a presentamos e non imos aceptar a emenda.

A PRESIDENCIA: Vótase a moción tal e como aparece redactada na proposta do Partido Popular.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Porro Martínez,
ACÓRDASE:
Rexeitar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do partido Popular, Sra. Porro Martínez, relativa a instar á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia que acometa obras de mellora e urbanización en varias rúas e avenidas da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (73).- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GPM DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A EXECUCIÓN DUN PLAN PARROQUIAS NO QUE SE RECOLLAN AS ACTUACIÓNS RECLAMADAS POLA FEDERACIÓN DE AAVV.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de xullo de 2007, a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

"O goberno municipal do Partido Popular elaborou, por vez primeira no Concello de Vigo o Plan Parroquias, un documento que planificaba os investimentos precisos para dotar ás parroquias da cidade dos espazos públicos necesarios, de novos equipamentos, mellorar o transporte e a seguridade… entre outras moitas accións. O primeiro Plan parroquias de Vigo rematouse unha vez consensuado co movemento veciñal.

Non obstante, este primeiro e ambicioso programa de actuación integral nas parroquias de Vigo non obtivo, entón, dos grupos municipais do PSOE, BNG e PG os votos precisos para seren executado, e tan so a metade do mesmo foi aprobado en Pleno e desenvolvido a seguir polo goberno municipal do PP.

Cara a un novo mandato, o goberno popular elaborou o denominado II Plan parroquias que se presentou diante do Pleno da Corporación este mesmo ano. Tratábase de acometer as accións que restaban do primeiro programa e máis novas actuacións. Este II Plan valorouse polos técnicos nun orzamento de 50 millóns de euros.

O pasado mes de xuño a Federación de AAVV presentou no Concello un Plan veciñal, no que se recolle o que os propios veciños e veciñas de Vigo reclaman para os seus barrios e parroquias en materia de limpeza, vías e obras, seguridade, transporte, saneamento e abastecemento, equipamentos e infraestruturas. Un documento a sumar ao II Plan parroquias existente.

Así, o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a que execute un plan parroquias no que se recollan as actuacións reclamadas pola Federación de AAVV xunto a outras que se estimen precisas, un plan de investimentos que mellore a calidade de vida dos cidadáns, equilibrando as dotacións e servizos no conxunto do territorio e cumprindo así o seu compromiso cos vigueses."

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Esperemos que non se abra outro debate, vou tentar cinguirme á moción.

Cando o Partido Popular estaba no goberno fixo unha serie de propostas con respecto a un plan parroquias, plan que logo se acordou coa Federación Veciñal, que máis adiante se rexeitou pola oposición na súa totalidade e logo unha parte dese plan se recortou polo Bloque Nacionalista Galego.

Dentro dos compromisos electorais da nosa campaña dixemos que nada máis chegar ó goberno poriamos en funcionamento un plan parroquias, plan que basicamente viría deseñado por esas propostas que se fixeron pola Federación Veciñal e pola recolleita de todas as inquedas que había.

O Plan Parroquias preséntase o 24 de abril do ano 2006 e rexéitase polo BNG e polo Partido Socialista cunha emenda do Partido Socialista e do Partido Galeguista, logo rexeitouse no Pleno. O 12 de maio volveuse presentar o II Plan Parroquias no que se fixo un recorte por unha emenda do BNG e aquel Plan Parroquias de 24/25 millóns de euros pasou a 16 e pico, 17 millóns de euros e executouse por ese importe.

Sorprende moitas veces cando se di que non hai investimentos nas parroquias tendo en conta que unha parte deles primeiro rexeitouse polo Partido Socialista e logo se acordou co Bloque Nacionalista Galego e por suposto que coa Federación Veciñal e polo tanto eses 17 millóns de euros están investidos nas parroquias e ademais se controlou pola propia Federación de Veciños.

Nós entendiamos que este Plan Parroquias que se puxo en marcha a mediados do ano pasado era insuficiente. Custou moito traballo facer as adxudicacións e as tramitacións de todos eses expedientes pero ó final se acadou esa tramitación e moitas das obras hoxe en día aínda están en marcha,  algunhas a piques de remataren como as do contorno de Helios-Bembrive e máis obras que xa iremos debatendo segundo se vaian poñendo en marcha.

A primeiros de ano presentamos o orzamento que se rexeitou e entendiamos que, para lle dar continuidade a ese Plan Parroquias, habería que facer outra proposta e así se fixo; levouse ó Pleno e rexeitouse pola Corporación porque se  dicía que era electoralista. No momento que se tomou esa decisión no Pleno díxose claramente que pola nosa parte, nada máis rematar as eleccións, iamos presentar o Plan Parroquias e iso é o que facemos no día de hoxe: instar ó goberno a que execute o Plan Parroquias no que se recollen as actuacións reclamadas pola Federación de Asociacións de Veciños xunto con outras que se estimen precisas. Evidentemente que deixamos o tema aberto porque o goberno ten a capacidade de tomar

decisións pero coidamos que sería bo retomar este tema e facer unha serie de investimentos mesmo con dotacións orzamentarias axeitadas con respecto á capacidade que teñamos de investimento.
Polo tanto nós seguimos cumprindo un dos compromisos que fixemos e que poriamos en marcha se fósemos goberno. Dende a oposición penso que esta é unha moción totalmente construtiva e esperamos o apoio de toda a Corporación.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: A verdade é que teño ganas de entrar en debate político pero coido que xa é abondo. De todos os xeitos hai que recoñecer que na oposición debe facer frío porque se nota moito, pero vou tentar limitar a resposta á moción en si mesma.
O Partido Popular alude na súa moción ó primeiro e único Plan Parroquias elaborado en Vigo, nunca ningún partido político elaborou un plan para mellorar Vigo, tiña que vir o Partido Popular coa señora alcaldesa á cabeza para resolver tan preocupante situación.
Saíu da sala o Sr. Figueroa e eu teño unha pequena dificultade porque tanto falar de non sei que historias de bi-alcalde e agora vexo bi-voceiros e entón me preocupa, pero como queda a Sra. Porro, voceira, pódeme responder ela.
Pode que teña vostede parte de razón porque xamais ninguén presentou unha lista de reclamacións veciñais diante dun Pleno municipal facéndoa pasar por un plan. Se tal proposta se puidera aceptar como admisible pódolle asegurar que á lista da compra que eu fago semanalmente na praza poderiámoslle chamar “plan de supervivencia a curto prazo da familia Abelairas”.
Sra. Porro, señores do Partido Popular, o dicionario da lingua galega define plan como: “Documento no que están contidos obxectivos de desenvolvemento económico, político e social, así como os medios e instrumentos necesarios para os materializar”. Vostedes presentaron este plan que non é máis que un listado de reclamacións que pesa aproximadamente 50 gramos. Ten oito páxinas referidas a obras e din vostedes que custa 50 millóns. Por que non 70 ou 110?
Nós si estamos traballando e si facemos as cousas con rigor e seriedade, cun proxecto para toda a cidade, sen cidadáns de segunda e de primeira, un proxecto que ninguén nos ven traer, un proxecto que sae de visitar rúa a rúa, parroquia a parroquia, necesidade a necesidade, consultando persoalmente cos veciños e coas

veciñas, coas asociacións, cos colectivos de afectados, con todas e con todos e a partir desas necesidades, coa súa correspondente valoración económica resultante dun anteproxecto, daremos prioridade á súa aplicación de acordo coa súa vixencia, necesidade e posibilidades económicas das que dispoñamos. Posibilidades económicas que, por moito que digan, saben vostedes que esquilmaron a facenda pública do Concello, gastaron en cinco meses o 97% do orzamento anual correspondente a 2007, teño arriba carpetas cheas de debuxos electorais sen absolutamente ningún orzamento nin valoración e lémbrolles que lles tivo que intervir a Xunta Electoral; só na Alcaldía dedicaron 856.000 euros e ademais non contaron aquí os contratos menores que disfrazaron con outros conceptos.
Nun alarde de cinismo político instan vostedes a este goberno municipal a que execute un plan parroquias similar ó que vostedes desenvolveron valorado nuns 50 millóns de euros cando eu coido que quedou suficientemente clarexado que quedaron a cero.
Os cidadáns teñen dereito a saber en que gastaron vostedes os cartos e eu, que a verdade é que ás veces cústame traballo escoitar, si o fixen, Sr. Figueroa e Sra. Porro, nas súas intervencións e pregaríalles que me escoitaran. Aquí está o listado que por respecto ós medios de comunicación e ós cidadáns non vou ler unha por unha pero si algunha delas como as beirarrúas de Manuel de Castro; voulles ler o alumeado do Nadal: 777.359,86 euros; a remodelación da zona das ostras: 123.279; as baixadas pluviais do Berbés: vintenove mil setecentos e pico, iso que din vostedes que non se debían; as obras da estrada Igrexa-Marcosende: 12.520,20 euros; as beirarrúas da Carrasqueira: 11.491; as beirarrúas de Manuel de Castro 13.035 euros; a humanización da Travesía de Vigo 737.479,93. Por certo, esquecéronse de que na Travesía de Vigo hai unhas transversais laterais nas que, miren por onde, viven cidadáns e nós estámolas facendo; o señor alcalde foi visitar a Travesía de Vigo e vendo o que acontecía alí imos asumir esas obras porque nas transversais tamén vive xente e non só onde se ve. Repítolle que o total de débedas é de 4.111.522,63 euros.
Imos votar en contra da súa moción porque nós nunca aplicaremos un plan como o que vostedes teñen a ousadía de nos esixir a nós. Nós aplicaremos un proxecto para toda a cidade de Vigo que responda ás súas necesidades, a orzamentos, a

estudos sociais e políticos, que responda e dea prioridade as necesidades e que solucione os problemas que teñen nas parroquias e que vostedes desatenderon.
O señor alcalde tenme que permitir dicir, xa que o debate foi tan extenso, que deses convenios dos que vostedes falan polos que se atreve vostede a chamarnos mentireiros, non sei se agora ou noutro momento da miña intervención, pero si quero facer alusión concretamente a dous convenios e un ten que ver coa última folga de Cespa. Cando vostede coide axeitado, Sr. Alcalde.
Sinxelamente unha pequena alusión a respecto dun convenio coa Comunidade de Montes de Candeán que acabamos de retomar agora mesmo onde vostedes, tamén alegremente, por unha cesión de terreos comprométense a gastar 300.000 euros cando se faga un edificio non sei cando, no cumio do Monte Vixiador para levar a luz; nós imos aprobar ese convenio con custo cero.
Prégolles que deixen ese camiño que transitan dende hai moito tempo e que deixen de confundir e tentar enganar ós cidadáns. Súmense ó consenso na seguridade de que os cidadáns de Vigo están desexando que se remate con esta crispación.
Moitas gracias, solicito o voto en contra para esta moción.

SR. FIGUEROA VILA: Só unha matización. Sra. Abelairas, pode dar os datos que considere oportunos cando queira e se quere neste Pleno nós estamos dispostos a escoitala que non fan falla conferencias de prensa porque no Pleno debatemos absolutamente todo, pero fagan o que coiden oportuno porque nós non nos imos meter na súa estratexia.
Sra. Abelairas, vostede di unha parte da verdade, o que non di é que esas obras son liquidacións, reformados e medicións que se fixeron a maiores; tampouco di que con esas obras tamén había unhas baixas e que contra esas baixas van as liquidacións.
Iso non o di vostede e polo tanto repito de novo que segue manipulando e nós non podemos calar porque hai unha relación de obras que están en base á tramitación dos expedientes administrativos e cando queiran miraranse unha a unha. Se son obras ilegais non sei por que as levan, por que as meten dentro da modificación orzamentaria. Porque as hai que pagar xa.

A PRESIDENCIA: Aconsellaríalle que deran unha conferencia de prensa porque ese punto non está na orde do día. Convén polo tanto que teñamos unhas normas de funcionamento. O que ten que ver coa folga de Cespa tratarase noutro Pleno, se é que chega, pero semella que non deberiamos estar continuamente en todos os temas.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sinxelamente pido o voto en contra desa moción.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Estamos un pouco despistados no que é o funcionamento do Pleno xa que ás veces non sabemos exactamente cando hai que intervir.
só quería matizar, tentar que a miña intervención sexa curta porque, como dixen moitas veces no anterior mandato, coido que tanto os xornalistas como a xente que está escoitando o Pleno merecen un respecto e coido que hoxe con estas intervencións dalgún xeito ese respecto non o estamos mantendo porque estamos aburrindo, repetindo argumentacións.
Coido que a estas alturas o Partido Popular aínda non se decatou de que está na oposición e pretenden seguir gobernando entón nos veñen con subterfuxios políticos a contarnos que existe un plan de parroquias, que está aí un segundo plan de parroquias e que nós, que somos o goberno, debemos aprobar o que eles non fixeron daquela.
Pero vostedes non o fixeron, non porque non tiveran axuda, non porque non tiveran colaboración, porque como o Bloque Nacionalista Galego foi unha oposición responsable, si colaborou para que a cidadanía de Vigo tivese aquilo que fose necesario e si que aprobamos no seu momento modificacións de crédito para que se fixeran as cousas como se tiñan que facer.
Pero vostedes saltáronse o mandato que lles deu este Pleno e fixeron o que realmente lles petou e ademais fixeron as cousas que ó mellor non eran necesarias pero que daban propaganda política. Falaron dun plan Coia que non existía, dedicáronse a mandar cartas ós cidadáns e ás cidadás de Coia e cousas polo estilo pero non cumpriron realmente co mandato desta Corporación que era que investiran as diferentes modificacións presupostarias que se fixeron para as necesidades desta cidade.

Quéixanse de que non tiveron orzamentos pero non foron quen nos últimos dous anos dos consensuar coa oposición e repito que fomos unha oposición construtiva, responsable e nunca nesta cidade tiveron a paz social que tivo o Partido Popular, que tivo a señora alcaldesa. Tivo paz social porque a oposición lla permitiu, porque lle aprobou o que tiña que aprobar e porque fixo que isto fose así dalgún xeito.
Pero vostedes non souberon aproveitar a súa oportunidade política, non foron quen de gañar as eleccións e sabían que a única maneira precisamente de seguir gobernando era ganar as eleccións. Quen se illan son vostedes, señores do Partido Popular, non precisamente o resto dos partidos políticos. Non as gañaron e non o asumen, entón véñennos agora cun plan parroquias que ademais nós non somos partidarios del, queremos un plan de investimentos para esta cidade que sexa global, con proxecto de futuro para poñer a Vigo no lugar onde se merece e onde vostedes dalgún xeito non foron quen de poñer.
Por último, dicir que o noso grupo vai votar en contra porque si cremos nun plan de investimentos para toda a cidadanía e lémbrolle, porque tamén teño memoria, que no primeiro Plan Parroquias vostedes limitáronse a facer beirarrúas por onde coidaron oportuno e esquecéronse por exemplo, e iso vai para a señora alcaldesa e para o Sr. Iglesias, de temas de benestar social, tivo que ser o Bloque Nacionalista Galego quen introducira precisamente nesa modificación de crédito as necesidades sociais, como por exemplo foron as UBAs de Coia e Teis. Quérolle lembrar esas necesidades que non foron quen de meter. Non sei o que pretenden agora con este segundo plan pero iso non é o que nós queremos e por iso ímoslles votar en contra.

SR. FIGUEROA VILA: Só para rematar dicir que nós imos poñer a votación esta moción.
Sra. Méndez, sabe que me custa o enfrontamento político con vostede por moitas cuestións pero si lle vou dicir unha cousa: vostedes teñen 44.000 votos menos ca nós.

A PRESIDENCIA: Por iso nós gobernamos e vostedes están na oposición.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Por alusións, Sr. Alcalde. Nós somos quen de chegar a acordos, entón sumamos uns e outros e así temos goberno. Iso é o que lle estou

dicindo, Sr. Figueroa, sabemos perfectamente que temos menos votos, que somos a terceira forza nesta cidade pero mire por onde estamos gobernando.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Porro Martínez,
ACÓRDASE:
Rexeitar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do partido Popular, Sra. Porro Martínez, instando a execución dun plan onde se recollan as actuacións reclamadas pola Federación de Asociacións de Veciños, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (74).- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GPM DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A EXECUCIÓN DE DIVERSOS PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de xullo de 2007, a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

“Vigo precisa de continuar no proceso de transformación urbana iniciado no pasado mandato a través de humanizacións coas que se ten acadado maior espazo público de calidade, máis equipamentos e zonas de lecer, melloras na ornamentación e alumeado…, un modelo de cidade que prima ao peón fronte ao vehículo rodado, que vertebra o territorio, que favorece o encontro e a convivencia cidadá namentres impulsa o comercio, a oferta de servizos… e contribúe ao desenvolvemento social e máis económico da cidade.

Vigo non pode paralizarse. Vigo é a primeira cidade de Galicia e o seu pulo e dinamismo reflíctese nos seus movementos urbanos. Cidadáns, empresas, industrias…, a vida cotiá na cidade non se detén. A obriga do goberno local é,

precisamente, establecer os instrumentos que favorezan ese pulo e, por iso, resulta preciso que o goberno municipal, entre outras actuacións, planifique para iniciar, de contado, novas intervencións urbanas que segan a permitir que Vigo medre namentres medra a calidade de vida de todos os seus cidadáns.

Así, o Grupo municipal do Partido Popular presenta ao Pleno da Corporación un plan de investimentos que contan xa con anteproxectos e valoración orzamentaria, o que, de se aprobar, axilizaría enormemente o procedemento administrativo previo á execución das obras de humanización.

O GM do Partido Popular formula a seguinte proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación:

Instar con urxencia ao goberno municipal para que execute os proxectos de humanización que a continuación se relacionan a partir dos anteproxectos xa redactados e en base ao orzamento previsto nos mesmos.

As actuacións son as que seguen:

- Coia: Humanización da rúa Vilagarcía
  Orzamento: 364.000 €
- Travesía de Vigo: 3ª e 4ª Fase
  Orzamento: 2.321.048 €
Polo que respecta ó Capítulo I relativo ós gastos de persoal, debemos subliñar en primeiro lugar que de conformidade co artigo 93.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora bases do réxime local, a competencia para a fixación e ampliación da contía global de retribucións complementarias de natureza variable corresponde ó Pleno da Corporación e en igual senso o artigo 5 del Real decreto 861/1986, do 25 de abril.

En segundo lugar que, como se ven subliñando nos diferentes informes emitidos por esta Intervención Xeral, nos expedientes individuais que, no seu caso se tramiten para o recoñecemento individual das retribucións de natureza variable (produtividade e gratificacións) haberán de se observar as "Instrucións de plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus OM"; tales instrucións realizan unha enumeración dos distintos supostos que dan lugar ó devengo das retribucións variables indicadas, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal xeito que a Xunta de Goberno Local en exercicio das súas competencias pode establecer outros supostos que dean lugar ó devengo das citadas retribucións, se ben os criterios e parámetros a ter en conta para a configuración de tales supostos e a súa asignación individual deberán contar cun grao de obxectividade suficiente para por de manifesto e xustificar o carácter singular e excepcional que debe presidir a distribución nominativa dos complementos retributivos correspondentes, para unha debida e necesaria observancia do ordenamento xurídico, en especial das limitación contidas ó respecto na Lei de Orzamentos xerais do Estado para o actual exercicio económico do 2007.

En terceiro lugar, queremos deixar constancia tamén do criterio do funcionario informante, xa exposto en anteriores informes, de que naqueles casos en que as modificacións orzamentarias propostas se refiran a novos compromisos de gastos cun devengo futuro periódico, deben financiarse con baixas parciais ou totais de créditos doutras partidas orzamentarias, que poidan reducirse sen perturbación do funcionamento norma do servizo ó que estiveran adscritos.

Por último queremos deixar constancia que nos supostos de insuficiencia de crédito orzamentario para dar cobertura ás obrigas derivadas de contratos vixentes, insuficiencia que ven determinada polo feito de que a prorroga presupostaria se vexa sorprendida polas actualizacións no tempo dos prezos dos contratos ou ampliacións das correspondentes prestacións, apréciase que as cantidades que se propoñen suplementar son inferiores nalgúns casos ás que figuran nos informes estimativos emitidos polos servizos afectados, e tendo en conta que tales gastos pola súa natureza contractual gozan de prelación respecto da súa cobertura orzamentaria sobre os de carácter voluntario, debe atenderse a tales obrigas con ulteriores modificacións presupostarias a medida que a execución do orzamento de ingresos vixente proporcione maiores ingresos sobre os estimados, que como é sabido son os correspondentes ás estimacións do ano 2005.

3.- Recursos financeiros.

Os recursos financeiros que se propoñen para o financiamento desta modificación de crédito son os seguintes:

En primeiro lugar proponse para o financiamento desta modificación de crédito o remanente líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na liquidación orzamentaria do último exercicio económico liquidado, isto é, o exercicio de 2006.

Recurso financeiro este que admite o apartado 4 do artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004 e o artigo 36.1.b) do RP para financiar créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O remanente líquido para gastos xerais que se deriva do orzamento do ano 2006, cuantificouse en 47.933.291,50 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos número 38/2007 (incorporación de remanentes de crédito): 23.039.462,55 euros e no expediente número 66/2007 de dotación de créditos extraordinarios aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 20 de abril de 2007: 5.552.756,22 euros, de onde resulta que o saldo actual do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, ascendería a 19.341.072,73 euros, suficiente para o financiamento parcial da modificación orzamentaria que se informa que ascendería a 9.161.314,08 euros.

De acordo co previsto na Orde do 20 de setembro de 1989, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, o remanente de Tesourería que financie parcialmente o expediente imputarase ó Capítulo VIII do estado de ingresos (activos financeiros), artigo 87 (remanente de Tesourería), subconceptos 870.00 (aplicación para financiamento de créditos extraordinarios), ou 870.01 (aplicación para financiamento de suplementos), segundo se trate de habilitacións de crédito e suplementos respectivamente.

En segundo lugar e por importe de 1.420.000,00 euros se financian os suplementos e créditos extraordinarios co recurso previsto no artigo 177.4 do TRLFL E 36.1.b) RP de maiores ingresos sobre os recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do estado de ingresos.

Na memoria da presidencia se relacionan os distintos conceptos nos que se teñen producido maiores ingresos sobre as estimacións figuradas no estado de ingresos do orzamento vixente, verificándose en todos os casos por esta Intervención que tales maiores ingresos cumpren o requisito legal de se a topar efectivamente recadados.

Finalmente e en terceiro lugar utilízanse como medio de financiamento novos ingresos, por contía de 3.730.000,00 euros, os cales se encontran efectivamente recadados segundo certificación da Tesourería municipal que se inclúe no expediente. O ingreso que se considera como novo polo importe indicado e o anticipo a conta da liquidación definitiva do exercicio 2005 dos tributos cedidos e da participación nos tributos do Estado. A posibilidade de utilizar este ingreso como medio de financiamento ven determinada pola súa consideración como novo e non como maior ingreso. De se lle dar a consideración de maior ingreso non sería susceptible de utilización pois os ingresos efectivos imputados ó concepto presupostario que reflicte en razón a súa natureza económica o recurso en cuestión, non superarían ó día da data a contía fixada como previsión no documento orzamentario no concepto correspondente e polo tanto non cumprirían o requisito requirido pola lexislación vixente. Pola contra de se considerar como novo ingreso, que é o que se fai na memoria incluída no expediente, non se require o requisito de que aquel estea efectivamente recadado (consulta 2/1994 Intervención General de la Administración del Estado), polo que podería ser utilizado como medio de financiamento, non obstante o anterior debe terse en conta que as previsións que se reflicten nos estados de ingresos do orzamento son meras estimacións e que os ingresos se estruturan en subconceptos, conceptos, artigos e capítulos en atención á súa natureza económica, tal como sinala o artigo 167 TRLRHL e orde do 20 de setembro de 1989, xa citada, que o desenvolve.

Debe subliñarse que, en calquera caso, non se cumpre no expediente o requisito previsto no artigo 37.2.c) de que cando no medio de financiamento sexan novos ou maiores ingresos, se acredite que o resto de ingresos veñen efectuándose con normalidade, agás que aqueles teñan carácter finalista ou afectados a gastos concretos.

Por outra banda, tendo en conta que os importes da modificación de crédito proposta e do recurso financeiro utilizado son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Finalmente é de subliñar que esta modificación non afecta ó índice de endebedamento previsto no artigo 53.2 do RD Lexislativo 2/2004, na medida en que os recursos que financian esta modificación orzamentaria non computan na carga financeira anual a confrontar cos ingresos ordinarios liquidados no período anterior a comparación os efectos de determinar a necesidade de autorización administrativa para a concertación de operacións de crédito.

4.- Estabilidade orzamentaria

Como consecuencia das limitacións expostas ó inicio deste informe, nestes aspectos remitímonos ó informe emitido polo funcionario informante de data 18 de abril do ano en que andamos en relación a expediente de modificación

orzamentaria número 66/2007, sometido á consideración do Pleno da Corporación en sesión do 20 de abril.

5.- Tramitación e aprobación do expediente.

Segundo os artigos 177.2 TRLRFL e 38 RP, serán de aplicación ós expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos aplicables os Orzamentos."

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 30 de xullo, prestou a súa aprobación ó presente expediente de modificación orzamentaria.

EXPLICACIÓN DA URXENCIA.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Eu quero introducir neste Pleno por procedemento de urxencia a Modificación Orzamentaria núm. 110/07 de crédito extraordinario-suplemento de crédito.

Xustifico a urxencia en base a que unha vez constituída a nova Corporación se procedeu a unha análise preliminar da situación tanto orzamentaria como financeira e atopámonos cunha situación que só podo valorar de auténtica catástrofe.

O gasto consumido do orzamento en xuño era do 96%, só quedaba dispoñible un orzamento de gasto voluntario para os seis meses que restan dun 4%. Isto é especialmente salientable en partidas como Vías e Obras que dun total de 2,8 millóns de euros só quedaron 57.000, ou en Educación que de 5 millóns e medio de euros só quedaron 46.000. A isto haille que engadir unha chea de débedas adquiridas e de compromisos contraidos sen o orzamento necesario, de déficits en contratos, de compromisos co persoal e que requiren unha solución urxente.

Temos unha serie de facturas que ascenden a máis de 4 millóns e unha serie de deficiencias que superan os 8 millóns de euros ás que é necesario respostar urxentemente. Tamén hai que buscar unha solución rápida e urxente para este orzamento de só o 4% dispoñible para os próximos seis meses. Se non se fai con urxencia unha modificación deste calado, o goberno non poderá seguir gobernando nos vindeiros seis meses. É unha auténtica situación de mans atadas.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Como é a primeira vez que eu interveño neste Pleno querería deixar constancia da preocupación que teño porque dá o mesmo ter unha

actitude que outra, dá o mesmo vir con propostas en positivo como foron as tres mocións para seguir traballando por zonas da cidade que obviamente en tres anos, logo de nos atopar unha cidade totalmente abandonada, non puidemos arranxalo absolutamente todo e hai que seguir traballando cóbado a cóbado e hai que sumar, pero eu quedo moi preocupada polas liortas permanentes, polas actitudes de estar coa espada en alto por parte dese goberno cando se están facendo propostas que o único que pretenden é contribuír a seguir traballando por Vigo.

Quedo aínda moito máis preocupada cando neste Pleno escoitáronse frases tan graves como a do voceiro do Partido Socialista que copiei textualmente: "Señor alcalde, non deixe actuar libremente ó Sr. Figueroa". Iso é para pasar á historia da democracia municipal. Vostede dixo iso, eu copieino textualmente e senón temos aí as gravacións. Coido que é unha actitude de auténtica prepotencia ditatorial, diría eu, a que están utilizando durante todo este Pleno, pisando e ameazando. A última chantaxe téñoa que contar, ouvina na porta por parte tamén do Sr. Font. A un comentario que lle fixen, coido que con toda a corrección pola miña banda, díxenlle que o dos espazos xa clamaba ó ceo e que xa non podiamos máis, que se o podían resolver..., cando xa comentara o alcalde que o estaba solucionando, e díxenlle: ou non o pensades resolver? Díxome: "Como abstivéstesvos no Pleno anterior..." Iso é o colmo do que se está vivindo e dígollo con toda sinceridade, preocúpame.

Coido que este Pleno nos debe servir a todos de reflexión para traballar en positivo por Vigo, pero agora nos atopamos con que ás 9,20 cando se parou o Pleno, nos chega unha notificación ó grupo político de que vostedes levan un expediente moi importante fóra da orde do día. Se nese expediente traballan cinco horas máis déixase preparado o venres.

Fíxense vostedes que a primeira intención foi dicir que non o coñeciamos pero dixen que fosen buscar o expediente para miralo, que fosen ver onde estaba e o expediente non estaba en ningures, non estaba exposto ó público e vostedes saben que teñen a obriga do expoñer. Agora mesmo, cando comeza este debate, me fan entrega deste documento que este grupo non coñece e que agora non pode coñecer.

Polo tanto quérolles anunciar que nós non podemos votar porque somos responsables, porque facemos exercicio de responsabilidade co que votamos en

todo momento. Como é o último punto da orde do día ímonos erguer e fagan vostedes o que lles pareza pero non o fagan utilizando a apisoadora.
Nós queremos traballar en positivo pola cidade, traballar por Vigo cóbado a cóbado con vostedes, pero non con calumnias, con mentiras, con manipulación e coa apisoadora posta.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non vou entrar nun debate que non sexa especificamente do punto da orde do día. Teño que lamentar que o Partido Popular empece esta lexislatura única e exclusivamente buscando unha foto sen polo menos dar nin sequera a oportunidade a este goberno de que explique esta modificación.
Como logo haberá, loxicamente, outra intervención para o fondo da cuestión quero dicir sinxelamente que o noso grupo vai apoiar a urxencia desta modificación orzamentaria por dúas razóns fundamentais: primeiro, porque esta cidade non pode estar paralizada nos vindeiros meses, porque as distintas concellerías non poden estar absolutamente sen acometer nin sequera aqueles compromisos adquiridos, chámense prestacións de servizos, chámense temas contractuais, chámense contratos e convenios asinados; sería unha irresponsabilidade por parte deste goberno a paralización á que nos levaría non presentar esta modificación orzamentaria e polo tanto estamos de acordo coa urxencia fundamentada na imposibilidade real que nestes momentos teriamos de cumprir cos requisitos básicos de funcionamento normal deste Concello.

SR. LÓPEZ FONT: En principio lamento evidentemente que o Partido Popular se erguera desta sala, coido que é un desprezo á cidadanía. Un Pleno como este ten as súas normas de funcionamento e máis aló de que lles guste ou non o que se vai debater, estamos no noso dereito do presentar e sobre todo porque é unha situación que nos ven herdada e que é o anterior goberno do Partido Popular quen nos somete a que teñamos que presentar esta situación con toda a urxencia, como ben dixo a concelleira de Economía e Facenda. Outra cuestión é que non queiran admitir a situación herdada que nos deixaron no económico e sexa moi fácil erguerse dun Pleno coma este. Pero que saiban novamente que non nos están facendo o feo a nós, que saiban, como lle dicía anteriormente ó Sr. Figueroa, que o

menosprezo non é ós concelleiros que estamos aquí e que estamos gobernando. Na miña opinión o menosprezo é á cidadanía de Vigo e esta xa coñeceu, e o anterior equipo de goberno non puido rebater, que a situación económica é mala.

Como xa se argumentou, para sinxelamente poder chegaren a finais de ano, frase que entendemos todos os cidadáns, é necesario tomar medidas urxentes e precisamente por iso tivemos que traballar contra reloxo nunhas condicións de absoluta rapidez por esa situación que nos deixaron.

Polo tanto coidamos que está suficientemente xustificada a urxencia da proposta que facemos e dende aquí reafirmo que esta urxencia, aínda que non o queiran escoitar, é consecuencia dos cinco meses de xaneiro a maio de goberno da Sra. Porro e tenme que permitir que lle conteste por alusións persoais aínda que non estea ela.

Coido que todos os que puideron asistir a este Pleno e os que o vexan polos medios de comunicación daranse perfectamente conta de que o Sr. Figueroa nos estivo interrompendo permanentemente, estivo encirrándonos con comentarios e non só a min, senón a todos os concelleiros que intervimos, dalgún ou doutro xeito nos menosprezou e polo tanto eu reafírmome no que dixen Sra. Porro, aínda que non estea vostede aquí, non se pode sacar de contexto unha frase. Eu respecto a liberdade do Sr. Figueroa e de todo o mundo a expresarse democraticamente. O que dixen foi que o Sr. Figueroa actuaba libremente ó seu libre albedrío e tamén dixen anteriormente que abusando da paciencia institucional do presidente.

Polo tanto quen quixera entenderen mal que me escoite ben agora: respecto a liberdade do Sr. Figueroa, da Sra. Porro e de todos pero a respecto e fago exercicio dese respecto, cuestión que eles non fixeron con nós.

Polo tanto me parece moi ben e moi propio dese talante crispado, enfadado que tivo historicamente a Sra. Porro e que novamente nesta Corporación nos traslada de forma moi voluntariosa, que estea moi preocupada polas liortas que temos aquí; que reflexione e que lea as actas e vexa que os únicos que trouxeron crispación a este Pleno son eles.

Non intervín anteriormente por non alongar o debate pero cando se propoñen determinadas cousas sobre cuestións que non se fixeron no anterior mandato, nós non temos por que as admitir. Como ben se lles dixo anteriormente aquí cambiou o goberno e é a nós a quen corresponde facer o que estimemos. Se queren lavar a

súa conciencia do plan de parroquias ou como o queiran denominar que non fixeron, ese será o seu problema. Nós dixemos xa en campaña electoral que o Grupo Municipal Socialista non quere facer un plan ou calquera outra denominación; quere facer unha actuación integral para os cidadáns de Vigo que dunha vez por todas leve á superación das discriminacións que nesta materia, como en tantas outras, fixo o Partido Popular convertendo a uns cidadáns de Vigo de primeira división e a outros de segunda.

Polo tanto estamos no noso dereito e como o único que tentaba a Sra. Porro entendo que era desprestixiarme persoalmente e nótase que o debate desta mañá non lles foi moi ben, si quero que os cidadáns saiban o que realmente pasou, sen ese ton teatral que puxo ela na explicación coa intención xa dixen de me desacreditar. O Sr. Figueroa, cando se fixo aquí algunha mención ó tema de acordos, dedicacións exclusivas e demais, foi quen dixo que non había ningún acordo entre o Partido Popular e o Grupo municipal Socialista. Pois que saiba a Sra. Porro que tamén pasou iso no tema dos espazos.

O alcalde amosou e así llo fixo saber á Sra. Porro como voceira do Partido Popular, a mellor disposición para que conten cuns locais axeitados; fixémolo e dixémosllelo. De aí a que houbese un acordo ou a que eu lle diga que por votar eles unha cuestión se toman represalias, fago extensivo á Sra. Porro o que lle dixen ó Sr. Figueroa: non precisa que ninguén a desprestixie; desprestíxianse eles sós con ese tipo de alusións persoais. Se alguén respecta neste Pleno ós demais somos precisamente nós.

Remato argumentando dende o Grupo municipal Socialista a verdadeira urxencia desta modificación orzamentaria e polo tanto lle pido ó alcalde que a someta a votación aínda coa ausencia do Partido Popular porque non é unha necesidade dos grupos que estamos aquí, é unha auténtica necesidade de xestión para o tempo que falla e é unha necesidade da administración municipal e dos cidadáns que son ós que representamos.

A PRESIDENCIA: Eu quero manifestar primeiro que este procedemento de urxencia que se está a seguir está a cumprir estritamente e ata os seus últimos detalles a legalidade. É un procedemento establecido para situacións de emerxencia como sitúa o seu nome: “por procedemento de urxencia” e o seguimento de todos os

pasos legalmente obrigados ven avalado polo secretario do Pleno, polo interventor e polos asesores xurídicos.
Estamos polo tanto diante dun procedemento taxado e regulado polas leis que se cumpriron taxativa e de xeito milimétrico. Non hai polo tanto nin unha soa mingua da legalidade e do requirido para a toma de decisións. A voceira do Partido Popular hai un intre facía unha mención á exposición pública e ignórase por parte dos asesores legais do Pleno a que trámite se refería. Non hai por tanto nin unha soa carencia no procedemento seguido ata este momento. Logo, as acusacións de ilegalidade son falsas, por utilizaren unha verba suave.
Segunda cuestión. É manifestamente visible a urxencia de aprobar unha modificación dos orzamentos para poder proceder nesta cidade, isto é como consecuencia da situación na que nos entregan a facenda neste momento e consecuencia do esgotamento en seis meses dun orzamento previsto para un ano. Polo tanto este procedemento de urxencia vese obrigado pola situación na que nos deixan as arcas municipais. Vese obrigado para continuar un proceso de goberno e para levar adiante os compromisos que adquirimos cos cidadáns.
Hai unha razón política para isto que acaba de acontecer e como alcalde da cidade me vexo na obriga do dicir. O Grupo Popular pensaba que non iamos ser quen de acadar unha modificación orzamentaria e un pacto estable entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego e isto que hoxe facemos aquí, traer unha modificación orzamentaria acordada por dous grupos municipais e aprobada por un goberno, é unha mostra da existencia dun goberno estable, sólido e duradeiro nesta cidade.
O que acaba de acontecer é a mostra da desesperación política dos que non asumiron que os cidadáns mandaron ó Bloque Nacionalista Galego e ó Partido Socialista a gobernar esta cidade. Pois coa súa presenza ou non no Pleno e por moitas actitudes antidemocráticas que queiran ter, porque abandonar un Pleno é unha situación de extrema gravidade e profundamente antidemocrática, nós imos cumprir coa nosa obriga e imos gobernar a cidade.
Polo tanto someto a votación o expediente de urxencia presentado polo goberno municipal.

(Están ausentes os Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos catorce membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A actitude que acabamos de ver do Partido Popular deuse porque o que traemos con esta modificación orzamentaria é a mostra clara da situación que nos deixaron.

A modificación orzamentaria que eu presento e que polo tanto presentamos todos como goberno, é a máis complexa que se presentou en toda a historia do Concello de Vigo e é así porque insiste en moitas débedas, en moitos contratos e ademais está pensando non só no pasado, senón tamén no que queremos facer no futuro. Está motivada por esa situación de grande gasto orzamentario deste ano así como das débedas consumidas.

Ten catro partes claramente diferenciadas. Nunha primeira parte recóllense todas as débedas contraidas polo goberno da Sra. Porro sen dotación orzamentaria; están valoradas en máis de catro millóns de euros. Estamos recollendo todas as facturas que temos neste Concello que non podemos pagar porque non existe orzamento para poder facer fronte a todas elas.

Á parte da responsabilidade patrimonial na que puideron incorrer aqueles que autorizaron estes gastos sen cobertura orzamentaria, todas estas facturas poden ser recorridas por vía legal e se non as pagamos agora o Concello veríase minguado non só por eses catro millóns de euros, senón polo intereses de demora e máis custos porque as obras están feitas e polo tanto non podemos dicir o contrario.

Ademais destes catro millóns de euros existen tamén unha serie de contratos con empresas que prestan servizos, que non teñen a cobertura orzamentaria suficiente

para poder facer fronte ó resto do ano. O caso máis rechamante é o de Vitrasa onde o servizo só está pagado ata o mes de marzo. Xa a Intervención Xeral afirmou e díxolles que esta situación non se podía prorrogar, que era necesario facer unha modificación orzamentaria e o anterior goberno, nas cen modificacións orzamentarias que levaron a cabo nos seis primeiros meses do ano, non tiveron a consideración de introducir estas débedas. Só no caso de Vitrasa hai unha deficiencia de cinco millóns de euros valorada polos servizos correspondentes.

Pero hai máis, hai en parques e xardíns, en alumeado... En total cremos que as necesidades orzamentarias para estes conceptos de contratos con deficiencia superan amplamente os oito millóns de euros, pero como xa dixemos antes non existe un remanente de Tesourería realmente dispoñible porque con data 20 de abril xa estaba consumido de xeito oficial e deixábannos 19 millóns. Polo tanto unicamente podemos cubrir estes servizos con cinco millóns de euros e somos conscientes de que aínda nos quedan por pagar máis de tres millóns de euros e haberá que buscar outra solución cara ó fin do ano.

Existen ademais outros compromisos, convenios asinados co persoal para os que non existe tampouco nestes momentos crédito orzamentario suficiente para lles facer fronte. A Unidade de Persoal cualificou a necesidade de dotación orzamentaria para facer fronte a estes compromisos con máis de 1.600.000 euros.

Falamos xa en torno ós once millóns de euros. Estas son as obrigas contraidas polo goberno da Sra. Porro sen a suficiente cobertura orzamentaria. Pero ademais nos atopamos cun nivel de consumo orzamentario recibido a xuño de 2006 que é dun 96%. Isto deixa fóra de poder actuar cun mínimo de eficiencia a unidades como Vías e Obras ou Educación e polo tanto é necesario darlles unha certa marxe de manogra a estas unidades.

Dado que o remanente está consumido, a única forma de poder dotar maior cantidade de orzamento a estas unidades é con maiores ingresos. A cantidade máxima que puidemos obter de ingresos foi de 5,1 millóns de euros pero resulta que, como xa utilizamos remanentes para as débedas e a valoración do persoal non se pode financiar con remanente, haia que financiar tamén con parte destes 5,1 millóns de euros, o orzamento que temos para o resto do ano que se inclúe nesta modificación orzamentaria é de pouco máis de tres millóns de euros. Isto é o que realmente imos ter con esta modificación orzamentaria para gobernar.

Repito que é a modificación orzamentaria máis complexa, en total asume 14,3 millóns de euros, pero desta cantidade once millóns son para pagar as débedas que nos deixou o Partido Popular e pouco máis de tres millóns é do que dispoñemos para poder enfrontar o resto do ano. Dicir que con estes tres millóns fixemos o que non fixo o Partido Popular: considerar absolutamente a todas as áreas, a todas as concellerías, ás súas necesidades e todo tipo de necesidades de gasto, non só os correntes senón mesmo os de investimento.
Por iso digo que é a modificación orzamentaria máis complexa, en toda a vida do Concello xamais se presentou unha modificación orzamentaria deste tipo, é urxente porque cómpre dar un mínimo de gobernabilidade a esta situación e cubrir tamén esas situacións de pagos seguros que temos en canto a débedas e suficiencias de contratos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Incidir en que efectivamente esta modificación orzamentaria de crédito tiña unha necesidade absolutamente urxente no sentido de non poder asumir a paralización do Concello.
A min gustaríame dar sinxelamente algunha pincelada porque a cidadanía ten que saber que se non facemos esta modificación orzamentaria de crédito, por poñer un caso non se podería seguir mantendo o servizo de axuda a domicilio. Isto paréceme absolutamente grave e dunha irresponsabilidade absolutamente manifesta; non se podería acometer ata finais de ano o servizo de atención a domicilio.
Que lle vaian explicar isto ós homes e mulleres da nosa cidade que precisan este servizo. Estamos falando ademais dun servizo que non é un gasto superfluo, é unha necesidade de vida para moitos homes e mulleres desta cidade que non se podería acometer. Pero ademais tampouco, por exemplo, poderiamos seguir tendo algo tan importante como a reparación e mantemento dos colexios públicos, outro servizo fundamental para a nosa cidadanía.
Non me quero alongar, coido que estes dous exemplos explican moi claramente a grande necesidade e a urxencia desta modificación orzamentaria.
Hai cousas curiosas que nós temos que pagar agora aínda que non necesidades tan vitais; lémbranse vostedes da "famosa" rexeneración do campo de Balaídos, con esa urxencia? Pois está sen pagar e témolo que enfrontar. Poderiamos seguir con moitos exemplos pero non imos entrar niso.

Dicir por exemplo tamén que o evento máis importante que vai ter esta cidade no ano 2007 e que lle vai servir de promoción chamado Volta Ciclista a España, non se podería acometer o convenio da saída se non fixeramos esta modificación de crédito; e así poderiamos seguir.

Efectivamente, como dicía a concelleira de Facenda, quédannos como tres millóns de euros para as novas políticas que este goberno quere facer.

Pola nosa banda dicir que dentro deses tres millóns de euros, as áreas nas que o grupo do BNG ten responsabilidade, como nas demais áreas tamén, que ninguén teña a menor dúbida de que iremos facer un exercicio de imaxinación, de creatividade e de boa xestión; é o que nos queda. Pero non nos asusta, sabemos xestionar, ter creatividade e buscar recursos para que os mozos e mozas desta cidade segan gozando de oportunidades de lecer, para que as instalacións deportivas segan tendo o mantemento necesario, para que aquelas necesidades básicas de servizos e de benestar social segan tamén acometéndose, para que esta cidade sega avanzando no Plan de Igualdade de Oportunidades e tamén contemplaremos iso dentro dese pequeno oco orzamentario que nos deixan. Por suposto que tamén dende Cultura e dende Turismo se empezará a traballar por cousas importantes para a cidade, chámese Universiada, chámese Bicentenario, etc.

En definitiva, a herdanza que nos deixa o Partido Popular eu non a cualificaría de catastrófica aínda que si con algo máis grande pero non me ven á mente ningún adxectivo maior que ese.

O que si é certo é que dende o Bloque Nacionalista Galego queremos dar unha imaxe de absoluta tranquilidade á cidadanía. Logo da aprobación de hoxe esta cidade vai empezar ver iniciativas, actividades novas e, o que é máis importante, esta cidade vai atender xa ós compromisos ineludibles que ten e que este goberno responsable vai acometer.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que a proposta que aquí se presenta é o mellor xeito de lles dicir ós cidadáns que gobernamos para o conxunto da cidadanía de xeito eficaz e por riba de xeito rápido. Sen caer no auto-encomio coido que debemos felicitármonos os dous grupos por acadar nun tempo realmente "récord" unha modificación orzamentaria deste calibre, tan necesaria para cuestións tan básicas.

O Sr. Domínguez Olveira referíase a algunhas e eu tamén me referirei a outras, pero son moitas as que realmente comprende este documento e pódese analizar partida a partida, polo tanto este si que é un documento para gobernar esta cidade.
Ó desmiuzaren as partidas que se engloban nesta modificación orzamentaria é sorprendente ver a parte tan importante que teñen as débedas e denominamos como tales aqueles compromisos adquiridos polo anterior goberno sen modificación orzamentaria. Isto é unha realidade e por iso non é de estrañar que, posiblemente cando viran este documento legal, como dixo o alcalde tanto no seu contido como no seu procedemento, se ergueran porque evidentemente é unha contradición presentar tres mocións instando a que se realicen obras de non sei cantos millóns de euros cando a situación que posibilitaría a realización desas actuacións que eles propoñen, non tiñan anteriormente nin cabida orzamentaria nin por riba son quen de aguantar o debate político e sentarse aquí fronte ó goberno para discutir partida por partida.
Nas áreas de goberno que corresponden ó Grupo municipal socialista, se esta modificación orzamentaria non fose cara adiante, en Promoción Económica non teriamos orzamento porque o poderiamos detallar; dende a Concellería de Vías e Obras non se podería facer o máis mínimo mantemento e así sucesivamente.
Hai exemplos moi curiosos dos que presumiu o Partido Popular ata agora como é ter unha paz laboral no Concello cos traballadores en vista dos magníficos acordos asinados coa lexítima representación laboral. Pois todo tamén é fume porque tampouco había dotación orzamentaria para lle aboar ós traballadores deste Concello o que anteriormente acordaran. Así é moi fácil facer plans, acordos cos sindicatos, é moi fácil absolutamente todo pero teñen que saber os cidadáns e tamén os traballadores deste Concello que a realidade é que alegremente algúns acordan, negocian para que logo realmente teña que ser este goberno, serio e eficaz como dicía antes, quen dea solución ás cuestións presentadas.
Polo tanto, insisto novamente, o contraste é que se lles escoita reiteradamente falar dun goberno débil, de moitas cuestións, pero eu coido que a cidadanía xa ten os suficientes elementos de xuízo para se dar conta de que hai un goberno, nunha frase coloquial pero que todos entendemos, que “colle o touro polos cornos”, un goberno que se atopa cun orzamento consumido ó 96% e iso puxérono

publicamente como o mellor síntoma de xestión. Tamén en frase coloquial: “que veña Deus e que o vexa”.

Pero fronte ó desgoberno anterior, fronte a dilapidar o orzamento, este goberno actúa sen ningún interese partidista dos dous grupos que o compoñemos, sinxelamente para atender a todas as concellerías. É unha modificación orzamentaria baseada no equilibrio do goberno, que atende absolutamente a todas as débedas pendentes independentemente da concellería que sexan e atende a proxectos elementais que son necesarios de aquí ata o remate do ano.

Polo tanto, eu quero que fronte este panorama desolador dun grupo político que di que ten moitos votos e moitos concelleiros, nunha actitude que anteriormente se denominaba como irresponsable e que eu ratifico e dende aquí construtivamente lle pido ó Partido Popular que reflexione porque esta non é a mellor maneira de traballar por Vigo e así o dixen en reiteradas ocasións.

Correspóndelles deixar de gobernar porque tiveron esa oportunidade e non a utilizaron pola súa propia incapacidade e ineficacia política. Pero este goberno está demostrando en mes e medio que necesita que lle deixen gobernar e é iso o que lle corresponde ó Partido Popular e por iso que eles tamén “agarren ó touro polos cornos”, que discutan aquí connosco se as débedas que traemos foron ou non conformadas anteriormente por eles, porque o que está claro e coido que a cidadanía o pode comprobar, é que xa neste momento asumen que deixaron estas débedas e nin sequera son xenerosos cara ós cidadáns de deixar que este goberno solucione os problemas. Abéiranse en que se o presentamos dun ou doutro xeito.

Díxose moito ó longo da mañá pero en todos os sentidos este goberno respecta a legalidade e esta modificación de estrica urxencia e necesidade é outra mostra diso. Quen se queira abeirar noutro tipo de cuestións fraco favor estalle a facer á cidadanía de Vigo.

(Están ausentes os Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago

Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria núm. 110/07 por un importe de 14.311.314,08 euros, co desglose e aplicacións que figura na resolución da Alcaldía do 27 de xullo de 2007 que se transcribe nos antecedentes deste acordo, correspondendo 12.143.252,43 euros a un suplemento de crédito e 2.168.061,65 euros a un crédito extraordinario.

Segundo.- Os recursos para financiar a modificación orzamentaria confórmanse de 1.420.000 euros de maiores ingresos recadados sobre os presupostados segundo documentación que obra no expediente; 3.730.000 euros de novos ingresos derivados da liquidación da participación nos tributos do Estado e do fondo complementario de compensación correspondente ó ano 2006 e 9.161.314,08 euros do remanente líquido de Tesourería dispoñible correspondente á liquidación do orzamento do ano 2006.

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no artigo 169 do TRLRHL, o expediente someterase a exposición pública previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamación ningunha no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Quinto.- De se presentar reclamacións, estas resolveranse polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ó citado órgano.

18.- (75).- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE, O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xullo de 2007. Consta de 66 folios da serie A numerados do 1593593 ao 1593658, e números do 290 ao 355. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 24 de setembro de 2007.

Vigo, a 24 de setembro de 2007

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda